



# HÁBITOS DE CONSUMO

Perspectiva comparada e estudo específico no municipio de Vigo

Dirección: Luis Espada Recarey



Actuacións de Oficio  
VALEDOR DO CIDADÁN



Concello de Vigo



# HÁBITOS DE CONSUMO

Perspectiva comparada e estudo  
específico no municipio de Vigo



**VALEDOR DO CIDADÁN**

Actuacións de Oficio

*Dirección: Luis Espada Recarey*

## STAFF

### Dirección

Luis Espada Recarey

### Coordenador xeral

Victor Manuel Martínez Cacharrón

### Coordenador informático

Guillermo Rey González

### Coordenador temático e bibliográfico

Javier Iradiel Sánchez

### Colaboradores

Ramon Castro Gonzalez  
Damián Cuadrado Rodríguez  
Francisco J. García González  
Unai González Suárez  
Estefania Ordoñez Lopez  
Judit Ordoñez Lopez  
Irasema Ordoñez Lopez  
Elías José Outes Rey  
Iago Pozo Antonio  
María Teira Rivas

### Deseño e maquetación

Diego Durán

### Imprime

Roel Artes Gráficas

### ISBN

978-84-695-7342-6

### Dep. Legal

VG 204-2013

Oficina do Valedor do Cidadán  
R. Policarpo Sáenz, 15 4º  
Casa das Artes - 36202 VIGO  
Tel: 986 430 047  
Fax: 986 227 774  
e-mail: [valedordocidadan@vigo.org](mailto:valedordocidadan@vigo.org)  
web: <http://hoxe.vigo.org/oconcello/valedor>

# ÍNDICE

<b>INTRODUCCIÓN</b> .....	7
<b>PARTE I - O CONSUMO E A PRODUCCIÓN SUSTENTÁBEL NA EUROPA</b> .....	9
<b>1. INTRODUCCIÓN</b> .....	9
<b>2. CONSUMO DE ENERXÍA</b> .....	13
<b>3. CONSUMO DE AUGA</b> .....	17
<b>4. XERACIÓN DE RESIDUOS</b> .....	20
4.1 A política comunitaria europea de xestión de residuos .....	20
4.2 A focaxe do ciclo de vida.....	21
4.3 Xerarquía de residuos.....	21
4.4 Consellos para producir menos residuos .....	27
<b>5. CONSUMO RESPONSÁBEL</b> .....	29
5.1 Medidas de actuación.....	30
<b>PARTE II - ENQUISA EUROBARÓMETRO 256: ACTITUDE DOS EUROPEOS RESPECTO AO CONSUMO E A PRODUCCIÓN SUSTENTÁBEL</b> .....	33
<b>1. PRINCIPAIS RESULTADOS GLOBAIS</b> .....	34
<b>2. RESULTADOS POR TEMÁTICAS</b> .....	34
2.1 Etiqueta ecolóxica. Percepcións xerais .....	34
2.2 A etiqueta ecolóxica da UE.....	35
2.3 Afirmacións por parte das empresas e produtores sobre o comportamento ambiental dos seus produtos.....	35
2.4 Promoción de produtos respetuosos co ambiente.....	35
2.5 Relación entre o impacto ambiental e os hábitos de consumo .....	35
2.6 O impacto ambiental dos produtos comprados ou utilizados .....	37
2.7 Compra de produtos de alta eficiencia enerxética .....	41
2.8 A etiquetaxe ecolóxica. Percepcións xerais .....	42
2.9 Informacións fornecidas nas etiquetas ambientais.....	44
2.10 A Etiqueta Ecolóxica da UE.....	47
2.11 Consideracións finais.....	48
<b>3. REFLEXIÓN XERAIS UNIÓN EUROPEA - ESPAÑA</b> .....	49

<b>PARTE III - HÁBITOS DE CONSUMO NA EUROPA</b> .....	53
<b>1. INTRODUCCIÓN</b> .....	53
<b>2. ENERXÍA</b> .....	53
<b>3. AUGA</b> .....	56
<b>4. RESIDUOS</b> .....	58
4.1 A focaxe da UE con respecto aos residuos .....	58
4.2 A focaxe do ciclo de vida.....	59
<b>5. PRODUCTOS QUE FOMENTAN A SUSTENTABILIDADE</b> .....	62
<b>PARTE IV - ENQUISA SOBRE BOAS PRÁCTICAS AMBIENTAIS Á CIDADANÍA VIGUESA</b> .....	65
<b>1. METODOLOXÍA</b> .....	65
1.1 Método de recompilación de datos e fontes .....	65
1.2 Escala de valoración.....	65
1.3 Ficha técnica.....	66
<b>2. INFORME DE RESULTADOS</b> .....	67
2.1 Caracterización dos suxeitos .....	67
2.2 Resultados globais .....	69
2.3 Resultados por zonas.....	78
2.4 Comparativa enquisa 2007 e 2012 .....	83
2.5 Comparativa entre Vigo, UE e España .....	86
<b>3. TENDENCIAS OBSERVADAS</b> .....	87
3.1 Caracterización dos suxeitos .....	87
3.2 Análise dos resultados da enquisa .....	88
3.3 Comparativa enquisa 2012-2007.....	115
3.4 Comparativa entre Vigo, a UE e España.....	118
<b>CONCLUSIÓN</b> .....	121
<b>1. SOBRE AS ENQUISAS DO EUROBARÓMETRO</b> .....	121
<b>2. SOBRE A OPINIÓN DA CIDADANÍA VIGUESA</b> .....	124
2.1 Enquisa sobre hábitos de consumo 2012.....	124
2.2 Comparativa enquisa hábitos de consumo 2012 - 2007 .....	128
2.3 Comparación Vigo - España .....	130
<b>ANEXOS</b> .....	133
<b>A1. Cuestionario aplicado</b> .....	133
<b>A2. División do municipio de Vigo por distritos e zonas</b> .....	136
<b>BIBLIOGRAFÍA</b> .....	138

## INTRODUCCIÓN

A enquisa de Lares e Ambiente publicada polo Instituto Nacional de Estatística (INE) representa unha ferramenta moi útil á hora de comprender os hábitos de consumo da sociedade española.

Esta enquisa demostra que o consumo de auga é unha das preocupacións dos españois e que se tenta tomar medidas respecto diso. O 96,9% dos lares toma algunha medida para aforrar auga como demostran os datos que indican que de 8 en cada 10 úsanse as máquinas de lavar e lavalouza a plena carga (81,9%) ou que o 86,6% das familias desconxela con antelación a comida para evitar facelo utilizando auga. Outras medidas que se toman nas vivendas españolas e que reducen o uso do auga corrente son, por exemplo, colocar unha garrafa de auga no frigorífico para tela sempre fresca (64,2%), colocar un cesto dos papeis no cuarto de baño para non utilizar o retrete como balde de lixo (54,7%), encher a pía antes de lavar a louza (38,8%), diminuír o caudal das billas (30,8%) e reciclar a auga (22,9%).

Existen diferenzas no relativo ao uso da auga como demostra o feito de que nas Comunidades Autónomas con déficit de auga tense máis en conta o reciclado da mesma e que nos lares de maior tamaño dedícanse máis esforzos por reducir o consumo. Os datos indican que o 73,1% dos lares conta cun dispositivo economizador de auga, o 65,6% conta con algunha billa monomando ou termostática, o 34% dispón de limitadores de descarga do autoclismo e o 17% ten instalado outros tipos de dispositivos.

En España, as fontes de enerxía máis utilizadas son a enerxía eléctrica, dispoñíbel en practicamente todos os lares, e despois os gases licuados do petróleo (butano, propano...), dispoñíbeis no 42,1% das vivendas, o gas canalizado (40,5%) e os combustíbeis líquidos como o gasóleo (12,5%). A principal fonte de enerxía en capitais de provincia e municipios con máis de 100.000 habitantes é o gas canalizado (56,8%).

O gas utilizado no 32,3% das vivendas españolas, sobre todo nas rexións máis frías e húmidas, mentres que o 18,6% utiliza sistemas de refrixeración é tamén o responsábel pola grande parte do consumo xeral de enerxía e, en concreto, o ar condicionado está presente no 35,5% dos lares de España, sendo a zona mediterránea e outras zonas de maior calor no verán onde estes sistemas están en funcionamento con máis frecuencia. A enquisa de Lares revela que o 15,3% dos lares non apaga a calefacción durante a noite e o 8,7% non a apaga apesar de se ausentar máis dun día do domicilio. Outros datos indican que o 43,9% dos lares usa a calefacción de 3 a menos de 6 meses, o 37,2% dun a menos de 3 meses, o 8,9% menos dun mes ao ano e o 8,5% utilízaa durante máis de 6 meses. A temperatura media da calefacción nos lares é de 21,3 graos durante o día e a temperatura media do ar condicionado é de 22,3 graos.

No que se refire á iluminación, o 85,5% dos lares conta con algún tipo de lámpada de baixo consumo, o 66,1% deles ten polo menos un tubo ou luz fluorescente e un 67,1% conta con algunha lámpada de baixo consumo, incluídas as haloxéneas. Só o 16,1% destes lares ten todas as luces das habitacións de baixo consumo e, o 52,8% unicamente nunha parte. Outro dato interesante é que o 41,5% das vivendas fai uso do modo Stand By, que é o consumo en espera de diferentes aparellos electrónicos e que é tamén o responsábel polo consumo non necesario de enerxía.

Así mesmo, analisouse nesta enquisa a eficiencia enerxética dos electrodomésticos máis comúns, tendo en conta que practicamente todos os lares contan con refrixerador e máquina de lavar, o 88,3% dispón de forno, o 43,5% lavalouza e o 21,6% de máquina de secar roupa independente. O 45% das persoas que teñen forno afirma non coñecer a súa cualificación enerxética e máis do 35% recoñece non saber o nivel de eficiencia do resto de electrodomésticos.

Segundo os datos, 3 en cada 4 lares separa vidro, papel e envases de plástico e metálicos para depositalos nun punto específico de recolla. Outros produtos que se reciclan e que se eliminan nun punto específico son as pilas e baterías pequenas (o 72,3% dos fogares), os medicamentos (69,5%), os produtos químicos (21,1%), os aparellos eléctricos, electrodomésticos e computadores (65,9%), os teléfonos móbeis (35,6%), os móbeis e utensilios domésticos (65,2%), os entullos e restos de obras (43,7%), os aceites de cociña (24,0%), os tubos fluorescentes (19,9%), e a roupa e calzado (56,0%).

Finalmente, o transporte é tamén obxecto de análise xa que as emisións que producen os coches son moi poluentes do ambiente . Só o 21,7% dos cidadáns afirma usalo contra o 45,3% que se despraza no seu coche ou moto. O 30,3% vai a pé e o 1,3% en bicicleta. O transporte público máis usado é o autobús (14,7%) e no transporte privado é o coche (43,2%).

Esta introdución, a xeito de prólogo, serve para abordar o tema obxecto deste estudo que se relaciona co consumo sustentábel, isto é, os hábitos de cidadanía sobre o consumo de enerxía, auga, xeración de residuos e consumo responsábel (comercio xusto, agricultura e gandaría ecolóxica,...).

Son analisados separadamente estes hábitos a nivel europeo e con especial incidencia no ámbito de España a modo dunha perspectiva comparada para, finalmente, estudar de forma específica o comportamento da cidadanía viguesa através dunha enquisa e a súa evolución nos últimos anos.



# PARTE I

## O CONSUMO E A PRODUCCIÓN SUSTENTÁBEL NA EUROPA

### 1. INTRODUCCIÓN

O comportamento dos consumidores, en xeral, está influenciado por multitude de elementos como factores demográficos, salarios e prezos, tecnoloxía, a industria, políticas e infraestruturas así como por factores sociais, culturais e psicolóxicos.

As actividades de produción que teñen lugar nos sectores económicos como o sector enerxético, a agricultura, o transporte e a industria son responsábeis directos da maioría dos impactos ambientais causados pola economía.

O consumo provoca as principais agresións ambientais que teñen lugar a raíz do uso de produtos e servizos como, por exemplo, conducir un coche ou quentar unha vivenda con combustíbeis fósiles. Por outro lado, tamén son significativos os impactos ambientais creados ao longo da cadea de produción dos bens ou servizos que se consomen e que inclúen, entre outros, a comida, a roupa, a mobilia ou a electricidade. Estes efectos, tanto directos como indirectos, son os responsábeis conxuntamente das agresións ambientais que provocan o aquecemento global, a perda da biodiversidade, o selado e desabamento de terras e a contaminación atmosférica e da auga. Na Europa, o aumento da proporción de bens consumidos que son importados fixo aumentar a proporción de impactos ambientais que se producen noutras partes do mundo e isto provoca que o consumo en Europa estea ligado aos ecosistemas do resto do mundo.

A cuarta área sería o turismo que ten un gran índice de impacto ambiental tanto na Unión Europea como no resto do mundo. A principal razón que provoca que o consumo afecte dun xeito tan directo e negativo ao ambiente e que produza a sobreexplotación dos recursos naturais reside no feito de que os custos para a sociedade que provoca a degradación ambiental e a explotación dos recursos non se ve reflectida no prezo dos produtos e servizos e, polo tanto, moitos produtos son relativamente baratos a pesar de supor un efecto nocivo importante para o ambiente, os ecosistemas e a saúde humana.

Isto converteuse nun motivo de preocupación a nivel mundial e son varios os países e as organizacións que están a promover a conscienciación cidadá e están a desenvolver políticas encamiñadas a minimizar estes impactos xerados polo consumo privado dos lares.

Resulta moi indicativo que se o resto do mundo adoptase o modo de vida europeo, serían necesarios os recursos de dous planetas para soportar ese ritmo, aínda que hai que referir que durante a última década producíronse varias tendencias esperanzadoras no ambiente: as emisións de gas de efecto invernadoiro reducíronse, aumentou a porcentaxe de uso de enerxías renovábeis e os indicadores da contaminación do ar e da auga mostran melloras ao longo de toda Europa, aínda que isto non se traduciu aínda nunha mellora da calidade do ar e da auga. Reduciuse o uso de materiais e a xeración de residuos e aínda que segue aumentando o consumo de materiais e de electricidade, así como a xeración de residuos perigosos, polo menos non o fai ao mesmo ritmo que o crecemento económico. Tamén diminuíu o consumo de enerxía final e aumentou a cantidade de residuos que se reciclan. Reducíronse as emisións contaminantes e melloráronse as pautas de produción das empresas, ligadas á responsabilidade social empresarial, e a produción agrícola avanzou cara a prácticas máis sustentábeis. Durante o período 2000-2007 aumentou o consumo interno de materiais debido, entre outros motivos, ao aumento da extracción de recursos nacionais e das importacións. A capacidade de compra dos cidadáns aumentou no mesmo período aínda que se reduciu en 2008 e 2009 debido á crise económica. Parece existir unha tendencia cara á redución progresiva do tamaño dos lares e isto contribuíu para aumentar o consumo de electricidade nas casas. Finalmente, tampouco diminuíu o volume de coches por cada 1000 habitantes senón que creceu aínda que non tan rápido como no período 1990-2000.

Tendo estes datos en conta, a Comisión Europea presentou en 2008 o Plano de Acción sobre Consumo e Produción Sustentábeis e unha Política Industrial Sustentábel co obxectivo de contribuír para a melloría ambiental no desenvolvemento de produtos e aumentar a procura de bens e tecnoloxías de produción máis sustentábeis. Este plano tamén estaba dirixido a promover a posibilidade de innovar por parte da Industria Europea.

Como referido anteriormente, outros organismos internacionais tamén publicaron estudos para fomentar o consumo sustentábel en diferentes países. A OCDE publicou dous relatorios que teñen como tema principal o consumo sustentábel:

- *Household behaviour and the Environment - reviewing the evidence.*
- *Promoting Sustainable Consumption: good practices in OECD countries.*

As Nacións Unidas tamén se fixeron eco deste problema e publicaron diversos documentos como:

- *Assessing the Environmental Impacts of Consumption and Production: Priority Products and Materials.*

- *Trends in sustainable development: Towards Sustainable Consumption and Production.*
- *Paving the way to Sustainable Consumption and Production.*

### **Plano de Acción sobre Consumo e Produción Sustentábeis e unha Política Industrial Sustentábel**

Co propósito de conseguir un aumento da procura de mercadorías e tecnoloxías de produción máis sustentábeis, a Comisión Europea propón un conxunto de medidas destinadas a apoiar a aplicación, na Unión Europea e a escala internacional, dunha política dirixida a fomentar a produción e o consumo de produtos respetuosos co ambiente. Proponse a implementación dunha serie de normas dirixidas a mellorar o comportamento enerxético e ambiental dos produtos ao longo da súa vida útil, e a fomentar a demanda e o consumo de produtos de mellor calidade.

Estes obxectivos pódense lograr mediante:

- O alargamento do campo de aplicación da Directiva sobre deseño ecolóxico dos produtos que consomen enerxía para que inclúa todos os produtos relacionados coa enerxía; isto é, todos aqueles que teñan unha incidencia sobre o consumo de enerxía durante o seu uso (marcos das xanelas, billas, etc.);
- O alargamento do campo de aplicación da Directiva sobre etiquetaxe enerxética para que abranxa unha gama de produtos máis ampla;
- A revisión do Regulamento sobre a etiqueta ecolóxica para simplificar e racionalizar o seu proceso de obtención e aumentar o número de produtos aos que se aplica;
- A promoción da contratación pública ecolóxica, ofrecendo orientación ás autoridades públicas e proporcionándolles ferramentas para que as súas prácticas neste ámbito sexan máis respetuosas co ambiente;
- Medidas de fomento para reducir a pegada ecolóxica do sector da distribución e da súa cadea de fornecemento e para promover a fabricación de produtos máis sustentábeis e informar mellor ao consumidor.

### ***Unha produción que consuma menos recursos***

A pesar de existir un cadro normativo que rexe os procesos de produción, sobre todo no tocante ás emisións industriais e ao réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, a Comisión considera que os procesos de produción respetuosos co ambiente e enerxeticamente eficientes precisan dun novo impulso. Para iso, actuará nestes tres campos:

- Mellorar a eficiencia do uso de recursos (xerar máis valor con menos recursos);
- Favorecer a innovación ecolóxica;
- Reforzar o potencial ambiental da industria coa revisión do Regulamento EMAS (sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais), elaborando políticas industriais que favorezan ás industrias ambientais e axudando ás pequenas e medias empresas (PME) a aproveitar as oportunidades comerciais no ámbito do ambiente e da enerxía.

### ***Actuación a escala mundial***

Tamén se emprenderán accións a escala mundial:

- Fomentar as boas prácticas de produción e consumo sustentábeis no ámbito internacional;
- Favorecer o comercio internacional de produtos e servizos respetuosos co ambiente;
- Promover formulacións sectoriais en negociacións internacionais sobre a mudanza climática.

### ***Contexto***

O Plano de Acción insírese dentro da estratexia da Unión en favor do desenvolvemento sustentábel e do programa comunitario de Lisboa para 2008-10 no que a promoción dunha política industrial orientada para un consumo e unha produción máis sustentábeis constitúe un dos seus principais eixos. A Comisión avaliará os progresos realizados e informará sobre a aplicación das iniciativas propostas en 2012.

Co propósito de coñecer de forma directa as pautas de comportamento dos consumidores e analizar a actitude dos europeos respecto de este tema, a Comisión Europea levou a

cabo distintas enquisas do Eurobarómetro que serven para recompilar informacións respecto ao grao de coñecemento da cidadanía sobre o consumo sustentábel e a disposición dos consumidores a adoptaren pautas de consumo responsábel. En concreto, a Enquisa Eurobarómetro 256 "Actitude dos europeos respecto ao consumo e a produción sustentábeis" realizada no ano 2009 resulta moito interesante xa que achega informacións moi valiosas sobre os axentes que inflúen nos parámetros de consumo actuais dos europeos e a repercusión no ambiente dos produtos que compramos.

Outras enquisas máis recentes e de igual interese, publicadas durante o ano 2011, son a enquisa Eurobarómetro 365 "Actitude dos cidadáns europeos cara ao ambiente" e a enquisa Eurobarómetro 316 "Actitude dos europeos a respecto da eficiencia de recursos" cuxa información constitúe unha ferramenta imprescindible no planeamento de políticas dirixidas a promover as boas prácticas ambientais e os hábitos de consumo sustentábeis no conxunto da sociedade europea.

## 2. CONSUMO DE ENERXÍA

Na Europa, segundo o estudo "Ambiente e Consumo" publicado durante o ano 2012 pola Axencia Europea do Ambiente, as emisións de CO<sub>2</sub> provocadas polo uso de enerxía nos edificios representan aproximadamente o 25% das emisións de gas de efecto invernadoiro derivado do consumo de enerxía na UE-27 en 2009. Aproximadamente metade destas emisións é emitida directamente polas vivendas debido á queima de combustíbel e o resto é emitido directamente polo uso da electricidade e os sistemas de aquecemento centralizados. O aquecemento das distintas estancias supón o 68% do consumo de enerxía total das vivendas na UE-27, seguida pola enerxía dedicada ao aquecemento de auga, aos electrodomésticos e á iluminación.

Existen grandes diferenzas no que se refire ao consumo total de enerxía por persoa e espazo nas vivendas europeas. Estas diferenzas están causadas por distintos factores como patróns de consumo, clima, eficiencia enerxética dos edificios, tipos de sistemas de aquecemento e prezo da enerxía.

Algúns dos datos deste estudo indican que o consumo final de enerxía nas vivendas por persoa nos Estados membros da UE-27 reduciuse nun 0,6% entre os anos 2005 e 2010. Con todo, o consumo de electricidade por persoa nas vivendas aumentou un 2,5% entre os anos 2005 e 2010, con incrementos de máis do 20% en Bulgaria, Estonia, Letonia, Lituania, Romenia e Turquía.

O consumo total de enerxía dedicada ao aquecemento das distintas estancias aumentou de forma xeral entre os anos 1990 e 2000, aínda que, desde entón, foi diminuíndo. Tamén

a eficiencia enerxética das vivendas mellorou considerabelmente desde o ano 2000, mais este efecto foi contrarrestado polo aumento do espazo para a persoa na vivenda.

Como resultado, produciuse un incremento do consumo global de electricidade por vivenda dedicada principalmente á iluminación e aos electrodomésticos. Os principais motivos que provocaron este aumento no consumo de electricidade débense ao maior número de electrodomésticos que se atopan nas casas actualmente e que inclúen equipos de televisión, lavalouza, equipos electrónicos de información e comunicación e unha crecente demanda de aparellos tecnolóxicos de ar condicionado e refrixeración, especialmente nos países mediterráneos. Este incremento débese, en parte, ao aumento de vivendas e ao aumento da capacidade de compra dos europeos. Alén diso, os aparellos eléctricos e os equipamentos de información e comunicación costuman ter un nivel maior de enerxía consumida en modo *Standby* que é o responsábel aproximadamente do 6% do consumo total da electricidade nos lares. Apesar de existiren diferentes opinións sobre o impacto ambiental dos lares, a verdade é que existe un consenso xeral en que o uso da enerxía é un dos maiores contribuíntes aos impactos ambientais globais na Unión Europea. A maior parte das agresións ao ambiente prodúcense pola enerxía utilizada mentres a vivenda está en uso e por volta dunha quinta parte durante a construción da vivenda. Máis dun terzo do material que se utiliza na Unión Europea está dedicado á vivenda, o cal ten consecuencias negativas na terra e na biodiversidade, sobre todo no que se refire á actividade mineira e á eliminación de entullos. Aínda que cada vez máis se reciclan os residuos xerados pola construción, a cantidade reciclada só substitúe unha pequena fracción do material necesario para a construción. A modo de exemplo, un estudo realizado na Dinamarca demonstra que aínda que o 90% dos materiais de construción son reciclados, isto só contribúe ao redor do 6% dos materiais que son usados nas novas construcións.

O tipo de vivenda ten consecuencias importantes relativamente ao uso de enerxía, ao consumo de materiais e ao solo. Mesmo a viabilidade económica deste tipo de vivendas unifamiliares vese reducida así como a eficiencia técnica dos sistemas de aquecemento urbano e de transporte público. Apesar destes feitos, de acordo cos datos proporcionados grazas ao proxecto europeo sobre eficiencia enerxética Odyssee de 2009.

Está previsto que esta tendencia decrecente no número de persoas nas vivendas europeas continúe até 2020, o que implicaría un aumento da procura do espazo habitábel por persoa. De resto, xunto ao relativo aumento da poboación previsto para o futuro en Europa, estes factores fan pensar que irá aumentar a área total destinada á vivenda e con iso, o incremento da procura de enerxía asociada aos sistemas de aquecemento e refrixeración así como o uso de materiais, a non ser que a eficiencia nos sistemas de enerxía e de materiais contrarreste estes efectos. De todos os xeitos, a recesión económica no territorio europeo provoca certa inestabilidade nesta formulación xa que o mercado da

vivenda viuse duramente afectado e se os salarios non crecen con tanta rapidez ou mesmo sofren reducións, a capacidade de compra da vivenda verase significativamente afectada.

Sexa como for, a Axencia Europea do Ambiente anunciou durante o ano 2009 que en Europa se espera un rápido aumento na compra e uso de aparellos eléctricos, incluíndo televisións e sistemas de comunicación e información. Os equipamentos de recepción, decodificación, e procesamento interactivo da radiodifusión dixital aumentarán a medida que se vaian implantando este tipo de tecnoloxías. Como resultado, espérase un importante aumento no consumo de electricidade dos lares a non ser que se establezan medidas significativas que fomenten a eficiencia enerxética.

As vivendas e outros edificios teñen un enorme potencial para conseguir un importante aforro de enerxía. Tamén se desenvolveron campañas como a Campaña Europea de Enerxía Sustentábel que comezou en 2005 e finalizou a 31 de decembro de 2011. A UE e outros Estados membros implementaron unha serie de medidas para explorar esta potencial capacidade de aforro enerxético. En conxunto, estas medidas son:

- Plano de acción para a eficiencia enerxética (EC, 2006)
- Directiva sobre Deseño Ecolóxico para os aparellos que utilizan enerxía (2009/125/EC)
- Directiva sobre a eficiencia enerxética dos edificios (2010/31/EU)
- Directiva sobre a eficiencia do uso final da enerxía e os servizos enerxéticos (2006/32/CE)
- Directiva da etiquetaxe enerxética (2010/30/EU)
- Acordo renovado para a aprobación do regulamento sobre o uso da etiqueta *Energy Star* na Europa.

Aínda que estas directivas recollen outros aspectos, para alén da eficiencia enerxética, na práctica utilízase principalmente para establecer criterios de rendemento eficiente da enerxía. Xa que logo, parece existir unha oportunidade de programar, no futuro, o deseño dos produtos cara a unha dirección máis sustentábel como, por exemplo, establecendo criterios sobre a súa reparación ou mellora para previr a xeración de residuos.

Esta Directiva vese complementada pola recentemente revisada Directiva de etiquetaxe enerxética e polo regulamento sobre a Etiqueta Ecolóxica. Con todo, actualmente as

mellorías conseguidas na eficiencia enerxética dos aparellos son contrarrestadas co aumento na compra destes produtos e o seu uso.

Países como Finlandia, Italia e Suecia xa introduciron amplamente os contadores intelixentes para a electricidade. Outras experiencias derivadas de estudos piloto realizados en Estados Unidos revelan que os contadores intelixentes poden ser máis efectivos combinados con sistemas de comunicación intelixentes, isto é, aparellos que miden a eficiencia dos lares en relación aos seus veciños en casas similares e que se acompañan con recomendacións personalizadas sobre o uso de enerxía. Tamén a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE) se fixo eco desta problemática e desenvolveu enquisas e estudos co obxectivo, entre outros, de aumentar o coñecemento do comportamento dos consumidores respecto ao uso da enerxía no ámbito habitacional, xa que isto resulta esencial para deseñar políticas que promovan o uso eficiente da enerxía e o uso de enerxías renovábeis.

O aumento mundial da enerxía, incluíndo a dedicada ao sector residencial, está incrementando a presión social sobre o ambiente e é un aspecto chave no combate á mudanza climática. Os resultados que se tiran da enquisa *"Greening Household Behaviour: The Role of Public Policy"* (OECD, 2011) demostraron o impacto que teñen as medidas de carácter económico no comportamento dos consumidores.

Tamén a sensibilización cos problemas ambientais parece ter un efecto positivo, o que subliña a importancia da información ao cidadán. Os sistemas de medición de enerxía ou contadores de enerxía inducen, alén diso, a unha maior instalación de equipos de aforro enerxético e os resultados mostran que os propietarios das casas interézanse máis que os inquilinos en investir en sistemas de illamento térmico e en electrodomésticos de alta eficiencia enerxética. Finalmente, a enquisa demostra que a actitude xeral respecto ao ambiente influencia en grande medida a procura de enerxía renovábel aínda que os resultados de estudos anteriores confirman que os propietarios dos lares non están prontos a pagar de máis polo uso de enerxía renovábel.

Como referido anteriormente, a mobilidade e o transporte constitúen outro dos campos nos que a actividade humana afecta de forma negativa ao ambiente e é un feito demostrado que os europeos se moven rápido e con máis frecuencia que nunca. Aínda que existen variacións entre países, o certo é que hai previsións de que esta tendencia crecente se manteña no futuro. Non todos os medios de transporte experimentaron unha evolución similar. O transporte en coche persiste como o principal medio de transporte cun 72% de quilómetros viaxados por pasaxeiro en 2008 na UE-27. Outro factor que explica estes datos é a mellora nas infraestruturas e, en particular, nas autoestradas. Consoante datos proporcionados por Eurostat, durante o período 1995-2005 a rede total de transporte na



UE-27 creceu un 3% mentres que o comprimento das autoestradas aumentou un 47%. Outro factor que explica esta situación é o prezo dos diferentes modos de transporte. A implementación de taxas e outras cotas pode ser unha ferramenta moi útil para promover a mudanza para medios de transporte máis sustentábeis. Mentres que o custo da maioría dos medios de transporte aumentou considerabelmente na última década, os prezos no transporte aéreo e na compra de vehículos sufreron incrementos menores. O problema é que o transporte xera impactos ambientais como son a contaminación do ar, xeración de residuos, mudanza climática, contaminación sonora, deterioro de ecosistemas e selado do solo como resultado da construción de estradas, aeroportos, etc. Aínda que a eficiencia nos combustíbeis para a maioría dos coches mellorou progresivamente durante as últimas décadas, estas melloras foron contrarrestadas polo aumento da procura de viaxes en coche privado na UE -27.

Implementouse unha serie de políticas que teñen como obxectivo reducir os impactos ambientais como regulacións sobre os límites de velocidade, normas de eficiencia de combustíbel, instrumentos económicos como pago de taxas en coches e carburantes, gravames por conxestión ou aumento do prezo por estacionamento e instrumentos relativos á información sobre o consumo de carburante e as emisións de CO<sub>2</sub> de vehículos novos e tamén campañas de educación como cursos de conducción ecolóxica. Estas medidas son máis efectivas cando se aplicaren cunha combinación adecuada e de forma que se complementen unhas a outras en lugar de ser utilizadas de forma individual.


### 3. CONSUMO DE AUGA

O estudo *Consumption and the environment-2012 update*, que fai parte e constitúe a actualización do Informe "O medio ambiente en Europa: Estado e perspectivas 2010" publicado pola Axencia Europea do Ambiente, proporciona datos moito interesantes sobre o consumo de auga na Europa. De acordo con este informe, a media de litros de auga corrente que utiliza unha persoa por día na maioría de países europeos é de ao redor de 100-200 litros. Alén diso, se sumarmos a cantidade de auga que se acha en produtos como a comida, o papel, a roupa de algodón, esta cifra é a miúdo entre 10 e 20 veces superior.

O consumo de auga nos lares pode verse influenciado de forma moi efectiva polo prezo e polos dispositivos contadores de auga. Neste sentido, segundo datos de 2009, a instalación deste tipo de contadores alcanzou niveis moi altos nos Estados membros da Unión tal e como require a Directiva-Cadro do Auga (2010).

No seguinte gráfico pódese observar como se foi reducindo o consumo de auga nos lares a medida que aumentaba o prezo.

### Tarifificación da auga e consumo de auga nos lares de España.



Fonte: Axencia Europea do Ambiente.

É un feito indiscutíbel que a cantidade e a calidade da auga dispoñíbel na Europa é un tema importante que preocupa á sociedade. Nos últimos anos houbo melloras substanciais como a diminución dos niveis de fósforo e contaminación orgánica na auga así como a mellora significativa das augas de baño. Con todo, apesar destes progresos, a calidade e cantidade de auga aínda resulta un problema debido a que nalgúns países os niveis de nitratos en augas subterráneas son superiores aos límites recomendados e os cálculos indican que unha grande proporción dos sistemas de auga doce europeos están en risco de non poder proporcionar auga de boa calidade para o ano 2015.

Esta enquisa tamén confirma que os principais problemas ecolóxicos que preocupan en maior medida aos cidadáns son, en primeiro lugar, os desastres naturais causados polo home (42%), e en segundo lugar, a contaminación da auga cunha porcentaxe do 41% de respostas recollidas.

En xeral, a opinión máis estendida é que nos últimos dez anos a calidade da auga subterránea, ríos, lagos e augas costeiras mellorou (opinión reflectida por un 23%) ou se mantén igual (25%), mentres que case metade dos inquiridos (44%) pensa que se deteriorou.

Tamén se analizou o impacto de varios factores sobre o estado do auga. O 90% dos entrevistados considera que o uso de pesticidas e fertilizantes na agricultura e o consumo de auga nos lares e as augas residuais xeran un impacto tanto na calidade como na cantidade da auga. En comparación cos datos de 2009, hai unha maior tendencia a pensar que o consumo de auga nos lares provoca un impacto e máis persoas achan agora que o turismo ten consecuencias nas condicións da auga no seu país. En 2009, a porcentaxe de persoas que

pensaban que o consumo de auga nas casas tiña repercusións no estado da auga en xeral era de 85%. En 2012, esta porcentaxe aumentara en 5 puntos. O mesmo ocorre coa porcentaxe de persoas que pensan o mesmo sobre os efectos do turismo na auga do seu país, que en 2009 rexistraba unha porcentaxe do 55% e en 2012 alcanza o 62%.

Existe unha preocupación global sobre o risco potencial na saúde humana e os impactos ambientais provocados por substancias químicas nos produtos dirixidos aos consumidores, en particular os compostos orgánicos bioacumulativos, substancias químicas que provocan alteracións endócrinas, e os metais pesados utilizados en plásticos, lubricantes, téxteis, cosméticos, corantes, produtos ignífugos, produtos protectores da madeira, artigos electrónicos ou nalgúns envases alimentarios. Estímase que a exposición a estes produtos químicos podería estar asociada con problemas como deficiencias no desenvolvemento neuronal e no comportamento sexual, deformidades dos órganos reprodutores, obesidade e cancro. Moitas destas sustancias químicas que conteñen estes produtos poden filtrarse facilmente e aparecer no ambiente, por exemplo no ar das zonas urbanas, poeira en espazos interiores, augas residuais, sedimentos, etc., e, nalgúns casos, con niveis suficientemente elevados como para representar un problema de saúde.

Polo menos 8 en cada 10 europeos (84%) acha que a polución por substancias químicas representa unha ameaza para o ambiente acuático e 4 en cada 10 consideran tamén as inundacións (46%), a escaseza de auga (45%) e a proliferación das algas como unha ameaza para a auga en xeral. En comparación co estudo de 2009 producíronse algunhas mudanzas nas opinións reflectidas como, por exemplo, o aumento da proporción de persoas que percibe a contaminación química como unha ameaza en case todos os países. Esta proporción aumentou de forma considerábel no Chipre (ata 30 puntos), a República Checa (25 puntos), Portugal e os Países Baixos (20 puntos) e diminuíu na Hungría (5 puntos) e na Irlanda (3 puntos), permanecendo igual na Estonia. En case todos os países a contaminación química é a ameaza máis percibida para o ambiente acuático aínda que con diferentes proporcións.

Como se referiu anteriormente, a maioría dos europeos non se considera ben informado sobre os problemas que teñen a ver co estado das augas subterráneas, lagos, ríos e augas costeiras nos seus países e por volta de 3 cuartas partes dos inquiridos (73%) acha que a Unión Europea debería propor medidas adicionais para abordar os problemas relacionados coa auga. Con todo, existe un nivel de coñecemento baixo sobre iniciativas como o "Proxecto para salvagardar os recursos hídricos da UE" (*Blueprint to Safeguard Europe's Water Resources*) e os Planos de Xestión de e Bacía Fluvial.

Os entrevistados foron preguntados se coñecían as accións que estaba a levar a cabo a Unión Europea con vistas a publicar unha nova estratexia nos finais de 2012 sobre a

política da auga, como o “Proxecto para salvagardar os recursos hídricos da UE”. A maioría (93%) afirmou non coñecer esta iniciativa contra o 7% restante. Os Planos de Xestión de Bacía Fluvial foron adoptados por unha gran cantidade de países europeos aínda que en catro Estados membros aínda se acha en proceso (Portugal, España, Bélxica e Grecia).

## 4. XERACIÓN DE RESIDUOS

A medida que a sociedade europea continuou o seu desenvolvemento económico e social, ao mesmo tempo foise incrementando cada vez máis a cantidade de residuos e lixo xerado. Por isto, resulta fácil entender que a xestión de todo este material sen danar o medio ambiente tornouse nun dos maiores problemas da sociedade actual. As lixeiras non só ocupan un espazo natural cada vez máis valioso senón que producen contaminación do chan, do ar e da auga, descargando dióxido de carbono e metano á atmosfera e depositando residuos químicos e pesticidas no chan e nas augas subterráneas. Isto ten como consecuencia efectos nocivos para a saúde das persoas así como para os animais e as plantas.

O Sexto Programa de Acción Comunitario en Materia de Ambiente, denominado «Ambiente 2010: o futuro está nas nosas mans», que cobre o período comprendido entre o 22 de xullo de 2001 e o 21 de xullo de 2012, xa identificaba a prevención e xestión de residuos como unha das 4 accións prioritarias máis importantes a abordar. O obxectivo prioritario é separar a xeración de residuos e o crecemento económico a fin de evitar que o desenvolvemento da Unión Europea supoña a creación de máis e máis residuos, e hai indicios de que isto está comezando a ocorrer.

### 4.1 A política comunitaria europea de xestión de residuos

A directiva que agrupa estes principios fundamentais é a Política Comunitaria da UE de Xestión de Residuos. As políticas ambientais europeas foron evoluíndo desde os anos 70 proporcionando aos cidadáns europeos unha mellor calidade do ar e da auga através dunha serie de planos de acción ambiental e uns cadros lexislativos co obxectivo de reducir os impactos ambientais negativos na natureza e na saúde das persoas, creando deste xeito unha economía máis eficiente en termos de enerxía e utilización de recursos.

En decembro de 2005, a Comisión fixo pública a Estratexia sobre a prevención e a reciclaxe dos residuos que establece as orientacións para a actuación da Unión Europea e describe os medios que permiten mellorar a xestión dos residuos. Esta estratexia constitúe unha das 7 directrices temáticas que están programadas no Sexto Programa de Acción Comunitaria en Materia de Ambiente.

En xaneiro de 2011 esta estratexia foi revisada pola Comisión Europea para examinar o progreso nos obxectivos establecidos inicialmente e nesta revisión incluíu novos datos actualizados e novas iniciativas e accións futuras así como recomendacións a fin de converter a sociedade europea nunha sociedade da reciclaxe que persegue a redución dos residuos e a súa reutilización. Esta revisión achega unha focaxe actual sobre a xestión de residuos adaptada á nova realidade europea e creando unha mudanza entre o xeito de conceber os residuos como unha carga indesezábel para os entender como un recurso valioso. A Directiva centra a atención na prevención de xeración de residuos e establece novos obxectivos que irán fomentar a mudanza da sociedade europea cara a unha sociedade da reciclaxe. Establece obxectivos de redución do 50% dos residuos urbanos e do 70% dos residuos da construción aos Estados membros para o 2020.

Tamén introduce un sistema de xerarquía de residuos en cinco etapas onde a prevención é a mellor opción, seguida da reciclaxe e outras formas de recuperación de materiais, establecendo como última opción a utilización das lixeiras.

#### 4.2 A focaxe do ciclo de vida

Esta focaxe do ciclo de vida permite observar todas as etapas durante a vida do produto para pescudar onde se poden realizar melloras para reducir os impactos ambientais e usar menos recursos. Un obxectivo chave é evitar as accións que comporten impactos negativos entre as distintas etapas.

A recente Directiva-Cadro sobre residuos inclúe esta focaxe do ciclo de vida nas políticas de residuos, proporciona unha visión máis ampla dos distintos aspectos ambientais e asegura que unha determinada acción ten maiores beneficios en comparación co resto doutras accións.

#### 4.3 Xerarquía de residuos



## **Prevención**

Unha boa xestión de residuos comeza, en primeiro lugar, coa prevención para que non se produzan residuos. Á fin e ao cabo, o que non se fabrica non xera residuos e portanto non ten que ser eliminado. A prevención de residuos estase a tornar nunha medida cada vez máis importante conforme crece a poboación global e se van acabando os nosos recursos naturais non renovábeis.

Unha das ferramentas fundamentais utilizadas na hora de promover a prevención de residuos é a Directiva sobre Ecodeseño, que foi aprobada pola UE en 2005 e que se centra nos aspectos ambientais durante a fase de concepción e deseño do produto. Durante o pasado ano 2012 estudaba estender esta directiva a produtos non relacionados coa enerxía e medios de transporte.

Os produtos respetuosos co ambiente deberían ser fabricados con materias primas secundarias recicladas e evitar o uso de sustancias perigosas. Estes produtos tamén deberían consumir menos enerxía durante o seu uso e deberían poderse reciclar unha vez que son descartados.

A prevención de residuos está moi ligada coa melloría dos métodos de produción e coa conscienciación dos consumidores para que procuren máis produtos ecolóxicos e con menos embalaxe. Moitos Estados membros están a levar a cabo campañas de difusión para educar a sociedade e promover entre os consumidores a procura de produtos que producen menos residuos e crear deste xeito un mercado máis eficiente no uso dos recursos.

## **Reutilización**

A reutilización supón o uso repetido dos produtos e os seus compoñentes para o mesmo fin co que foron creados. Os refrixeradores, os cartuchos de tinta e as impresoras, por exemplo, poden ser restauradas ou reparadas para ser usadas de novo.

A reutilización de produtos e materiais, como roupa e mobilia que doutro xeito se convertería en lixo, ten importantes beneficios sociais, económicos e ambientais ao crear postos de traballo e facer accesíbeis produtos a persoas que talvez non puidesen compralos novos. Moitos Estados membros están a implementar medidas que fomentan o comercio de bens de segunda man.

## **Recicla xe**

A maior parte do lixo que se tira pode ser reciclado. A recicla xe reduce a cantidade de residuos que terminan nas lixeiras á vez que reduce a cantidade de materiais que se

necesitan e que se extraen de fontes naturais. Isto resulta importante debido a que Europa depende das importacións de “materias primas escasas” e a reciclaxe proporciona ás industrias europeas os subministros esenciais recuperados a partir de residuos como, por exemplo, papel, vidro, plástico e metais así como metais preciosos recuperados a partir electrodomésticos usados. A política europea sobre residuos ten entre os seus obxectivos o de asegurar que os residuos son utilizados na medida do posíbel como “materia prima” para fabricar novos produtos.

A reciclaxe tamén economiza enerxía: reciclar unha lata de aluminio, por exemplo, aforra por volta do 95% da enerxía que se precisa para fabricar unha nova a partir de materias primas. A UE impuxo obxectivos de reciclaxe para os distintos tipos de residuos, incluíndo coches vellos, equipamentos electrónicos, baterías e embalaxes, residuos urbanos e os derivados de actividades de construción e demolición.


Os Estados membros están a traballar intensamente para introducir sistemas que aseguren a consecución destes obxectivos. Estes sistemas inclúen a Responsabilidade Alargada do Fabricante, que torna os fabricantes responsábeis por todo o ciclo de vida dos produtos e embalaxes que producen, incluíndo até a última etapa da vida do produto cando se tornar en residuo.

### ***Dirixíndonos cara á sociedade da reciclaxe***

Nalgúns Estados membros, a reciclaxe e a recuperación dos materiais son as opcións predominantes na xestión de residuos, reducindo ao mínimo o uso das lixeiras. Noutros Estados, ao contrario, aínda fan uso das lixeiras para eliminar a maior parte dos seus residuos. Sería unha tarefa importantísima no futuro dirixir a estes Estados cara a estadios máis altos na escala da xerarquía de residuos para lograr o obxectivo europeo de se tornar nunha sociedade da reciclaxe.

Isto supón tamén unha grande oportunidade económica. Segundo datos do 2010, a xestión dos residuos sólidos, xunto coas industrias da reciclaxe, teñen un volume de negocio de ao redor de 137 billóns de euros, o que significa un 1,1% máis que o Produto Interior Bruto da Europa. Estas dúas áreas poderían crear de forma conxunta ao redor de 2 millóns de postos de traballo.

*Tendencias e proxección futura no tratamento de residuos urbanos na Unión Europea UE-27 máis Noruega e Suíza (a excepción do Chipre por falta de datos).*



Fonte: Axencia Europea do Ambiente.

### **Recuperación da enerxía**

As plantas incineradoras modernas poden ser utilizadas para producir electricidade, vapor e calefacción para os edificios e os residuos tamén poden ser usados como combustíbel nalgúns procesos industriais. Unha má ou incompleta incineración dos residuos pode provocar danos na saúde e no ambiente pola liberación de substancias químicas perigosas que inclúen dioxinas e gases ácidos. Para asegurar que as substancias perigosas sexan completamente destruídas, as plantas incineradoras deben queimar os residuos de forma controlada e a temperaturas moito elevadas. No caso de que non se poida evitar a emisión de substancias perigosas, deberanse tomar medidas adicionais para reducir a súa liberación na atmosfera.

Por estes motivos, a Unión Europea estableceu uns padróns para as plantas de incineración e co-incineración. Esta lexislación serve para asegurar que se minimizan os custos ambientais da incineración de residuos á vez que se maximizan os beneficios, establecendo límites nas emisións que producen as plantas e obrigándoas a levar un seguimento. A recuperación da enerxía através da incineración a miúdo non é a forma máis eficiente de xerir os materiais usados, en particular os que resultan difíceis de queimar ou que liberan substancias químicas a altas temperaturas. En consecuencia, ínstase aos Estados membros a empregar a focaxe do ciclo de vida para avaliar os posibles beneficios e inconvenientes á hora de decidir sobre a incineración de residuos. A produción de enerxía primaria a partir da incineración de residuos urbanos incrementouse máis do dobre desde 1995.



Doutra banda, os biorresiduos (residuos do xardín, cociña e alimentos) supoñen ao redor dun terzo do lixo que se tira en casa, o que representa aproximadamente 88 millóns de toneladas en toda a Europa cada ano. De media, o 40% dos biorresiduos na Unión Europea acaba nas lixeiras. Con todo, estes residuos teñen un futuro prometedor como fonte renovábel de enerxía e compost reciclado. A enerxía recuperada en forma de biogás ou enerxía térmica pode contribuír para o combate á mudanza climática. Segundo os cálculos, por volta dun terzo dos obxectivos de enerxía renovábel marcados para 2020 na UE no transporte poderíanse conseguir utilizando o biogás producido a partir dos biorresiduos, mentres que cerca do 2% do obxectivo conxunto para a UE de enerxía renovábel podería cumprirse se todos os biorresiduos fosen convertidos en enerxía.

O compost producido a partir dos biorresiduos podería axudar a mellorar a calidade dos nosos chans ao remover os fertilizantes non renovábeis. En 1995, máis de 13 millóns de toneladas de residuos urbanos foron convertidos en estrume nos Estados membros, alcanzando en 2008 unha cifra estimada de 43,5 millóns de toneladas, o que representa o 17% dos residuos urbanos.

### **Uso de lixeiras**

A eliminación de produtos en lixeiras é a forma máis antiga de tratamento de residuos e tamén a opción menos desexábel debido aos moitos impactos potencialmente negativos que pode comportar o seu uso. De acordo co informe da UE *Being wise with waste: the EU's approach to waste Management*, o máis serio destes impactos é a produción e liberación no ar de metano, un poderoso gas de efecto invernadoiro que é 25 veces máis potente que o dióxido de carbono. O metano pódese producir entre a masa de residuos e causar explosións. Separadamente do metano, a descomposición de residuos biodegradábeis nas lixeiras pode liberar metais pesados que poden contaminar as augas subterráneas locais, as augas superficiais e a terra, o cal sería un risco para a saúde pública e para a natureza.

O coñecemento destes riscos tivo como consecuencia o desenvolvemento de ferramentas legais no plano europeo mediante as cales as autoridades ambientais se responsabilizan ao asegurar que se levan a cabo inspeccións e se cumpren cos padróns esixidos. A Directiva sobre vertidos obriga aos estados membros a limitar para o ano 2016 a cantidade de residuos biodegradábeis a un 35% dos niveis xerados en 1995, o cal reduciría significativamente o problema da produción de metano. Alén diso, este gas debe ser recollido nas lixeiras e utilizado, se posíbel, para producir enerxía.

É un feito demostrado que as condicións específicas das lixeiras provocan que os materiais, en particular os residuos biodegradábeis, non se poidan descompor totalmente e que en ausencia de osíxeno se produza o metano, que é un gas perigoso de efecto invernadoiro. O

metano producido por unha lixeira de lixo municipal dunha cidade media, se fose convertido en enerxía, podería proporcionar electricidade a aproximadamente 20.000 lares por ano. Unha lixeira así pode producir tamén até 150 m<sup>3</sup> de residuo líquido lixiviado<sup>1</sup> contaminante ao día, que é igual á cantidade de auga fresca que se consome de media nun lar ao ano. Tamén se estimou que os materiais que se envían ás lixeiras poderían ter un valor comercial anual de ao redor de 5,25 billóns de euros.

Calquera líquido que se filtre através dos residuos depositados e que proceda dunha instalación de residuos ou estea contido nela.

### ***Os residuos electrónicos “E-waste”***

Os residuos electrónicos tamén conteñen cantidades importantes de materias primas valiosas como ouro, prata e platino.

As leis europeas restrinxen a cantidade de substancias perigosas que deben conter os aparellos eléctricos e electrónicos facendo deste xeito máis fácil o seu reciclado e a protección da saúde humana. De resto, a UE, propón obxectivos aos Países membros sobre a cantidade de residuos deste tipo que deben recoller e reciclar.

A lexislación sobre este tema está a ser revisada actualmente a fin de convertela en máis efectiva e esixíbel e onde tamén se establezan máis claramente os obxectivos que aseguren o desenvolvemento adecuado de mercados de reciclaxe apropiados. A UE non impón aos Países a consecución deses obxectivos senón que é cada País quen debe deseñar un sistema que se adecúe ás súas propias circunstancias. No futuro poderase levar a cabo un mellor uso dos recursos se os Estados membros e os seus cidadáns realizan maiores esforzos para separar os residuos electrónicos que, até o momento, se estiveron a desperdizar ao depositalos en lixeiras. Alén diso, as regras de xestión europea sobre os residuos electrónicos fomentan a responsabilidade por parte do produtor e os fabricantes son responsábeis das posibilidades da súa posterior reutilización, recuperación ou unha posíbel eliminación do produto.

En resumo, na Europa a cantidade de residuos que está a ser reciclada está a aumentar mentres que se reduce o uso das lixeiras. O impacto das instalacións de tratamento de residuos nas zonas onde se achan reduciuse ao máximo e non só se está a recuperar unha grande parte de enerxía através da incineración senón que tamén se realiza un maior control dos vertidos ilegais e das substancias perigosas. Aínda que se alcanzaron moitos obxectivos, aínda fica moito por facer e a cantidade de residuos que se producen na UE aínda segue en

<sup>1</sup>) Calquera líquido que se filtre através dos residuos depositados e que proceda dunha instalación de residuos ou esta contido nela.

aumento. Cálculos recentes mostran que, se non se implantaren políticas de prevención de residuos, a produción de lixo irá aumentar un 7% desde o 2008 ata o 2020.

É importante asegurar o uso responsábel dos recursos do planeta tendo en consideración as necesidades das futuras xeracións así como desenvolver produtos ecolóxicos e fomentar o comportamento ambiental responsábel nos consumidores para reducir a cantidade de residuos producidos. Así mesmo, débese mellorar a nosa capacidade de reciclaxe para aumentar o fornecemento de materias primas no tecido industrial europeo.

Moitos Estados membros están a dar pasos importantes nesta dirección aínda que é evidente que aínda fica moito por facer neste aspecto para que todos os Países da Unión consigan chegar aos altos padróns que actualmente só conseguiron un número reducido de países.

Finalmente, cabe dicir que todos temos unha gran responsabilidade en asegurar tirar o maior partido dos nosos residuos. As persoas nas casas poden reducir a cantidade de lixo que xeran e separar os distintos residuos para producir material reciclábel de alta calidade. Os Estados membros deben continuar a traballar para deseñar programas apropiados con metas ambiciosas que fomenten estas practicas nas empresas e nos lares e a Unión Europea debe asegurar que os Países teñen o apoio necesario para cumprir coa lexislación establecida.

#### **4.4 Consellos para producir menos residuos**

Existe a posibilidade de reducir os impactos ambientais causados na Europa e noutras partes do mundo se se conseguen realizar as mudanzas convenientes nos padróns de consumo tanto públicos como privados. Dado que o consumo, e, portanto, o consumo de recursos é algo imposible de evitar xa que isto se produce polo simple acto de comer ou beber, resulta esencial perseguir a eficiencia no consumo que pode conseguirse através de melloras ecolóxicas nos produtos e mediante a mudanza nos padróns de consumo da poboación.

O consumo sustentábel é, por natureza, un área moi ampla onde se relacionan distintas políticas comunitarias como o ambiente, mudanza climática, enerxía, economía, industria, agricultura, transporte, educación e saúde. Portanto é necesaria a cooperación entre as distintas áreas para abordar o desenvolvemento de políticas eficientes sobre o consumo sustentábel.

Neste sentido, o Plano de Acción sobre Consumo e Produción Sustentábeis e unha Política Industrial Sustentábel viuse reforzado recentemente coa denominada Iniciativa Emblemática da Estratexia Europa 2020, onde o consumo e a produción sustentábeis

representan un eixo fundamental de actuación no camiño á eficiencia dos recursos. Esta iniciativa encádrase na Estratexia Europa 2020 e apoia a mudanza para unha economía eficiente para lograr o crecemento sustentábel.

Alén diso, estase a incrementar a escala nacional e local o uso de instrumentos económicos destinados a influír nos padróns de consumo de auga, enerxía, transporte e xeración de residuos e espérase que a utilización conxunta de distintos tipos de instrumentos aumente a efectividade das medidas implantadas no ámbito do consumo e da produción sustentábel. A etiquetaxe, por exemplo, demostrou a súa eficacia no caso de aparellos eléctricos onde as etiquetas de eficiencia enerxética significaron melloras importantes. Noutros ámbitos existen diferenzas de opinión. En comparación co ano 2007, cando o 52% dixo que lles resultaba fácil identificar os produtos respetuosos co ambiente, produciuse un descenso do 5% na enquisa actual.

En Finlandia alcanzáronse os valores máis altos, cun 67% de persoas que respondeu que os produtos están correctamente etiquetados. Dinamarca foi o segundo país con maior porcentaxe cun 63%, seguido de Italia e Austria (ambos 60%) e Suecia (58%), o que indica que hai unha tendencia positiva entre os países nórdicos respecto ao resto de Estados membros. A situación é moi distinta en Bulgaria cunha porcentaxe do 22% e en Romenia e Lituania (ambos 28%).

Por outro lado, campañas ben deseñadas e dirixidas aos consumidores poden contribuír para aumentar o coñecemento sobre as boas prácticas ambientais e axudar a introducir mudanzas no seu comportamento, especialmente se as campañas están ligadas a outros instrumentos e a áreas onde os niveis de sensibilización son baixos. En comparación coa última vez que se levou a cabo esta enquisa en 2007, aumentou a porcentaxe de persoas que se sente informada nun 5%. Apesar de existir unha maioría de europeos que se sente ben informada, unha porcentaxe significativa deles pensa que se podía facer máis por difundir a información. A Internet parece ser unha fonte de información bastante efectiva xa que o 66% dos utilizadores habituais afirmaron estar ben informados sobre os problemas no ambiente contra o 49% das persoas que non usan Internet.

Parte do sector empresarial confirma a necesidade de avanzar cara a un consumo máis sustentábel e, por exemplo, o Foro Económico Mundial lanzou unha iniciativa na que participan expertos en desenvolvemento sustentábel e un grupo de empresas do sector industrial para desenvolver ideas prácticas e novas formas de colaboración que susciten a sustentabilidade como parte integrante do seu modelo de negocio.

Nalgúns países europeos mesmo se utilizan instrumentos, até certo punto económicos, para crear incentivos que promovan as mudanzas de comportamento cara a padróns de consumo

máis sustentábeis. Os instrumentos dirixidos á prestación de servizos como taxas por uso de auga ou residuos así como conxestión en zonas urbanas ou polo uso de combustíbeis, son usados xa en moitos países. Con todo, poucos países desenvolveron iniciativas máis ambiciosas que incentiven as mudanzas no estilo de vida como unha reforma fiscal no ámbito do ambiente que sirva de estímulo para a ecoinnovación e que inclúa beneficios ambientais. É por este motivo que se fai fincapé no papel fundamental dos gobernos na provisión dun cadro que permita a mudanza cara un consumo máis sustentábel.

## 5. CONSUMO RESPONSÁBEL

En relación co consumo responsábel de alimentos, cabe dicir que, no conxunto europeo, as despesas relacionadas coa compra de alimentos e bebidas, xuntamente coas relacionadas co aloxamento, supoñen o maior gasto que se produce na sociedade en xeral e, mormente, nos lares con rendementos máis baixos. No entanto, nos países europeos máis desenvolvidos e con tendencia ao aumento das rendementos, a despesa absoluta dedicada a este aspecto tende a se estabilizar e representa unha escasa proporción do salario.

Estas tendencias observadas teñen diferentes consecuencias no que se refire aos impactos ambientais provocados polo consumo de alimentos e bebidas. Por outro lado, a enerxía e as emisións provocadas pola agricultura e produción de determinados produtos de tempada pode ser menor, como no caso de tomates importados provenientes de países mediterráneos, xa que no norte de Europa estes produtos serían producidos en invernadoiros. A importación de produtos supón, por outro lado, beneficios para os países produtores.

As agresións ambientais son causadas durante os diferentes estadios da cadea de produción de alimentos, mais os procesos na agricultura e, en menor medida, os procesos industriais son responsábeis polos impactos máis importantes causados polo consumo de alimentos e bebidas. Estes impactos responden ao uso da enerxía e ao consumo de auga, utilización de fertilizantes e pesticidas, emisións do gando, uso do chan e transporte, contaminación de ríos e perda de biodiversidade derivada da eliminación de ecosistemas para a produción de alimentos e tratamento do gando.

A modo de exemplo, un estudo recente levado a cabo no Reino Unido demostrou que 137 kg por persoa ou o 25% da comida comprada nos lares acababa no lixo, da cal case dous terzos poderían ser aproveitados.

Outro aspecto relacionado co consumo de alimentos e analizado pormenorizadamente por parte das autoridades da Unión Europea ten a ver coa sobreexplotación das reservas pesqueiras. En conxunto, o 88% das reservas pesqueiras europeas está explotado por en

cima do seu máximo rendemento sustentábel e, nalgúns casos como o bacallau do Norte, a inmensa maioría de exemplares son capturados antes de se reproduciren. É destacábel o feito de que, durante o período do 2000 ao 2007, as importacións de peixe e produtos do mar creceron de media un 4% por ano<sup>2</sup>.

## 5.1 Medidas de actuación

Espérase que o crecemento da produtividade agrícola diminúa se non se produciren investimentos substanciais. Os prezos dos alimentos básicos foron moi instábeis durante os pasados 5 anos mais, a medida que aumentan o custo da enerxía e as forraxes alimentarias, espérase que se incremente a media do prezo dos alimentos básicos en comparación coa última década. Alén diso, a Comisión Europea previu un aumento do consumo de carne en Europa até 2020 e espérase que unha grande proporción desa carne sexa importada de fóra de Europa.

Por todos estes motivos, a redución dos impactos ambientais asociados ao consumo de alimentos e bebidas constitúe un reto que debe ser afrontado e require esforzos en todas as fases da cadea alimentar. As políticas destinadas á redución de impactos ambientais teñen como principais campos de actuación os sectores da agricultura e da pesca, dado que a orixe de moitas agresións ambientais se produce nestes sectores.

Actualmente na Unión Europea existen dous documentos legislativos específicos referidos aos sectores da produción agrícola alimentar e ao sector pesqueiro.

A denominada Política Agrícola Común foi introducida en 1962 e en outubro de 2011 a Comisión Europea introduciu unha serie de medidas para o período 2013-2020 encamiñadas á redución do impacto ambiental producido polo sector agrícola, entre outros.

Por outro lado, no ano 2012 estaba prevista unha reforma da Política Pesqueira Común (PPC) debido a que as políticas actuais non resultaran efectivas á hora de asegurar a sustentabilidade dos recursos pesqueiros europeos e das poboacións de peixes así como para evitar a sobrepesca e deter o declinio da biodiversidade mariña. Espérase que se adopten estas reformas durante o ano 2013.

Finalmente, as reformas e políticas europeas diríxense tamén a reducir á metade as sobras evitábeis de alimentos para o 2020. Neste sentido, as autoridades europeas inciden na necesidade de que os Estados membros enfoquen este problema durante o 2013. Son xa varios os países europeos que están a investigar o xeito de solucionar este desperdicio e tamén as Nacións Unidas realizaron un chamado aos países para que en 2025 se reduza á metade o desperdicio global de alimentos. Os investigadores suxiren que este obxectivo se


<sup>2</sup>) Base de datos Eurostat, 2008.


cumpriría máis rapidamente se as empresas, os gobernos e a sociedade en xeral actuasen de forma conxunta. Existen indicios que apuntan ás campañas de marketing baseadas na estratexia de “compre un e leve outro gratis” como un posíbel desencadeante do desperdicio de comida e é por este motivo que a responsabilidade se asocia tamén aos comerciantes para buscar solucións voluntarias e á sociedade civil en xeral para promover as iniciativas sustentábeis co compromiso dos comerciantes e dos consumidores. Aínda que existen diferenzas nas porcentaxes, obsérvase que o desperdicio de comida rexistra niveis moi elevados.

En moitos países, alén diso, estase a promover o consumo de alimentos ecolóxicos, xa que teñen beneficios no que se refire á biodiversidade debido ao menor emprego de fertilizantes artificiais e ao uso reducido de pesticidas, alén de preservar o chan a longo prazo, aínda que este tipo de agricultura ecolóxica pode resultar a curto prazo menos produtiva. Tamén se incide nos beneficios do consumo de alimentos de tempada como froitas e verduras, xa que reducen significativamente os impactos ambientais asociados ao transporte e á enerxía dedicada á súa manutención en refrixeradores e conxeladores.

Sobre o consumo de alimentos ou produtos ecolóxicos, o 34% dos españois afirmou non concordar con esta opción de comprar estes produtos a un prezo máis elevado. A porcentaxe media de europeos que tamén estivo en desacordo con esta cuestión foi do 25%. As porcentaxes de acordo máis altas que se rexistraron sobre esta pregunta foron na Suecia (89%), Luxemburgo (84%), Malta e Chipre (ambos 82%), o que indica un padrón de intención positivo nestas áreas. Os europeos que estiveron menos de acordo foron os de Portugal (59%), España (60%), Hungría e Eslovaquia (ambos 62%), Bulgaria e Estonia (ambos 63%).

## Europa



**España**

Fonte: Special Eurobarometer 365 – Actitudes da cidadanía europea respecto ao Ambiente.



## PARTE II

### ENQUISA EUROBARÓMETRO 256: ACTITUDE DOS EUROPEOS RESPECTO AO CONSUMO E A PRODUCCIÓN SUSTENTÁBEL

A Enquisa Eurobarómetro sobre a actitude dos europeos perante o consumo e a produción sustentábeis foi realizada co propósito de pescudar o grao de coñecemento dos cidadáns europeos respecto deste tema e, en concreto, analisáronse os seguintes aspectos:

- Sensibilización dos cidadáns sobre o impacto ambiental dos produtos adquiridos ou utilizados.
- Impacto ambiental e eficiencia enerxética como factores determinantes na hora de comprar un produto.
- A importancia da etiqueta ecolóxica nas decisións de compra.
- Preferencia dos cidadáns relativamente á información proporcionada nas etiquetas ambientais, incluíndo a pegada de carbono do produto.
- Conscienciación cidadá sobre a Etiqueta Ecolóxica da Unión Europea e o seu logotipo en forma de flor.
- O grao de confianza nas alegacións realizadas polos produtores sobre a actuación ambiental dos seus produtos e nos informes que presentan as compañías sobre o seu desempeño social e ambiental.
- Apoio da cidadanía sobre un “código de conduta” ambiental e voluntario por parte dos comerciantes.
- As mellores formas de promover o uso de produtos respetuosos co ambiente, o papel dos comerciantes e os sistemas fiscais.

Esta enquisa desenvolveuse durante o ano 2009 cunha mostra de 26.500 individuos inquiridos nos 27 Estados membros da UE e Croacia.

## 1. PRINCIPAIS RESULTADOS GLOBAIS

Unha proporción do 30% dos cidadáns europeos entrevistados escolle reducir ao mínimo a xeración de residuos e a reciclaxe como as accións chave na hora de solucionar os problemas ambientais. Por outro lado, mostráronse menos propicios a escoller a compra de produtos fabricados con métodos respetuosos co ambiente (elixido por un 21%) ou a compra de electrodomésticos enerxeticamente eficientes (elixido por un 19%) como as opcións máis eficaces para reducir os problemas ambientais.

Un (55%) afirmou que, polo menos de forma xeral, na hora de comprar ou utilizar os produtos está totalmente consciente ou coñece os impactos máis importantes destes produtos no ambiente. Con todo, en Chipre, Lituania e Bulgaria por volta de 6 en cada 10 inquiridos afirmaron coñecer pouco ou nada sobre ditos impactos.

Algo máis de 8 en cada 10 cidadáns entrevistados chegou á conclusión de que o impacto causado no ambiente é un factor importante a ter en conta á hora de decidir que produtos comprar (34% "moi importante" e o 49% "bastante importante"); unicamente o 4% afirmou que non era en absoluto un factor importante.

A maioría dos inquiridos afirmaron que o impacto ambiental do produto é importante nas súas decisións de compra e moi importante para Grecia (58%), Chipre (57%) e Italia (54%).

Na hora de decidir que produto comprar, aproximadamente 6 en cada 10 inquiridos valorou como máis importante o impacto ambiental que a marca do produto.

Unha ampla maioría dos entrevistados en todos os países afirmaron que a miúdo, ou sempre, teñen en consideración a eficiencia enerxética na hora de comprar produtos que utilicen electricidade ou combustíbel, con variacións entre unha porcentaxe do 59% en Chipre até un 85% na Alemaña.

## 2. RESULTADO POR TEMÁTICAS

### 2.1 Etiqueta ecolóxica. Percepcións xerais

Case metade dos cidadáns europeos afirmou que a etiquetaxe ecolóxica xoga un papel importante nas súas decisións de compra, con diferenzas desde o 22% rexistrado na República Checa até o 64% rexistrado en Grecia.

Os cidadáns europeos afirmaron en maior medida que a información máis importante que se pode encontrar nas etiquetas ecolóxicas é sobre se un produto pode ser reciclado ou reutilizado.

## **2.2 A etiqueta ecolóxica da UE**

Aproximadamente 4 en cada 10 cidadáns que participaron na enquisa afirmaron ter visto ou ouvido falar da etiqueta ecolóxica europea. Con todo, só ao redor dunha quinta parte (o 19%), confirmou comprar produtos que presentaban dita etiqueta.

## **2.3 Afirmacións por parte das empresas e produtores sobre o comportamento ambiental dos seus produtos**

Mentres que 3 en cada 10 cidadáns europeos confía nos informes sobre o comportamento ambiental e social propio das empresas, unha proporción considerabelmente máis alta (47%) afirmou non acreditar neses informes por parte das empresas.

## **2.4 Promoción de produtos respetosos co ambiente**

Ao redor de 3 en cada 10 cidadáns europeos afirmou que o mellor xeito que teñen os retalistas de promover o uso de produtos respetosos co ambiente é proporcionando mellor información aos consumidores.

O mellor sistema para promover o uso de produtos respetosos co ambiente sería reducir os impostos sobre eses produtos e, ao mesmo tempo, aumentar as taxas que se aplican aos produtos máis daniños para a natureza. Os inquiridos británicos irlandeses e eslovenos foron os que máis apoiaron esta resposta (65%, 59% e 58%, respectivamente).

## **2.5 Relación entre o impacto ambiental e os hábitos de consumo**

### ***Accións con maior impacto na resolución de problemas ambientais***

Sobre esta cuestión, unha ampla proporción de cidadáns (30%) escolleron a reciclaxe e a minimización de residuos como as accións cun maior impacto. Aproximadamente unha quinta parte dos inquiridos (21%) elixiu a compra de artigos producidos con métodos ecolóxicos e unha proporción similar (19%) escolleu a compra de produtos enerxeticamente eficientes.

Só o 15% respondeu que adoptar modos de transporte sustentábeis e viaxar menos frecuentemente constitúen as accións máis efectivas para solucionar os problemas ambientais. O 11% elixiu facer máis esforzos por utilizar menos auga como a acción máis efectiva.

### ***Diferenzas entre países***

Os entrevistados de case todos os Estados membros da UE e Croacia foron máis propensos a elixir a opción de reciclar e minimizar os residuos como a máis importante na resolución de problemas ambientais.

A proporción de cidadáns que escolleu esta resposta variou entre menos dun cuarto na Italia e Alemaña (20% e 22%, respectivamente) até case metade das respostas en Hungría (51%) e Finlandia (49%).

Porcentaxe de persoas que escolleu a reciclaxe e minimización de residuos como a acción con maior impacto na resolución de problemas ambientais:

Media UE-27: 30

España: 38

Un terzo dos cidadáns entrevistados na Lituania (32%) e aproximadamente 3 en cada 10 inquiridos na Letonia (29%) e Dinamarca (28%) acharon que ten un maior impacto a opción de comprar produtos fabricados con métodos ecolóxicos. Algo máis dunha décima parte de portugueses e finlandeses (o 12%) compartiu esta opinión.

Porcentaxe de persoas que elixiu a compra de produtos fabricados con métodos ecolóxicos como a acción con maior impacto na resolución de problemas ambientais:

España: 19

Media UE-27: 21

A proporción de persoas que responderon que a compra de electrodomésticos de alta eficiencia enerxética ten unha maior importancia na hora de resolver os problemas do ambiente rexistrou distintos resultados desde menos dun 10% na Suecia, Chipre, Grecia e Portugal (8%-9%) até un pouco máis dunha cuarta parte na Eslovaquia e Polonia, ambos cunha porcentaxe de 27%.

Porcentaxe de persoas que elixiu a compra de electrodomésticos enerxeticamente eficientes como a acción con maior impacto na resolución de problemas ambientais:

España: 12

Media UE-27: 19

Salvo a Suecia, en todos os países que participaron na enquisa non máis dunha quinta parte dos inquiridos achou que a opción viaxar menos e adoptar métodos de transporte sustentábeis é a máis importante para combater os problemas ambientais. As opinións varían desde unha porcentaxe de respostas do 3% na Polonia até o 20% na Finlandia. Na Suecia, o 31% dos entrevistados pensou que esta opción ten o maior impacto.

Porcentaxe de persoas que elixiu viaxar menos e adoptar métodos de transporte sustentábeis como a acción con maior impacto na resolución de problemas ambientais:

España: 12

Media UE-27: 15

A utilización de menos auga foi a opción menos escollida en case todos os países cunha porcentaxe de respostas que varía do 2%-3% na Lituania, Letonia e Suecia até o 17% e 19% na Franza, España e Portugal.

Porcentaxe de persoas que elixiu o menor uso do auga como a acción con maior impacto na resolución de problemas ambientais:

Media UE-27: 11

España: 18

### ***Consideracións sociodemográficas***

Os participantes con menos de 25 anos, a diferenza do resto, inclináronse máis por pensar que as accións con maior impacto son a compra de electrodomésticos enerxeticamente eficientes (22% contra o 17%-20% en grupos doutras idades) ou viaxar menos e con métodos máis sustentábeis (18% contra o 14%-15%).

Mentres que os participantes cun maior nivel educativo escolleron máis veces a reciclaxe e minimizar residuos como a opción máis importante, os entrevistados cun menor nivel de estudos foron levemente máis propensos a achar que a utilización de menos auga supón o maior impacto (14% contra o 10% dos participantes con maior nivel educativo).

## **2.6 O impacto ambiental dos produtos comprados ou utilizados**

### ***Coñecemento do impacto ambiental de produtos comprados ou utilizados***

O 41%, isto é, case 4 en cada 10 cidadáns europeos inquiridos afirmou estar xeralmente consciente na hora de comprar ou usar estes produtos dos impactos máis importantes que teñen no ambiente. Só o 14% respondeu estar totalmente consciente do impacto total que teñen na natureza.

### ***Diferenzas entre países***

O inquiridos franceses foron os máis propensos a afirmar que están xeralmente conscientes do impacto que provoca no ambiente os produtos que compran ou utilizan: o 32% afirmou estar plenamente consciente e o 46% confirmou ser coñecedor dos impactos

máis significativos. Outros países na parte máis alta da lista foron Eslovenia, Malta, Austria e Luxemburgo, con aproximadamente dous terzos dos entrevistados que afirmaron ser polo menos coñecedores dos impactos máis importantes que provocan os produtos que compran ou utilizan (entre 65% e 66%).

Coñecemento do impacto ambiental de produtos comprados ou utilizados (%)

	Media UE-27	España
Estou totalmente consciente	14	15
Coñezo os impactos máis xerais	42	30
Sei pouco sobre este tema	34	43
Non sei nada	9	12
NS/NR	1	-

### **Consideracións sociodemográficas**

Os inquiridos entre 15 e 24 anos, os que se achán aínda en proceso educativo, aqueles con menores niveis de formación, os traballadores manuais, os participantes en situación de desemprego e os residentes en zonas rurais foron os máis propensos a admitir non coñecer nada, ou moi pouco, sobre os impactos na natureza dos produtos que compran ou usan.

A modo de exemplo, o 17% daquelas persoas cos niveis máis altos de educación afirmaron estar plenamente conscientes e o 50% dixeron ser coñecedores dos impactos máis significativos destes produtos.

### **O impacto ambiental como factor decisivo na compra de produtos**

Algo máis de 8 en cada 10 entrevistados europeos respondeu que o impacto dun produto na natureza é un elemento importante na hora de decidir que produtos comprar (49% “bastante importante” e 34% “moi importante”); só o 4% dixo que isto non era un factor importante en absoluto.

Só o 39% dos cidadáns europeos contestou que a marca do produto é un elemento importante no proceso de compra (25% “bastante importante” e 14% “moi importante”).

O impacto ambiental, con todo, parece ser dalgunha forma menos importante para o cidadán que a calidade do produto ou o prezo: practicamente todos os inquiridos (97%) admitiron que a calidade do produto é un elemento importante na hora de realizar a compra e o 89% afirmou o mesmo respecto ao prezo do produto.

### **Comparación das respostas dos participantes**

Mentres que o 44% dos cidadáns europeos cualificou o impacto ambiental como menos importante que a calidade do produto no que se refire á influencia nas súas decisións de compra, esta proporción reduciuse ao 12% no relativo á marca do produto. No que se refire ao prezo do produto esta proporción foi do 33%.

Alén diso, mentres que menos dunha décima parte dos entrevistados europeos (7%) cualificou o impacto na natureza como un elemento máis importante que a calidade do produto no proceso de compra, case unha quinta parte (19%) valorou o impacto ambiental como máis importante que o prezo do produto. Finalmente, unha maioría dos inquiridos (59%) valorou o impacto do produto na natureza como máis importante que a marca.

### **Diferenzas entre países**

Practicamente todos os entrevistados de cada país participante responderon que a calidade do produto é “moi” ou “bastante” importante nas súas decisións de compra. A maioría de inquiridos en todos os Estados membros afirmou que este aspecto é “moi” importante, con porcentaxes que varían desde o 56% en España até o 82% na Grecia.

Importancia da calidade do produto (%):

	Media UE-27	España
Moi importante	68	57
Bastante importante	30	40
Pouco/Nada importante	2	3
NS/NR	-	-

Unha ampla maioría de inquiridos de todos os Estados membros da UE e Croacia cualificaron o prezo do produto como “moi” ou “bastante” importante nas súas decisións de compra, con variacións do 79% na Dinamarca até o 96% na Lituania e Portugal.

Importancia do prezo do produto (%):

	Media UE-27	España
Moi importante	47	47
Bastante importante	43	44
Pouco/Nada importante	8	8
NS/NR	2	1

En todos os países do estudo, menos de 7 en cada 10 entrevistados respondeu que a marca dun produto ou o nome comercial é moi ou bastante importante na hora de decidir que comprar.

En Dinamarca, os inquiridos foron máis propensos a dicir que a marca dun produto non é importante en absoluto para decidir que produtos comprar (40%), seguido dos suecos, belgas, franceses e austríacos (entre 31% e 33%).

Importancia da marca ou o nome comercial (%):

	Media UE-27	España
Moi importante	14	7
Bastante importante	26	21
Pouco importante	38	60
Nada importante	22	22
NS/NR	-	-

Unha ampla maioría dos entrevistados en todos os Estados membros da UE e Croacia tamén dixeron que o impacto dun produto no ambiente é un factor importante na hora de decidir que produtos comprar: a proporción de respostas “moi” e “bastante importante” variou desde o 62% na República Checa até o 91% na Grecia. De todos os xeitos, unicamente en tres Estados membros máis de metade dos inquiridos recoñeceu que este é un aspecto moi importante nas súas decisións de compra: Grecia (58%), Chipre (57%) e Italia (54%).

Importancia do impacto do produto no ambiente (%):

	Media UE-27	España
Moi importante	35	35
Bastante importante	47	50
Pouco importante	13	10
Nada importante	1	1
NS/NR	4	4

### **Relación entre o coñecemento sobre o impacto ambiental e as decisións de compra**

O impacto dun produto no ambiente é percebido como máis importante nas decisións de compra polas persoas inquiridas que están xeralmente máis conscientes das consecuencias que provocan os produtos que compran ou usan. Por exemplo, do mesmo xeito que o 55% das persoas que responderon que están totalmente conscientes do impacto que provocan os produtos que compran ou utilizan, tamén dixeron que este resulta un aspecto importante nas súas decisións de compra, esta proporción diminúe ao 27% para as persoas que admitiron non saber nada sobre o impacto dos produtos que compran ou usan.



Importancia do impacto ambiental nas decisións de compra					
(%) Coñecemento sobre o impacto ambiental do produto	Moito	Bastante	Pouco	Nada	NS/NR
Coñézoos totalmente	55	38	4	2	0
Coñezo os impactos máis importantes	33	56	9	1	1
Sei pouco sobre isto	28	48	18	5	2
Descoñézoos totalmente	27	32	18	16	7

### **Consideracións sociodemográficas**

As mulleres foron máis propensas a dicir que o impacto ambiental do produto é un elemento importante nas súas decisións de compra (37% contra o 31% de homes). No relativo ás outras características (prezo, calidade e marca) non se observaron diferenzas remarcábeis entre sexos.

A máis idade, maior propensión a referir que o impacto ambiental, o prezo ou a marca son moi importantes nas súas decisións de compra; por exemplo, mentres que o 42% das persoas con máis de 54 anos afirmaron que o impacto ambiental do produto é moi importante, esta proporción reduciuse a un 24% nas persoas comprendidas entre os 15 e os 24 anos.

Distintas categorías profesionais non variaron moito en termos da importancia total outorgada ao impacto ambiental do produto, prezo e calidade na hora de realizar as súas compras. De todas as maneiras, os traballadores por conta propia foron máis propensos a dicir que o impacto ambiental do produto é moi importante (38% contra a media europea de 34%) ou que a calidade é moi importante (73% contra a media europea de 67%), e os traballadores manuais foron máis propensos a responder que o prezo do produto é moi importante (60% contra a media europea de 47%).

## **2.7 Compra de produtos de alta eficiencia enerxética**

Case 4 en cada 10 inquiridos (37%) afirmou que na hora de comprar produtos que usan combustíbel ou electricidade teñen a miúdo en conta a súa eficiencia enerxética e unha leve porcentaxe maior (40%) respondeu ter sempre en conta a eficiencia enerxética (9% "case nunca" e 13% "raramente").

### **Diferenzas entre países**

Unha ampla maioría de entrevistados en todos os países do estudo respondeu que case sempre - ou sempre- ten en conta a eficiencia enerxética na hora de comprar produtos que utilizan combustíbel ou electricidade

Influencia da eficiencia enerxética nas decisións de compra:

	Media UE-27	España
Sempre	40	38
Case sempre	35	32
Poucas veces	15	14
Case nunca	3	3
NS/NR	7	13

### ***Relación entre o grao de coñecemento sobre o impacto ambiental e a influencia da eficiencia enerxética nas decisións de compra***

O 55% dos entrevistados que afirmou estar totalmente consciente do impacto ambiental dos produtos que utilizan ou compran e o 44% daqueles que coñecen os impactos máis importantes responderon que sempre teñen en conta a eficiencia enerxética nas súas decisións de compra. As porcentaxes correspondentes para aqueles que recoñeceron coñecer pouco ou nada en absoluto sobre os anteditos impactos foron o 33% e o 30%, respectivamente.

### ***Consideracións sociodemográficas***

A atención prestada á eficiencia enerxética, durante a compra de produtos que usan electricidade ou combustíbel, aumenta coa idade, o nivel educativo e o estado ocupacional dos entrevistados. Máis de 4 en cada 10 (45%) dos que teñen nivel educativo máis alto afirmaron ter sempre en conta a eficiencia enerxética e un 39% máis dixo telo en conta case sempre. A porcentaxe correspondente para as persoas con menores niveis formativos foi dun 39% e un 33%, respectivamente.

## **2.8 A etiquetaxe ecolóxica. Percepcións xerais**

### ***Importancia da etiquetaxe ecolóxica nas decisións de compra***

En termos xerais, un produto con etiqueta ecolóxica (ou servizo) dálle dereito a levar un logotipo que certifica que o produto (ou servizo) é dunha boa calidade ambiental.

Case metade dos cidadáns europeos (47%) dixo que a etiquetaxe ecolóxica xoga un papel importante nas súas decisións de compra. Unha cuarta parte dos entrevistados respondeu que estas etiquetas non son importantes na hora de decidir que produtos comprar e unha proporción similar (26%) afirmou nunca reparar nestas etiquetas.

### Diferenzas entre países

Polo menos 6 en cada 10 entrevistados gregos e malteses (64% e 60%, respectivamente) responderon que a etiquetaxe ecolóxica xoga un papel importante nas súas decisións de compra. Doutra banda, na República Checa os inquiridos foron tres veces menos propensos a escoller esta resposta: só o 22% afirmou que as etiquetas ecolóxicas son importantes nas súas decisións de compra.

Importancia das ecoetiquetas nas decisións de compra (%):

	Media UE-27	España
A etiquetaxe ecolóxica é importante nas miñas decisións de compra	47	49
A etiquetaxe ecolóxica non é importante nas miñas decisións de compra	25	18
Nunca leo as etiquetas	28	33
NS/NR	2	-

Relación entre as decisións de compra e a ecoetiquetaxe

A ecoetiquetaxe parece xogar un papel máis importante nas decisións de compra dos seguintes entrevistados:

- Os que contan cun nivel maior de coñecemento sobre o impacto ambiental dos produtos que utilizan ou compran.
- Aqueles que dixeron que o impacto ambiental do produto é importante nas súas decisións de compra.
- Quen sempre, ou polo menos case sempre, teñen en conta a eficiencia enerxética nas súas decisións de compra.

Importancia das ecoetiquetas nas decisións de compra				
(%) Coñecemento sobre o impacto ambiental do produto	A etiquetaxe ecolóxica é importante nas miñas decisións de compra	A etiquetaxe ecolóxica non é importante nas miñas decisións de compra	Nunca leo as etiquetas	NS/NR
Coñézoos totalmente	65	19	15	1
Coñezo os impactos máis importantes	54	27	18	1
Sei pouco sobre isto	38	28	33	1

Descoñézo totalmente	29	19	50	2
(%) Importancia do impacto ambiental do produto				
Moi importante	66	15	18	1
Bastante importante	46	27	25	1
Pouco importante	15	41	43	1
Nada importante	10	33	57	1
(%) Influencia da eficiencia enerxética				
Coñézoos totalmente	57	22	19	1
Coñezo os impactos máis importantes	48	27	24	1
Sei pouco sobre isto	33	27	38	2
Descoñézo totalmente	23	27	49	1

### **Consideracións sociodemográficas**

A ecoetiquetaxe xoga un papel máis importante nas decisións de compra das mulleres, os que teñen máis de 39 anos, os que teñen un maior nivel de educación e os traballadores por conta propia. Por exemplo, mentres que o 55% dos traballadores por conta propia dixo que as ecoetiquetas son importantes na hora de decidir que produtos comprar, só o 43% dos traballadores por conta allea compartiu esta opinión.

Ao contrario, os homes e as persoas máis novas responderon máis frecuentemente que as ecoetiquetas non son importantes nas súas decisións ou que nunca reparan nestas etiquetas. Por exemplo, o 28% dos homes afirmou que nunca presta atención ás ecoetiquetas e unha proporción similar dixo que non le ningún tipo de etiqueta. Por outra banda, o 31% dos inquiridos co nivel educativo máis baixo dixeran que nunca prestan atención a ningún tipo de etiqueta mentres que só o 19% dos entrevistados co nivel educativo máis alto dixo o mesmo.

### **2.9 Informacións fornecidas nas etiquetas ambientais**

Case 4 en cada 10 cidadáns europeos (38%) era da opinión que a mellor información que unha etiqueta debe ter é sobre se un produto pode ser reciclado ou reutilizado. O segundo tipo de información máis importante nas etiquetas é, consoante a opinión dos cidadáns europeos inquiridos, a confirmación de que un produto provén de fontes máis respetosas do ambiente (opción escollida polo 32% dos inquiridos).

### **Diferenzas entre países**

Unha grande parte dos entrevistados finlandeses (57%), británicos, portugueses e irlandeses (52% en ambos os casos) responderon que a información máis importante que unha ecoetiqueta debería conter é se un produto pode ser reciclado ou reutilizado.

Porcentaxe de persoas que elixiu a resposta de se un produto pode ser reciclado ou reutilizado como a información máis importante nas \*ecoetiquetas:

España: 38

Media UE-27: 38

Letonia foi o único país onde unha leve maioría de entrevistados (53%) confirmou que a información máis importante contida nas ecoetiquetas é sobre se un produto provén de fontes ecolóxicas.

Os inquiridos en Portugal foron os que menos afirmaron que a información máis importante das ecoetiquetas é se un produto provén de fontes ecolóxicas (15%).

Porcentaxe de persoas que elixiu a confirmación de que un produto provén de fontes ecolóxicas como a información máis importante nas ecoetiquetas:

España: 22

Media UE-27: 32

Lituania foi o país onde unha relativa maioría (32%) afirmou que o contido máis importante nas ecoetiquetas era sobre se o embalaxe do produto é ecolóxico.

Porcentaxe de persoas que elixiu a confirmación de que a embalaxe é ecolóxica como a información máis importante nas ecoetiquetas:

Media UE-27: 16

España: 24

A proporción de persoas que escolleu como información máis importante nestas etiquetas a relativa á cantidade de emisións de gas de efecto invernadoiro producidos polo produto, por exemplo a pegada de carbono, foi a máis baixa de todas as alternativas posibles do listado. O país onde se deron as porcentaxes máis altas sobre a importancia de informar sobre a pegada de carbono nas ecoetiquetas foi Portugal (19%) e as máis baixas na Letonia e Polonia (3% e 4%, respectivamente).

Porcentaxe de persoas que elixiu a resposta relativa á cantidade total de emisións de gas de efecto invernadoiro producidas polo produto como a información máis importante nas ecoetiquetas:

Media UE-27: 10

España: 15

### **Relación entre a importancia das ecoetiquetas e a información preferida nestas etiquetas**

Os entrevistados que deron máis importancia ás ecoetiquetas nas súas decisións de compra foron os menos propensos a dicir que a información máis importante nestas etiquetas é a relativa a se un produto pode ser reutilizado ou reciclado.

Información máis importante nas etiquetas ambientais					
(%) Importancia das ecoetiquetas nas decisións de compra	Se o produto pode ser reciclado/reutilizado	Confirmación das fontes ecolóxicas	Confirmación de que a embalaxe é ecolóxica	Cantidade de emisións de gas de efecto invernadoiro	NS/NR
A etiquetaxe ecolóxica é importante nas miñas decisións de compra	35	37	15	11	2
A etiquetaxe ecolóxica non é importante nas miñas decisións de compra	41	29	17	10	4
Nunca leo as etiquetas	40	25	17	9	9

### **Consideracións sociodemográficas**

As mulleres e os participantes con máis idade foron levemente menos propensos que os homes e participantes máis novos a elixir a información sobre a reutilización ou reciclaxe dun produto como a máis importante que deberían conter as ecoetiquetas, aínda que tamén foron os que escolleron máis veces a resposta sobre se un produto provén de fontes respeitosas co ambiente. Por exemplo, o 41% das persoas entre 15 e 24 anos elixiu a primeira resposta e o 30% a segunda. As porcentaxes correspondentes para as persoas maiores de 54 anos foron 36% e 33%, respectivamente.

Os entrevistados con maiores niveis formativos mencionaron con máis frecuencia a resposta sobre a cantidade total de gases de efecto invernadoiro producidas por un produto como información máis importante nestas etiquetas. Esta opción foi elixida polo 12% das persoas con maior formación contra o 7% daquelas con menor nivel educativo.

### **Apoio á etiquetaxe obrigatoria da pegada de carbono**

Máis de 7 en cada 10 europeos (72%) achou que no futuro debería ser obrigatoria unha etiqueta que indique a pegada de carbono dun produto.

Só o 15% dos entrevistados achou que dita etiqueta debería ser de carácter voluntario e o 8% dixo que non está interesado coa pegada do carbono. Para finalizar, 1 en cada 20 inquiridos ou ben non tiña unha opinión respecto diso, ou ben non sabía que responder.

### **Diferenzas entre países**

O apoio á medida de introducir unha etiqueta obrigatoria indicando a pegada de carbono do produto variou desde un 47% na República Checa, o único país onde menos de metade dos entrevistados estaba a prol desa etiqueta, até 9 en cada 10 inquiridos na Grecia e Croacia.

	Media UE-27	España
Si	70	90
Non, debería ser de carácter voluntario	19	7
A pegada do carbono non me interesa	7	1
NS/NR	4	2

### **Consideracións sociodemográficas**

Entre todos os grupos sociodemográficos, polo menos 7 en cada 10 entrevistados estivo de acordo con que no futuro debería ser obrigatoria unha etiqueta que indicase a pegada de carbono do produto, sendo as mulleres, os traballadores empregados e os residentes urbanos os que máis expresaron esta opinión (entre todos un 75%).



## **2.10 A Etiqueta Ecolóxica da UE**

A flor é o símbolo desta etiqueta e é un programa voluntario deseñado para estimular ás empresas a introducir no mercado produtos e servizos que sexan máis respetuosos co ambiente e axudar aos consumidores europeos, incluíndo compradores públicos e privados, a escoller opcións máis ecolóxicas na hora de comprar un produto ou servizo.

O 61% dos entrevistados admitiu non ter visto ou ouvido nada sobre a Etiqueta Ecolóxica Europea e un 19% afirmou tela visto ou ouvido falar dela.

### **Diferenzas entre países**

Unicamente en dous países a metade dos participantes afirmaron coñecer esta etiqueta, en Estonia (51%) e Dinamarca (50%). No Reino Unido, Suecia e Italia, doutra banda, polo menos dous terzos dos participantes dixo non coñecer en absoluto este distintivo (73%,

67% e 66%, respectivamente). Noutros países como Dinamarca (33%), España (29%), Malta (28%), Lituania e Franza (ambos 26%) polo menos unha cuarta parte dos participantes dixo coñecer esta etiqueta e até comprar produtos que a contiñan.

	Media UE-27	España
Coñecía a existencia da Etiqueta Ecolóxica Europea e comprei produtos con esta etiqueta	18	28
Non coñecía a existencia da Etiqueta Ecolóxica Europea e non comprei produtos con esta etiqueta	19	19
Nunca teño visto ou ouvido nada sobre esta etiqueta	61	52
NS/NR	2	1

### ***Relación entre as decisións ecolóxicas de compra e o coñecemento da Etiqueta Ecolóxica Europea***

Só cerca da metade (49%) dos entrevistados que declararan ser totalmente coñecedores do impacto ambiental que causan os produtos que compran ou utilizan non coñecían nada sobre a Etiqueta Ecolóxica europea, esta proporción aumentou até o 77% para aqueles que admitiron non coñecer "nada" sobre as consecuencias que provocan na natureza os produtos que usan ou compran.

### ***Consideracións sociodemográficas***

As persoas cun menor nivel educativo foron as que menos coñecían a existencia da Etiqueta Ecolóxica Europea, as cales rexistraron unha porcentaxe dun 69%, mentres que a porcentaxe de persoas que tiñan niveis educativos máis altos e que coñecían esta etiqueta foi dun 56%.

## **2.11 Consideracións finais**

Relativamente ás conclusións extraídas desta enquisa cabe dicir que os datos analisados mostran unha tendencia positiva de cara a conseguir os obxectivos ambientais e de sustentabilidade suscitados por na Unión Europea. O fomento dos produtos respetuosos co ambiente preséntase como un aspecto fundamental no camiño cara a un dos obxectivos da UE como é a redución do 20% das emisións de CO para o ano 2020.

Na hora de fomentar o consumo de produtos respetuosos co ambiente, resulta interesante analizar as diferenzas sociodemográficas que presentan os grupos inquiridos no que se refire á posíbel implementación dun código ambiental voluntario dirixido aos comerciantes. En termos xerais, existe un forte apoio a que os comerciantes retalistas fomenten os produtos respetuosos co ambiente. En particular, as persoas



que en maior medida estiveron concordaron con esta medida foron as mulleres, os participantes máis novos e aqueles que aínda se encontraban en proceso educativo e os traballadores manuais. Ao redor de metade (40%) das persoas entre 15 e 24 anos apoiaron esta idea e o 38% dos que teñen máis de 54 anos tamén o fixo. Doutra banda, os homes, as persoas entre os 40 e 54 anos, os participantes con maior nivel educativo, os traballadores por conta propia, os empregados e as persoas que viven na cidade achaban en maior medida que sería máis efectiva unha medida lexislativa de carácter obrigatorio. A metade dos entrevistados con maior formación apostaba nunha lexislación obrigatoria mentres que esta porcentaxe foi menor (38%) no grupo de persoas con menor nivel educativo.

A modo de conclusión, obsérvase que en termos xerais, os resultados demostran que os cidadáns europeos seguen a apoiar medidas máis sustentábeis e estarían prontos a mudar os seus costumes para as potenciar.

### **3. REFLEXIÓNS XERAIS UNIÓN EUROPEA - ESPAÑA**

O consumo nos lares de bens e servizos é un dos maiores desencadeantes globais do uso de recursos e está directamente relacionado cos impactos negativos no ambiente. Neste sentido, a realización de estudos que sirvan para entender o comportamento dos consumidores tórnase en algo imprescindíbel para conseguir reducir as presións ambientais derivadas dos padróns de consumo públicos e privados.

Esta enquisa céntrase na análise dos hábitos de consumo dos cidadáns en relación con distintos aspectos ambientais así como o equipamento nos lares e as boas prácticas nas vivendas. Analízanse aspectos como o uso do auga, a enerxía, os residuos ou a mobilidade urbana.

Segundo este estudo, os españois están cada vez máis concienciados co medio e adoptan pautas de consumo e actitudes máis sustentábeis. Continuar cos padróns de consumo tradicionais non é unha opción a estas alturas e, por este motivo, estanse a desenvolver novos modelos que non comprometan as necesidades das futuras xeracións nen danen a natureza.

Esta enquisa demostra que o consumo de auga é unha das preocupacións dos españois e que se tenta tomar medidas respecto diso. O 96,9% dos lares toma algunha medida para economizar auga como demostran os datos que indican que en 8 en cada 10 úsanse as máquinas de lavar e lavalouzas a plena carga (81,9%) ou que o 86,6% das familias desconxela con antelación a comida para evitar facelo utilizando auga. Outras medidas que

se toman nas vivendas españolas e que reducen o uso do auga corrente son, por exemplo, colocar unha botella de auga no refrixerador para tela sempre fresca (64,2%), colocar un cesto dos papeis no cuarto de baño para non utilizar o retrete como cubo de lixo (54,7%), encher a pía da louza antes de lavar os pratos (38,8%), diminuír o caudal das billas (30,8%) e reciclar a auga (22,9%).

Existen diferenzas relativamente ao uso da auga como demonstra o feito de que nas Comunidades Autónomas con déficit de auga tense máis en conta o reciclado da mesma e que nos lares de maior tamaño dedícanse máis esforzos por reducir o consumo. Os datos indican que o 73,1% dos lares conta cun dispositivo economizador de auga, o 65,6% conta con algunha billa monomando ou termostática, o 34% dispón de limitadores de descarga da cisterna e o 17% ten instalado outros tipos de dispositivos.

A enerxía é outro dos ámbitos onde durante os últimos anos se produciu un maior consumo e onde o aumento dos lares e a maior procura derivada das mudanzas de comportamento provocou que a melloría na eficiencia enerxética dos produtos se vexa practicamente anulada. En España, as fontes de enerxía máis utilizadas son a enerxía eléctrica, dispoñíbel en practicamente todos os lares, e despois os gases licuados do petróleo (butano, propano....), dispoñíbeis no 42,1% das vivendas, o gas canalizado (40,5%) e os combustíbeis líquidos como o gasóleo (12,5%). A principal fonte de enerxía en capitais de provincia e municipios con máis de 100.000 habitantes é o gas canalizado (56,8%).

A enerxía dedicada á calefacción é un dos ámbitos onde se produce maior gasto, xunto coa iluminación e os aparellos eléctricos, e distintos estudos indican que grande parte da redución do gasto de enerxía no ámbito residencial é debido ás mellorías nos sistemas de climatización nas vivendas.

No plano europeo, a calefacción nos lares representou o 68% do total de enerxía en 2009. En España o 70,3% dos lares ten calefacción aínda que a súa distribución varía entre as distintas comunidades. Grande parte dos impactos directos no ambiente poden ser reducidos mediante a modificación dos padróns de consumo dos consumidores facendo reducir o consumo de enerxía, daí a importancia de ter en conta aspectos como, por exemplo, apagar a calefacción en estancias que non se utilicen ou mellorar a eficiencia térmica das casas. Na Europa, o crecemento económico experimentado nos anos anteriores á crise económica, provocou que, en ocasións, os hábitos de consumo fosen alén da mera necesidade e, neste sentido, a Declaración de Quieve fai fincapé na importancia de modificar os padróns de consumo dos consumidores cara a prácticas máis sustentábeis. Parece existir unha relación entre o nivel de ingresos e o uso da calefacción, canto menos ingresos menos uso e viceversa.

O grao de implementación de electrodomésticos eficientes (con cualificación enerxética A, A+ ou A++) resulta ser baixo e pode ser debido, por unha banda, á escolla persoal, ou, por outro, ao descoñecemento.

Outro aspecto moi importante que analiza esta enquisa é a reciclaxe, con datos bastantes positivos que indican que as familias españolas son conscientes da necesidade de reciclar. O comportamento dos cidadáns con maior disposición para a reciclaxe rexístrase nas capitais de provincia e nos municipios de máis de 100.000 habitantes de España e recíclase máis nas vivendas numerosas e con maior nivel de renda.

Porcentaxe de vivendas cuxos residentes depositan residuos no seu punto específico de recolla:

	%
Papel e cartón	74,5
Vidro	75,3
Envases de plásticos, metálicos	71,8
Produtos químicos, pinturas e produtos de limpeza	21,1
Medicamentos	69,5
Pilas e pequenas baterías	72,3
Aceites de cociña	24,0
Tubos fluorescentes	9,9

Sobre o transporte a conclusión que se tira é que o privado segue a ser o medio preferido de desprazamento para os españois. O uso do transporte público é distinto segundo a Comunidade Autónoma que se tratar, sendo máis usado na Comunidade de Madrid, Canarias, Cataluña e País Basco e menos en Galicia. Outras conclusións sociodemográficas que se derivan da enquisa é que as mulleres e as persoas máis novas e as que teñen máis anos utilizan máis o transporte público. Finalmente, os homes tenden máis a desprazarse en transporte privado e tres en cada catro lares dispoñen de vehículo para o seu uso persoal. Os motivos para usar o transporte privado son a comodidade, a má combinación do servizo público e as necesidades laborais.

Cabe referir que esta enquisa proporciona unha visión xeral do consumo sustentábel e as boas prácticas ambientais nos lares de España axudando, deste xeito, a aumentar o coñecemento entre os cidadáns e a conscienciar á sociedade da importancia de adoptar modos de vida máis sustentábeis.



## PARTE III

### HÁBITOS DE CONSUMO NA EUROPA

#### 1. INTRODUCCIÓN

O gran repto que encaran as economías actualmente reside na necesidade de integrar a sustentabilidade ambiental co desenvolvemento económico e o benestar, o que significa separar a degradación ambiental que estivo tradicionalmente ligada ao crecemento económico. Este é un dos obxectivos chave da Unión Europea. Con todo, os efectos da mudanza climática e a crecente procura de enerxía e recursos poñen en perigo a consecución deste fin. Por este motivo, os esforzos diríxense cara a unha economía máis eficiente en termos de enerxía e consumo de recursos.

Unha análise realizada pola Axencia Europea do Medio Ambiente sobre os 27 Estados membros<sup>3</sup> revelou que a maioría dos impactos ambientais máis importantes causados polo consumo privado dos lares áchanse principalmente nos ámbitos de consumo de comida e bebida, vivenda e infraestrutura e mobilidade. Isto débese a que constitúen as tres áreas nas que os europeos gastamos máis diñeiro e as que supoñen un maior impacto por euro gastado.

O consumo sustentábel e o comportamento do consumidor son aspectos esenciais que se terán en conta nesta revisión e, neste sentido, a Comisión Europea publicou en 2011 o estudo titulado “Políticas para promover un consumo sustentábel”.

#### 2. ENERXÍA

Non cabe dúbida de que o consumo<sup>4</sup> enerxético das vivendas é unha fonte importante de impactos ambientais, en particular, a enerxía utilizada para aquecer as habitacións, quentar a auga e a dedicada ao uso de aparellos eléctricos.

A media de espazo na vivenda aumentou de 86 a 92 m<sup>2</sup> na UE-15 entre os anos 1995 e 2007, mentres que o número de persoas por vivenda se reduciu de 2.8 a 2.4<sup>5</sup> dando lugar

3) AEMA, 2010. O ambiente na Europa: Estado e perspectivas 2010-Síntese. Axencia Europea do Ambiente. Copenhage.

4) O consumo fai referencia tanto ao consumo privado e público de bens e servizos de produción nacional ou importados como aos investimentos en infraestruturas.

5) ODYSEE, 2012. Indicadores de Eficiencia Energética en Europa

a un aumento de 20% no espazo de solo por persoa e, alén diso, produciuse un aumento do número de vivendas. Nos países que forman a UE-12, a media de solo por vivenda aumentou mesmo de forma máis rápida pasando de 62 m<sup>2</sup> para 71 m<sup>2</sup>.

Aínda que a eficiencia enerxética dalgúns tipos de electrodomésticos mellorou de forma moi significativa nas dúas últimas décadas, as mellorías nestes produtos non foron suficientes para contrarrestar o aumento da venda de produtos eléctricos e electrodomésticos. Este aumento pode ser atribuído a distintos factores que inclúen mudanzas nos padróns de consumo debido á redución do tamaño das vivendas e o crecente número de vivendas, o que produce o denominado “efecto rebote” que ocorre cando, apesar de conseguir melloras como a eficiencia enerxética, esta vese contrarrestada por mudanzas de comportamento que fan aumentar a procura e, en consecuencia, o consumo.

O tipo de vivenda ten consecuencias importantes relativamente ao uso de enerxía, o consumo de materiais e ao solo. Un exemplo constitúeno as vivendas de tipo unifamiliar que utilizan aproximadamente un 1,5 ou 2 veces máis de enerxía por m<sup>2</sup> que os edificios multifamiliares e supoñen unha procura maior de solo e uso de material con respecto ás vivendas multifamiliares e aos edificios de varias alturas. O número de vivendas unifamiliares constitúe o 57% do total das vivendas en 19 Estados membros da Unión Europea dos que se dispoñen datos.

De acordo coas estimacións da Unión Europea que teñen en conta as políticas de eficiencia enerxética implantadas durante o 2009, espérase un aumento final da procura de enerxía anual dedicada aos aparellos eléctricos e á iluminación dos lares de 2,2% no período 2010-20, mentres que, ao contrario, estímase que a procura final de enerxía destinada aos sistemas de aquecemento e refrixeración manterase estábel durante o mesmo período.

A Directiva sobre Deseño Ecolóxico para os aparellos que utilizan enerxía (Directiva de Ecodeseño) establece un cadro de requisitos de ecodeseño e os requirimentos de eficiencia enerxética aplicábeis aos produtos relacionados coa enerxía, con novos padróns recentemente adoptados para a aplicación en ares condicionados e sistemas de ventilación, lavalouzas, máquinas de lavar e na iluminación. Esta Directiva foi alargada en 2009 e aplicarase na etiquetaxe enerxética a produtos relacionados coa enerxía –tales como as xanelas– que teñen un potencial importante de aforro enerxético cando se instalan ou utilizan.

A Directiva sobre a eficiencia enerxética dos edificios obriga aos Estados membros a aplicar uns requisitos mínimos na eficiencia enerxética dos edificios novos e dos edificios antigos nos que se fagan reformas importantes así como nos sistemas técnicos de construción.

Todos os edificios novos deben cumprir, de forma aproximada, cos padróns de enerxía cero para o final de ano 2020 e os edificios públicos para o final de 2018. Con esta Directiva preténdese conseguir reducións de 160/210Mt/ano de CO<sub>2</sub> na Unión Europea para 2020, o que suporía o 4-5% das emisións totais de CO<sub>2</sub> en Europa.

Outras iniciativas focadas á melloría no consumo de enerxía están relacionadas coa implantación de dispositivos de medición intelixente ou contadores intelixentes que, aplicados ao consumo de electricidade ou gas e ao ámbito da calefacción, poden axudar os cidadáns a controlar mellor o consumo de enerxía nos lares. Un contador intelixente mostra dunha forma máis accesíbel a enerxía utilizada na vivenda axudando deste xeito aos cidadáns a identificar máis facilmente os aparellos que consomen máis electricidade. Alén diso, móstranse as consecuencias que ten o comportamento humano no que se refire á enerxía e aumenta deste xeito a conscienciación das persoas cara aos seus padróns de consumo enerxético.

O paquete de liberalización do mercado europeo da enerxía require que o 80% das vivendas estean equipadas con contadores intelixentes para o 2020. A este respecto, cabo dicir que a Comisión Europea adoptou recentemente as recomendacións sobre a provisión de contadores intelixentes.

Un estudo realizado en 10.000 fogares demostra que as persoas que se encargan de pagar polo uso da enerxía que consomen os seus lares son máis proclives a desenvolver hábitos de aforro como apagar as luces.

Nos seguintes cadros detállase a distribución do uso de enerxía nos lares segundo os distintos usos en España.

Distribución do consumo de enerxía segundo uso nos fogares en España (%):

Aquecemento	47
Aparellos eléctricos	22
Quentar auga	19
Cociñar	7
Iluminación	4
Air Condicionado	1

Distribución do uso de enerxía dos aparellos eléctricos en España (%):

Refrixeradores	31
Conxeladores	6
Lavadoras	12
Lavalouzas	6
Secadoras de roupa	3

Forno	8
Televisión	12
Computadores	8
Modo Stand By	11
Outros equipamentos	3

A Axencia Europea do Ambiente sobre a situación do transporte no conxunto de 32 países, os 27 países que forman a Unión Europea máis Noruega, Suíza, Islandia, Liechtenstein e Turquía, o número de quilómetros percorridos polos cidadáns aumentou nun 20% entre os anos 1995 e 2007, aproximadamente un incremento do 1,5% por ano. Un dato interesante é que pola primeira vez en 13 anos a procura de transporte de pasaxeiros diminuíu entre os anos 2007 e 2008, posibelmente debido aos efectos da crise económica, aínda que isto non supón ningunha mudanza na tendencia xeral. Os medios de transporte por estrada e o transporte aéreo aumentaron a súa procura significativamente mentres que nos autobuses e trens aumentaron a un ritmo moito máis lento. O número de coches particulares que durante o período entre 1990 e 2008 aumentou un 36% alcanzando unha media de 419 coches por cada 1000 habitantes nos países que se integran na Axencia Europea do Ambiente.

Algúns instrumentos utilizados para disuadir o uso do coche son de tipo económico e, portanto, a súa implementación debe estar combinada con investimentos en alternativas viábeis como un sistema de transporte público efectivo ou carrís bicicleta que fagan atractivas ao público as alternativas sustentábeis que eviten as numerosas situacións de conxestión do tráfico que sofren as cidades. Con cerca do 80% dos cidadáns europeos vivindo en áreas urbanas e unha densidade de 470 coches por cada 1000 habitantes da Europa occidental en 2008, o simple feito de trasladarse dun sitio a outro estase a converter moitas veces nun suplicio pola conxestión. Isto provoca unha perda de tempo e atrasos no posto de traballo, reunións e en actividades educativas, entre outras, o que supón unhas perdas que se estima que son equivalentes ao 2% do Produto Interior Bruto da UE.

### 3. AUGA

A tarificación da auga e o cargo por volume demostrou a súa eficacia na hora de influír no comportamento consumista dos lares. Tamén outros factores, como o acceso a dispositivos de aforro de auga e unha maior sensibilización cidadá, poden xogar un papel importante. Nos países do leste da Europa a procura de auga reduciuse nun 40% desde os inicios dos anos 90 debido, entre outros motivos, ao aumento do prezo da auga. Nos países situados no oeste da Europa tamén se reduciu o consumo aínda que a un ritmo máis baixo.

No caso de España, a redución do consumo de auga veuse acompañada por mudanzas lexislativas no relativo á rega de xardíns ou o enchido de piscinas privadas. Isto significa



que existe a posibilidade potencial de mellorar o panorama de consumo de auga nos lares mediante a revisión e adopción das políticas existentes complementándoas con melloras no deseño urbano e o ordenamento territorial. Con estas accións pódense producir unha serie de melloras moi beneficiosas que reducirían as agresións ambientais provocadas polas vivendas no que se refire á perda da biodiversidade, uso do chan, utilización de materiais e consumo de enerxía e auga, o que revertería no benestar conxunto da sociedade.

No ano 2009, o Eurobarómetro levou a cabo un estudo, *Flash Eurobarometer on water*, que pretendía analizar o grao de coñecemento dos cidadáns sobre a problemática da auga e revelou que moitos europeos non estaban ben informados sobre os problemas que ameazan as augas subterráneas, lagos, ríos e augas costeiras.

Outro estudo publicado en xuño de 2011, a Enquisa Especial do Eurobarómetro 365 sobre as "Actitudes dos europeos cara ao medio ambiente", xa revelaba que cada vez máis se ten en consideración o consumo de auga nas boas prácticas ambientais dos cidadáns. O 43% afirmou reducir o consumo de auga con accións como non deixar a billa aberta mentres se lavan os pratos ou ao tomar unha ducha, sendo a acción en terceiro lugar máis sinalada logo de "separar residuos para reciclar" cun 66% e reducir o consumo de luz (apagando luces, calefacción, etc.) cun 53%.

Debido á importancia que cobra progresivamente a auga nas nosas vidas, en maio de 2012 publicouse o estudo Flash Eurobarómetro 344 sobre a actitude dos europeos con respecto ás cuestións relacionadas coa auga, para pescudar se a conscienciación cidadá sobre os problemas coa auga mellorara durante o tempo. A enquisa a 25.524 cidadáns europeos puxo de manifesto a necesidade de informar mellor á cidadanía, xa que, segundo os datos, os europeos séntense peor informados sobre os problemas da auga nos seus países en comparación co ano 2009. As porcentaxes da poboación que din estar ben informada varían desde o 62% da Dinamarca até o 16% de Letonia. En España só o 18% di estar informado. Outra cuestión que analiza este Eurobarómetro é a percepción da gravidade dos problemas relacionados coa auga e as conclusións mostran que nove en cada 10 cidadáns en Romenia (94%), Italia (91%) e Franza (89%) achan que a calidade da auga representa un grave problema. En España o 72% tamén comparte esta opinión. Ao contrario, na Finlandia (59%), Austria (58%), Alemaña e Países Baixos (ambos 52%) non consideran que a calidade da auga sexa un problema.

Nove en cada dez entrevistados pensa que as substancias químicas usadas na agricultura, como pesticidas e fertilizantes, teñen repercusións no estado da auga no seu país e 7 en cada 10 (71%) pensa que estas sustancias provocan un forte impacto. Esta opinión compártena de forma xeral en Grecia (97%), Franza e Eslovenia (96%) aínda que é menos estendida en Malta (76%) e en Estonia (66%) onde, de resto, o 22% pensa que os pesticidas e fertilizantes non supoñen ningún problema para o estado da auga.

Outro aspecto importante que se tira deste estudo no tocante ao prezo da auga é que a maioría dos europeos estaría a favor dun sistema de pago por uso do auga e tamén, aínda que en menor medida, que o custo reflectise o impacto ambiental do uso desta auga (61%).

Para finalizar coas conclusións que se derivan deste estudo Eurobarómetro, cabe sinalar que dous terzos dos europeos inquiridos acha que a forma máis efectiva de afrontar os problemas relacionados coa auga é proporcionar máis información sobre as consecuencias que ten o seu uso.

O “Proxecto para salvagardar os recursos hídricos da UE”, é unha iniciativa que a Comisión Europea puxo en marcha a finais do 2012 para protexer os recursos hídricos na Europa e constitúe unha estratexia que garante auga de boa calidade en cantidades suficientes para satisfacer as necesidades das persoas, a economía e o ambiente.

## 4. RESIDUOS

Na Unión Europea, cada ano prodúcense 3 billóns de toneladas de lixo, das cales ao redor de 90 millóns de toneladas son considerados residuos perigosos. De acordo coas estatísticas da oficina europea Eurostat, isto significa que cada home, muller ou neno é responsábel de cerca de 6 toneladas de residuos sólidos. Segundo datos da OCDE, entre os anos 1990 e 1995 a cantidade de residuos xerados na Unión Europea aumentou un 10%. A maior parte destes residuos descartados é incinerado ou depositado en lixeiras (67%).

Segundo cálculos da OCDE, para o ano 2020 o volume de lixo xerado podería aumentar nun 45% respecto de os valores de 1995. É necesario, portanto, revertir esta tendencia se non quixermos vivir rodeados de lixo. Os estudos demostran que cada un dos 500 millóns de cidadáns que vive na Europa produce unha media de 524 kg de lixo ao ano, menos que os cidadáns dos Estados Unidos (750 kg) e máis que os xaponeses (400 kg). A UE ten como obxectivo a redución drástica da cantidade de residuos xerados através de novas iniciativas que eviten a produción de residuos, mellor uso dos recursos e a promoción/fomento de padróns de consumo máis sustentábeis.

### 4.1 A focaxe da UE con respecto aos residuos

A focaxe da UE relativamente a esta problemática baséase en 3 principios fundamentais:

1. Prevención de residuos: este é un factor chave en calquera estratexia de xestión de residuos. Se conseguirmos reducir a cantidade de residuos xerada e a súa perigosidade diminuíndo a presenza de substancias perigosas nos

produtos, a súa eliminación será moito máis simple. A prevención na xeración de residuos está estreitamente ligada á melloría nos métodos de produción e á conscienciación cidadá para procurar produtos máis ecolóxicos e que utilicen menos embalaxe.

2. Reciclaxe e reutilización: se non se puidese impedir a xeración de residuos, entón sería importante que a maior parte dos componentes dos produtos poidan ser recuperados, preferibelmente grazas á reciclaxe. A Comisión Europea definiu claramente unhas correntes de residuos específicos de atención prioritaria co obxectivo de reducir o impacto ambiental global. Isto inclúe os residuos de envases, os vehículos no fin da súa vida útil, as baterías e os residuos eléctricos e electrónicos. Ora ben, as directivas europeas obrigan aos Estados membros a introducir leis específicas sobre a recolla de residuos, a reutilización, a reciclaxe e a xestión destes fluxos de residuos. Varios países europeos están logrando reciclar ao redor do 50% dos residuos de envases.
3. Mellora no control e a eliminación final: cando for posíbel, o lixo que non poida ser reciclado ou reutilizado deberá ser incinerado de forma segura, sendo o depósito nas lixeiras a última opción á que recorrer. Ambos métodos, con todo, necesitan un control exhaustivo debido ao seu potencial para causar un dano ambiental severo. A UE aprobou unha directiva que establece directrices estritas sobre o uso das lixeiras e prohíbe certos tipos de residuos como pneumáticos usados e establece obxectivos para a redución da cantidade de residuos biodegradábeis. Outra recente directiva establece estritos límites sobre os niveis de emisións que desprenden as incineradoras. Tamén se pretende reducir as emisións de dioxinas e gases ácidos como óxidos de nitróxeno (NOx), dióxidos de xofre (SO<sub>2</sub>) e cloruro de hidróxeno (\*HCL) que poden ser danos para a saúde humana.

## 4.2 A focaxe do ciclo de vida

Todos os produtos causan impactos ambientais, desde a extracción das materias primas para a súa fabricación até a súa distribución, uso e finalmente a súa eliminación. Isto inclúe uso de enerxía e recursos e contaminación do chan, ar e auga, alén da emisión de gases de efecto invernadoiro.

A análise do ciclo de vida mostrou, por exemplo, que a miúdo é mellor para o ambiente remover unha máquina de lavar vella, apesar dos residuos que isto xera, en lugar de continuar usando un aparello antigo que é menos eficiente en termos de enerxía. Isto é debido a que o maior impacto ambiental dunha máquina de lavar se produce durante a súa utilización. A compra dun electrodoméstico de alta eficiencia enerxética e a utilización de

deterxentes de baixa temperatura axudan a reducir os impactos ambientais que contribúen á mudanza climática, á acidificación e á creación de ozono. A recente Directiva-Cadro sobre residuos inclúe esta focaxe do ciclo de vida nas políticas de residuos, proporciona unha visión máis ampla dos distintos aspectos ambientais e asegura que unha determinada acción ten maiores beneficios en comparación co resto doutras accións.

A reciclaxe tamén economiza enerxía: reciclar unha lata de aluminio, por exemplo, aforra ao redor do 95% da enerxía que se precisa para fabricar unha nova a partir de materias primas.

As persoas xogan un papel moi importante. En moitos Estados membros pídese aos responsábeis dos lares que separen o lixo segundo os distintos tipos de materiais (plástico, vidro, papel, metal, residuos de xardín, etc.) o cal serve para asegurar a calidade do material producido no final do proceso de reciclaxe. Isto aumenta tanto o valor dos materiais como a cantidade de produtos que poden ser fabricados a partir deles.

En xeral, a reciclaxe dos residuos urbanos aumentou dun 19% a un 38% entre os anos 1998 e 2007 e se todos os Estados membros reciclasen o 70% dos seus residuos poderíanse crear polo menos até medio millón de novos postos de traballo en todo o continente europeo.

Os residuos eléctricos e electrónicos procedentes de aparellos electrónicos forman a corrente de residuos que máis creceu na Unión Europea nos últimos anos e espérase que no 2012 alcance os 12 millóns de toneladas por ano. A recolla e o tratamento seguro destes residuos resulta esencial, xa que, a miúdo, conteñen sustancias perigosas como metais pesados que poden causar problemas de contaminación que afectan á saúde.

### ***Pense antes de comprar!***

1. É un produto reciclado ou que se pode reciclar? Isto reduce o impacto ambiental, xa que o novo produto non ten de ser fabricado de novo con materias primas.
2. Evite o lixo proveniente da embalaxe: a comida envasada en distintos compartimentos ou que se presenta ao consumidor como un "mini kit" non só resulta máis cara, senón que produce máis residuos.
3. Compre unicamente a cantidade de alimentos frescos que necesite e reutilice as sobras dos alimentos tornándoas en novos e saborosos pratos.
4. Utilice baterías reutilizábeis e de alta calidade que duran máis e producen

menos residuos. Non se deben deitar as baterías usadas no lixo dos lares, xa que conteñen substancias químicas daniñas que poden contaminar a terra e a auga. Gárdeas por separado para depositalas en centros apropiados como supermercados, tendas de electrónica ou edificios públicos onde poidan ser eliminadas de forma adecuada.

5. Os produtos reutilizábeis son mellores que os descartábeis como, por exemplo, os gardanapos de papel, giletos e vasos de plástico, xa que estes utilizan máis recursos e enerxía que os reutilizábeis e acaban máis rapidamente nas lixeiras.

### ***Pense antes de tirar!***

1. A roupa vella ten unha grande cantidade de usos innovadores. Do mesmo xeito que pode servir para angariar diñeiro para organizacións de beneficencia, a roupa que non se usa pode ser triturada e convertida en material para embalaxe, illamento ou en materia prima para a industria téxtil.
2. Os residuos de pintura e outras substancias pódense depositar en centros especializados de reciclaxe. Caso non tiver acceso a estes centros, deixar secar a pintura e acrecentar serrín ou area de gato para poder tirala ao lixo.
3. Os residuos domésticos non derivados da carne poden converterse en adubo fértil para a terra. Instale un recipiente para preparar adubo tanto no seu xardín como, ou mesmo, un máis pequeno na súa propia casa. Unha boa "receita" consiste en pór capas de materiais compostos de carbono (como follas secas, papel triturado ou plantas mortas) xuntamente con materiais con nitróxeno (follas e herbas verdes, residuos non derivados da carne) nunha proporción de 3 a 1.
4. O vidro reciclábel debe ser levado aos contedores de reciclaxe de vidro, mais non o deixe no seu coche até a súa próxima viaxe aos contedores, xa que o peso engadido ao coche fai aumentar tanto o consumo de gasolina como as emisións.
5. Se non pode desfacerse dos seus móbeis vellos, recicleos. Comprobe se a autoridade local da súa zona ten un servizo de recolla de móbeis para reciclaxe e se non, quizás haxa organizacións de beneficencia na súa área que estarán encantados de os recoller.

A enquisa Eurobarómetro 365 xa mencionada sobre a actitude dos europeos respecto ao ambiente, mostra que só o 47% dos europeos responderon que as etiquetas serven para

identificar os produtos que son verdadeiramente ecolóxicos. Ao contrario, o 48% respondeu que os produtos non están etiquetados de forma apropiada.

Os resultados para España mostran unha situación bastante similar á media europea, cun 48% de persoas que respondeu que as etiquetas non lles servían para identificar de forma correcta os produtos realmente ecolóxicos. O 41% dos cidadáns afirmou que a etiquetaxe ecolóxica dos produtos é a adecuado e o 12% non tiña unha opinión sobre esta cuestión.

A sociedade europea, en xeral, non se sente ben informada sobre os problemas ambientais. Segundo os datos, o 60% dos europeos afirma estar ben informado e o 8% di estar totalmente informado. Do 38% que afirmou non estar ben informado, o 7% considerouse moi mal informado.

Existen grandes diferenzas entre os distintos países. Suecia, Dinamarca e o Reino Unido afirmaron ter bastante información sobre o tema, con porcentaxes do 81%, 80% e 76%, respectivamente. Os niveis máis baixos déronse en España e Portugal (ambos 46%), 47% en Romenia, 48% en Bulgaria e a República Checa, o 52% na Grecia e o 54% na Eslovaquia. O nivel de información está ligado, alén diso, co nivel de formación da persoa. A maioría das persoas que deixaron os estudos antes dos 15 anos dixeron estar moi mal informados (51%) e, en comparación, o 70% dos entrevistados con maior nivel educativo opinaron que estaban ben informados.

O principal obxectivo sería crear alternativas sustentábeis e alcanzábeis, ben como accesíbeis, que resulten atractivas ao público e desenvolver normas e valores sociais que fomenten os estilos de vida sustentábeis. As autoridades locais, que son responsábeis polo 16% de todo o consumo total europeo, desempeñan un papel moi importante através da administración sustentábel e poden contribuír para o aumento da eficiencia de recursos e ser un grande exemplo para consumidores e tamén para empresas. De calquera modo, aínda que os gobernos poidan favorecer esta mudanza, o rol da cidadanía e as empresas é decisivo e a súa actuación é moi importante.

## **5. PRODUCTOS QUE FOMENTAN A SUSTENTABILIDADE**

En relación co consumo responsábel de alimentos, cabe referir que, no conxunto europeo, as despesas relacionadas coa compra de alimentos e bebidas, xunto coas relacionadas co aloxamento, supoñen o maior gasto que se produce na sociedade en xeral e, especialmente, nos lares con rendementos máis baixos. No entanto, nos países europeos máis desenvolvidos e con tendencia ao aumento dos rendementos, a despesa absoluta dedicada a este aspecto tende a permanecer estábel e representa unha escasa proporción do salario.

Mentres que o consumo total de alimentos na Europa é relativamente independente do nivel dos salarios, os tipos de alimentos consumidos e o xeito en que se come e bebe mudou co aumento do benestar e viuse influenciado pola progresiva redución do tamaño dos lares, os efectos da globalización nos mercados de alimentos, a homoxeneización dos gustos e estilos e a redución do tempo dedicado a preparar a comida.

As tendencias europeas máis xerais sobre o consumo de alimentos demostran que:

- Incrementouse o consumo de froita nun 11% na UE-15, posibelmente debido á disponibilidade e á redución dos prezos da froita, normalmente importada.
- Aumentou a compra de alimentos precociñados e conxelados debido á redución do tamaño dos lares, ao menor tempo dispoñíbel dedicado á preparación da comida e á maior inserción da muller no mercado laboral.
- Produciuse un aumento da frecuencia e do gasto dedicado ao consumo de comida preparada para levar e aos restaurantes de comida rápida.
- Aumentou a cantidade de comida importada doutros países. Entre 1990 e 2007, as importacións de carne aumentaron nun 120%, a importación de cereais nun 83%, as verduras conxeladas nun 174% e as bananas nun 92%.
- Obsérvase un marcado aumento do consumo de auga engarrafada en moitos países europeos. O consumo na Unión Europea supuña unha media de 105 litros por persoa en 2009, con valores que oscilaban entre os 16 litros na Finlandia e os 189 litros na Italia. Hai que destacar a enerxía dedicada á fabricación e ao transporte destas botellas que, a miúdo, están fabricadas a partir de recursos non renovábeis.

O aumento da enerxía utilizada no proceso de preparación, venda e distribución de alimentos conxelados, así como a necesidade de conservar estes alimentos conxelados no lar, pode provocar efectos globais negativos e daí a importancia de consumir alimentos de tempada.

O pastoreo do gando a miúdo ten un papel importante na manutención e a protección da biodiversidade e as pastorizas ben xeridas son unha fonte de absorción de carbono.

É neste aspecto onde cobra importancia a agricultura ecolóxica que reduce os impactos ambientais.

Outra cuestión importante é a relativa ao desperdicio de comida. De acordo con datos extraídos da Oficina Estatística da Unión Europea Eurostat, estimouse que en 2006 na

Unión Europea (UE-27) xeráronse ao redor de 85 millóns de toneladas ou 181 kg por persoa de desperdicios de comida, dos cales o 42/43% proviña dos lares, o 39% de actividades industriais e o resto doutras fontes que inclúen retallistas, grosistas e o sector alimentario mais excluindo os residuos agrícolas.

Un estudo de seguimento a este respecto demostrou que entre os anos 2007 e 2010 o desperdicio de comida reduciuse nun 13% e estimouse que o 4% do impacto na auga e 17 millóns de toneladas de emisións GEI poden ser asociados co desperdicio evitábel de comida. Disto dérívase que calquera redución no desperdicio evitábel de comida supón unha diminución equivalente no impacto ambiental ocasionado polo proceso de produción.

A solución para a mudanza nos padróns de consumo alimentarios está relacionada con aspectos chave como o prezo dos alimentos, a reforma da Política Agrícola Común (PAC), as melloras nos custos de transporte, o desenvolvemento de biocombustíbeis e as melloras na xestión da procura global de alimentos e as preferencias derivadas de cuestións de saúde ou de mudanzas na cultura alimentaria.

Durante o ano 2011 publicouse a enquisa Eurobarómetro 316 sobre a actitude dos europeos con respecto á eficiencia dos recursos e os resultados mostraban que cerca do 11% dos europeos entrevistados afirmou non ter desperdiciado nada da comida que comprara. Ao contrario, 7 en cada 10 inquiridos (71%) calculou que ao redor do 15% da comida que comprara terminara no lixo. Até un 13% estimou que tivera de tirar ao lixo entre o 16% e o 30% da comida comprada e, finalmente, un 4% de persoas dixo que máis do 30% da comida comprada terminara no lixo.

	España	Media europea
NS/NR	-	-
Máis do 30%	5	3
16% a 30%	15	15
15% ou menos	65	67
Ningún	15	15

Sobre o consumo de alimentos ou produtos ecolóxicos, os resultados da enquisa especial do Eurobarómetro 365 publicada en xuño de 2011 sobre a actitude dos cidadáns europeos con respecto ao ambiente mostran que, no caso de España, o 60% dos cidadáns está totalmente de acordo coa opción de comprar produtos respetuosos co ambiente apesar de ter un prezo máis elevado. A media europea sobre esta cuestión rexistrou unha porcentaxe do 72%.



## PARTE IV

### ENQUISA SOBRE HÁBITOS DE CONSUMO DA CIDADANÍA VIGUESA

#### 1. METODOLOXÍA

##### 1.1 Método de recompilación de datos e fontes

Os datos necesarios para levar a cabo o estudo foron obtidos a partir dunha enquisa sobre un número representativo de cidadáns do municipio.

Este método permitiunos coñecer o grao de implicación e conscienciación da cidadanía co ambiente no relativo a:

- Consumo de enerxía
- Consumo de auga
- Xeración de residuos
- Consumo responsábel

No Anexo A1 móstrase o cuestionario aplicado.

##### 1.2 Escala de valoración

A enquisa aplicada constou de 30 preguntas con 5 respostas posíbeis (incluída a NS/NR). Cada resposta ten ponderado un valor do seguinte modo:

- Nunca: 0 puntos
- Ás veces: 2 puntos
- Case sempre: 3 puntos
- Sempre: 5 puntos

Portanto, o número total de puntos que pode obter un cidadán na enquisa son 150 puntos.

Para poder determinar o grao de conscienciación establecéronse uns tramos crecentes do seguinte xeito:

- Nada conscienciado: 0 - 37,5 puntos
- Pouco conscienciado: 37,6 - 75 puntos
- Bastante conscienciado: 75,1 - 112,5 puntos
- Moi conscienciado: 112,6 - 150 puntos

### 1.3 Ficha técnica

Ámbito: Local (municipio de Vigo).

Universo: Residentes no municipio de Vigo de ambos os xéneros e con máis de 15 anos.

Procedemento da mostraxe: Estratificada aleatoria con afixación proporcional por distrito, xénero, grupo de idade e situación socio-laboral.

Tamaño da mostra: 1302 individuos.

Puntos de mostraxe: Na vía pública através de entrevista persoal con cuestionario.

Erro mostral: Para un nivel de confianza do 95% con sucesos equiprobábeis  $p = q$ , o erro é do  $\pm 2,709\%$  en variábeis dicotómicas.

Data de realización: novembro-décembro 2012.

A análise realizada dos datos consistiu na obtención das porcentaxes de cidadáns que están en cada tramo para os distintos segmentos da poboación:

- Global
- Por zona de residencia
- Por xénero
- Por idade
- Por situación laboral

O Anexo A2 mostra a división do municipio de Vigo en zonas e distritos.

## 2. INFORME DE RESULTADOS

### 2.1 CARACTERIZACIÓN DOS SUXEITOS

Resultados expresados en %.

#### 1. Xénero

	Homes	Mulleres
Global	47,5	52,5
Idade		
15-34	51,2	48,8
35-54	47,6	52,4
55-74	46,8	53,2
≥75	36,4	63,6
Zona de residencia		
Rural	47,5	52,5
Semiurbana	48,1	51,9
Urbana	47,1	52,9
Situación laboral		
Estudiante	52,6	47,4
Desempregado	54,3	45,7
Traballo non remunerado	1,0	99,0
Traballo remunerado	56,8	43,2
Pensionista	56,8	43,2

#### 2. Idade

	15-34	35-54	55-74	≥75
Global	30,9	35,5	24,3	9,3
Xénero				
Home	33,3	35,6	23,9	7,1
Muller	28,7	35,4	24,6	11,3
Zona de residencia				
Rural	32,0	37,0	21,5	9,4
Semiurbana	31,8	35,8	23,2	9,3
Urbana	30,0	34,7	25,0	9,3
Situación laboral				
Estudiante	98,0	2,0	0,0	0,0
Desempregado	43,0	45,7	11,2	0,0
Traballo non remunerado	7,2	37,1	39,7	16,1
Traballo remunerado	27,2	55,0	17,8	0,0
Pensionista	1,7	7,5	53,5	37,3

### 3. Zona de Residencia

	Rural	Semiurbana	Urbana
Global	13,9	34,8	51,3
Xénero			
Home	13,9	35,3	50,8
Muller	13,9	34,4	51,7
Idade			
15-34	14,4	35,8	49,8
35-54	14,5	35,1	50,4
55-74	12,3	33,2	54,4
≥75	14,0	34,7	51,2
Situación laboral			
Estudante	15,1	28,9	55,9
Desempregado	13,6	39,1	47,3
Traballo non remunerado	10,8	34,0	55,2
Traballo remunerado	15,1	36,2	48,7
Pensionista	13,7	32,0	54,4

### 4. Situación laboral

	Estudante	Desempregado	Traballo non remunerado	Traballo remunerado	Pensionista
Global	11,7	19,8	14,9	35,0	18,5
Xénero					
Home	12,9	22,7	0,3	41,9	22,2
Muller	15,2	17,3	28,1	28,8	15,2
Idade					
15-34	37,1	27,6	3,5	30,8	1,0
35-54	0,6	25,5	15,6	54,3	3,9
55-74	0,0	9,2	24,4	25,6	40,8
≥75	0,0	0,0	25,6	0,0	74,4
Zona de residencia					
Rural	12,7	19,3	11,6	38,1	18,2
Semiurbana	9,7	22,3	14,6	36,4	17,0
Urbana	12,7	18,3	16,0	33,3	19,6

## 2.2 RESULTADOS GLOBAIS

Resultados expresados en %.

### A) GRAO DE CONSCIENCIACIÓN

#### Grado de conscienciación global

Nada	Pouco	Bastante	Moito
1,5	32,7	61,3	4,5

#### Comparativa grao de conscienciación por xénero

	Nada	Pouco	Bastante	Moito
Mulleres	1,2	30,5	63,4	5,0
Homes	1,9	35,1	59,1	3,9

#### Comparativa grao de conscienciación por idades

	Nada	Pouco	Bastante	Moito
15-34 anos	1,7	44,8	51,7	1,7
35-54 anos	1,1	31,0	62,1	5,8
55-74 anos	2,5	22,8	69,6	5,1
75-99 anos	0,0	24,8	68,6	6,6


#### Comparativa grao de conscienciación por situación laboral

	Nada	Pouco	Bastante	Moito
Estudantes	2,0	55,3	40,8	2,0
Desempregados	0,8	31,0	65,5	2,7
Traballo non remunerado	1,5	21,6	70,1	6,7
Traballador en activo	2,2	37,3	56,1	4,4
Pensionista	0,8	20,3	72,2	6,6


## B) ESTUDO DE FRECUENCIAS NO SEGUIMENTO DAS PRÁCTICAS AMBIENTAIS

### CONSUMO DE ENERXÍA


P1. Pecha os radiadores das habitacións non utilizadas ou que teñen demasiada calor




P2. Controla, avalía e compara o orzamento do seu fogar que dedica a enerxía (luz, gas...)




P3. Utiliza luces de baixo consumo na súa casa




P4. Cando ten que pór unha lavadora ou un lavalouza, espera a ter suficiente roupa ou louza para encher ou utiliza a media carga, se ten a opción




P5. En xeral, soe lavar a roupa en auga fría




P6. Á hora de comprar un electrodoméstico, ten en conta o consumo de enerxía e auga para decidirte por un modelo, ten en conta a súa etiquetaxe enerxética



P7. Nos desprazamentos diarios e urbanos que realizan os membros da súa casa por razóns de traballo, utilizan xeralmente o transporte público




P8. En caso de realizar os desprazamentos laborais en vehículo privado, compárteo con outras persoas




## CONSUMO DE AUGA


P9. Leva a cabo un seguimento do consumo periódico de auga (en m<sup>3</sup>)



P10. Realiza periodicamente unha revisión e mantemento da instalación de abastecemento e sumidoiro de auga da súa vivenda




P11. Pecha a billa da auga mentres se cepilla os dentes e fomenta este hábito entre os membros da súa familia







P12. Elimina polo sumidoiro ou retrete produtos que son tóxicos ou irritantes como amoníaco ou lixivia



P13. Utiliza ducha en lugar de baño




P14. Rega as plantas e o xardín nas horas de menor intensidade de sol




## XERACIÓN DE RESIDUOS


P15. Separa os residuos en orixe: papel-cartón; vidro; envases e materia orgánica, e depóstaos nos colectores correspondentes




P16. Utiliza o sistema de recollida selectiva municipal para os residuos volumosos (colchóns, mobles, electrodomésticos...)




P17. Utiliza pilas recargábelas




P18. Evita, na medida do posíbel, comprar produtos que necesiten pilas para o seu funcionamento




P19. Na hora de realizar a compra, escolle aqueles produtos menos embalados




P20. Entrega os aceites de cociña a empresas especializadas ou lévaos a puntos limpos




P21. Evita comprar aerosois



P22. Imprime polas dúas caras a fin de aforrar consumo de papel




P23. Reutiliza as bolsas de plástico que lle dan no supermercado, usándoas como bolsas de lixo, por exemplo




### CONSUMO RESPONSÁBEL


P24. Controla a verdadeira necesidade dos diferentes produtos (alimentos, produtos de limpeza, papel, roupa, cosmeticos) que compra




P25. Tenta comprar os produtos alimenticios (verdura, peixe, froitas) de temporada




P26. Consome produtos que exhiben algún tipo de etiqueta ecolóxica




## P27. Utiliza produtos reciclados




## P28. Compra preferentemente produtos procedentes de agricultura e gandería ecolóxicas



## P29. Tenta comprar produtos certificados coa marca de comercio xusto



## P30. Á hora de comprar produtos de limpeza, examina o produto tendo en conta a simboloxía laranxa que exhibe (tóxico, inflamábel, nocivo...)



## 2.3 RESULTADOS POR ZONAS

Resultados expresados en %

### A) GRAO DE CONSCIENCIACIÓN

	Nada	Pouco	Bastante	Moito
Urbana	0,9	26,7	65,2	7,2
Semiurbana	2,0	41,3	55,8	0,9
Rural	2,8	33,1	60,8	3,3

### B) ESTUDO DE FRECUENCIAS

#### CONSUMO DE ENERXÍA

**Pecha os radiadores das habitacións non utilizadas ou que teñen demasiada calor?**

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	5	17	25	47	6
Semiurbana	4	6	21	67	1
Urbana	7	18	24	49	2

**Controla, avalía e compara o orzamento do seu lar que dedica a enerxía (luz, gas...)?**

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	13	20	22	40	4
Semiurbana	12	12	23	50	3
Urbana	5	15	22	56	2

**Utiliza luces de baixo consumo na súa casa?**

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	6	31	29	30	3
Semiurbana	9	18	27	44	2
Urbana	6	22	35	34	3

**Cando ten que pór unha máquina de lavar ou un lavalouza, espera a ter suficiente roupa ou louza para encher ou utiliza a media carga, se ten a opción?**

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	1	10	33	49	7
Semiurbana	11	8	18	44	18
Urbana	2	8	19	60	11

### En xeral, costuma lavar a roupa en auga fría?

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	1	7	39	46	7
Semiurbana	11	19	33	17	19
Urbana	5	14	34	32	16

### Na hora de comprar un electródomeístico, ten en conta o consumo de enerxía e auga para decidirse por un modelo?, Ten en conta a súa etiquetaxe enerxética?

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	14	25	22	28	10
Semiurbana	40	25	7	15	13
Urbana	22	18	11	35	14

### Nos desprazamentos diarios e urbanos que realizan os membros da súa casa por razóns de traballo, utilizan xeralmente o transporte público?

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	27	35	13	22	3
Semiurbana	18	17	15	38	12
Urbana	27	41	9	15	8

### En caso de realizar os desprazamentos laborais en vehículo privado, compárteo con outras persoas?

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	29	36	10	8	16
Semiurbana	40	20	6	4	30
Urbana	23	44	9	7	17

## CONSUMO DE AUGA

### Leva a cabo un seguimento do consumo periódico de auga (en m<sup>3</sup>)?

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	14	12	21	51	2
Semiurbana	11	21	25	39	5
Urbana	15	15	18	49	3

### Realiza periodicamente unha revisión e manutención da instalación de abastecemento e sumidoiro de auga da súa vivenda?

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	18	26	27	22	7
Semiurbana	29	38	18	11	4
Urbana	28	29	18	18	7

### Pecha a billa da auga mentres se cepilla os dentes e fomenta este hábito entre os membros da súa familia?

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	1	9	23	66	1
Semiurbana	3	9	22	65	1
Urbana	2	7	22	69	0

### Elimina polo sumidoiro ou retrete produtos que son tóxicos ou irritantes como amoníaco o lixivia?

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	15	29	35	19	2
Semiurbana	15	42	21	19	4
Urbana	17	38	22	18	6

### Utiliza ducha en lugar de baño?

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	1	7	20	71	1
Semiurbana	1	6	25	68	0
Urbana	1	7	23	68	0

### Rega as plantas e o xardín nas horas de menor intensidade de sol?

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	8	6	14	40	31
Semiurbana	8	13	13	34	32
Urbana	14	11	16	26	33



## XERACIÓN DE RESIDUOS

**Separa os residuos en orixe: papel-cartón; vidro; envases e materia orgánica, e deposítaos nos colectores correspondentes?**

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	8	15	30	46	1
Semiurbana	5	12	27	56	0
Urbana	5	13	25	57	0

**Utiliza o sistema de recolla selectiva municipal para os residuos volumosos (colchóns, móbeis, electrodomésticos...)?**

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	18	24	22	27	9
Semiurbana	17	35	15	28	5
Urbana	21	28	17	26	7

**Utiliza baterías recargábeis?**

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	34	30	23	10	3
Semiurbana	21	27	37	14	1
Urbana	18	31	33	17	1

**Evita, na medida do posíbel, comprar produtos que precisen baterías para o seu funcionamento?**

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	31	41	21	4	3
Semiurbana	31	42	20	6	2
Urbana	24	42	18	12	3

**Na hora de realizar a compra, escolle aqueles produtos menos embalados?**

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	54	24	9	2	10
Semiurbana	47	34	12	4	4
Urbana	47	35	7	6	5

**Entrega os aceites de cociña a empresas especializadas ou lévaos a puntos limpos?**

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	31	26	18	14	10
Semiurbana	42	21	17	16	5
Urbana	51	21	11	12	6

**Evita comprar aerosois?**

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	45	30	12	3	9
Semiurbana	43	37	13	5	2
Urbana	43	31	12	8	6

**Imprime polas dúas caras a fin de aforrar consumo de papel?**

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	16	24	18	15	27
Semiurbana	13	27	24	23	13
Urbana	13	23	20	25	19

**Reutiliza as bolsas de plástico que lle dan no supermercado, usándoas como bolsas de lixo, por exemplo?**

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	1	2	11	85	1
Semiurbana	1	3	16	79	1
Urbana	1	3	15	81	0

**CONSUMO RESPONSÁBEL****Controla a verdadeira necesidade dos diferentes produtos (alimentos, produtos de limpeza, papel, roupa, cosméticos) que compra?**

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	6	13	27	55	1
Semiurbana	3	21	23	51	1
Urbana	5	17	30	49	0

**Tenta comprar os produtos alimenticios (verdura, peixe, frutas) de temporada?**

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	5	15	40	39	1
Semiurbana	5	24	36	33	3
Urbana	7	32	28	31	1

**Consome produtos que mostran algún tipo de etiqueta ecolóxica?**

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	17	49	20	5	9
Semiurbana	19	50	18	5	8
Urbana	23	49	16	6	6

**Utiliza produtos reciclados?**

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	18	55	17	3	7
Semiurbana	14	52	22	7	5
Urbana	18	48	22	7	4

**Compra preferentemente produtos procedentes de agricultura e gandería ecolóxicas?**

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	43	35	17	3	3
Semiurbana	41	34	17	4	4
Urbana	45	35	11	4	5

**Tenta comprar produtos certificados coa marca de comercio xusto?**

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	35	47	8	2	9
Semiurbana	44	37	8	2	9
Urbana	47	33	8	4	9

**Á hora de comprar produtos de limpeza, examina o produto tendo en conta os simbolos laranxa que mostra (tóxico, inflamábel, nocivo,...)?**

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Rural	57	18	8	9	8
Semiurbana	50	22	14	5	8
Urbana	53	24	9	7	8

**2.4 COMPARATIVA ENQUISA 2007 - 2012**

Resultados expresados en %

**A) GRAO DE CONSCIENCIACIÓN**

Global

	Nada	Pouco	Bastante	Moito
2012	1,5	32,7	61,3	4,5
2007	1,9	65,0	32,7	0,4

## Zonas

	Nada	Pouco	Bastante	Moito
Urbana/2012	0,9	26,7	65,2	7,2
Urbana/2007	2,5	68,8	28,7	0,0
Semiurbana/2012	2,0	41,3	55,8	0,9
Semiurbana/2007	1,5	66,4	31,7	0,4
Rural/2012	2,8	33,1	60,8	3,3
Rural/2007	0,6	45,9	51,7	1,8

## Por xénero

	Nada	Pouco	Bastante	Moito
Muller 2012	1,2	30,5	63,4	5,0
Muller 2007	1,2	65,8	32,6	0,4
Home 2012	1,9	35,1	59,1	3,9
Home 2007	2,7	64,1	32,9	0,3

## Por idade

	Nada	Pouco	Bastante	Moito
15-34/ 2012	1,7	44,8	51,7	1,7
15-34/ 2007	1,1	61,4	37,3	0,2
35-54/2012	1,1	31,0	62,1	5,8
35-54/ 2007	1,6	61,2	36,7	0,5
55-74/ 2012	2,5	22,8	69,6	5,1
55-74/ 2007	1,3	74,2	23,8	0,7
≥75- /2012	0,0	24,8	68,6	6,6
≥75- /2007	8,8	69,6	21,6	0,0

## B) ESTUDO DE FRECUENCIAS

RESULTADOS OBTIDOS NOS NÍVEIS “CASE SEMPRE” E “SEMPRE” EN CADA UNHA DAS PREGUNTAS FORMULADAS (eliminando o efecto NS/NR)

### CONSUMO DE ENERXÍA

	2012	2007
Pecha os radiadores das habitacións non utilizadas ou que teñen demasiada calor?	80	54
Controla, avalía e compara o orzamento do seu fogar que dedica a enerxía (luz, gas...)?	76	55
Utiliza luces de baixo consumo na súa casa?	71	37
Cando ten que pór unha máquina de lavar ou un lavalouza, espera a ter suficiente roupa ou louza para encher ou utiliza a media carga, se ten a opción?	85	75
En xeral, costuma lavar a roupa en auga fría?	75	70
Na hora de comprar un electrodoméstico, ten en conta o consumo de enerxía e auga para decidirse por un modelo?, Ten en conta a súa etiquetaxe energética?	44	55
Nos desprazamentos diarios e urbanos que realizan os membros da súa casa por razóns de traballo, utilizan xeralmente o transporte público?	39	31
En caso de realizar os desprazamentos laborais en vehículo privado, compárteo con outras persoas?	18	23

### CONSUMO DE AGUA

	2012	2007
Leva a cabo un seguimento do consumo periódico de auga (en m <sup>3</sup> )?	69	37
Realiza periodicamente unha revisión e manutención da instalación de abastecemento e sumidoiro de auga da súa vivenda?	38	25
Pecha a billa da auga mentres se cepilla os dentes e fomenta este hábito entre os membros da súa familia?	90	65
Elimina polo sumidoiro ou retrete produtos que son tóxicos ou irritantes como amoníaco o lixivia?	44	25
Utiliza a ducha en lugar de baño?	92	66
Rega as plantas e o xardín nas horas de menor intensidade de sol?	68	65

### XERACIÓN DE RESIDUOS

	2012	2007
Separa os residuos en orixe: papel-cartón; vidro; envases e materia orgánica, e depóstaos nos colectores correspondentes?	82	55
Utiliza o sistema de recolla selectiva municipal para os residuos volumosos (colchóns, móbeis, electrodomésticos...)?	47	64
Utiliza baterías recargábeis?	49	33
Evita, na medida do posíbel, comprar produtos que precisen baterías para o seu funcionamento?	29	30
Na hora de realizar a compra, escolle aqueles produtos menos embalados?	15	22

Entrega os aceites de cociña a empresas especializadas ou lévaos a puntos limpos?	29	9
Evita comprar aerosois?	20	39
Imprime polas dúas caras a fin de aforrar consumo de papel?	54	60
Reutiliza as bolsas de plástico que lle dan no supermercado, usándoas como bolsas de lixo, por exemplo?	96	86

## CONSUMO RESPONSÁBEL

	2012	2007
Controla a verdadeira necesidade dos diferentes produtos (alimentos, produtos de limpeza, papel, roupa, cosméticos) que compra?	78	63
Tenta comprar os produtos alimenticios (verdura, peixe, frutas) de temporada?	67	59
Consome produtos que mostran algún tipo de etiqueta ecolóxica?	24	15
Utiliza produtos reciclados?	29	18
Compra preferentemente produtos procedentes de agricultura e gandería ecolóxicas?	19	15
Tenta comprar produtos certificados coa marca de comercio xusto?	12	14
Na hora de comprar produtos de limpeza, examina o produto tendo en conta os símbolos laranxa que mostra (tóxico, inflamábel, nocivo,...)?	19	46

## 2.5 COMPARATIVA ENTRE VIGO, A UE E ESPAÑA

### CONSUMO DE ENERXÍA

	VIGO	UE	ESPAÑA
Nunca pecha os radiadores das habitacións aínda que non as utilice ou estea ausente delas	6	-	9
Utiliza sempre luces de baixo consumo na súa casa	37	-	16
Utiliza ás veces luces de baixo consumo na súa casa	54	-	53
Uso da máquina de lavar roupa ou lava louza a plena carga	74	-	82
Non repara na eficiencia enerxética (consumo de enerxía) na hora de comprar un electródomeístico	27	-	35
Repara sempre na eficiencia enerxética (consumo de enerxía) dos electrodomésticos que compra	27	19	12

### CONSUMO DE AGUA

	VIGO	UE	ESPAÑA
Regula o caudal das billas nos seus hábitos domésticos (por exemplo, no cepillado dos dentes)	67	-	31

## XERACIÓN DE RESIDUOS

	VIGO	UE	ESPAÑA	GALICIA
Separa os residuos en orixe: papel-cartón; vidro; envases e materia orgánica, e deposítaos nos colectores correspondentes?	82	-	75	60
Uso do sistema de recolla selectiva municipal para os residuos volumosos (electrodomésticos, computadores, colchóns,...)	44	-	66	-
Entrega dos aceites de cociña en empresas especializadas ou en puntos limpos	27	-	24	14

## CONSUMO RESPONSÁBEL

	VIGO	UE	ESPAÑA
Consumo de produtos que mostran algún tipo de etiqueta ecolóxica	22	-	19
Consumo de produtos procedentes da agricultura ou gandaría ecolóxicas	53	72	60

## 3. TENDENCIAS OBSERVADAS

### 3.1 CARACTERIZACIÓN DOS SUXEITOS

#### **Xénero**

Consoante o censo municipal, é maior a proporción de mulleres (52,5%) que de homes (47,5%), circunstancia común en todas as zonas e distritos, sen mostrar relacións de significancia estatística.

Por grupos de idade só existen máis homes no tramo comprendido entre 15-34 anos (51,2%), contra o 48,8% de mulleres. A maior proporción de mulleres prodúcese nos que teñen máis de 75 anos, chegando a representar o 63,6% contra o 36,4% de homes.

Sen diferenzas significativas, na zona rural residen máis mulleres que homes (52,9% contra o 47,1%). Ao contrario, é na zona semiurbana onde máis homes residen (48,1%), contra o 51,9% de mulleres.

#### **Idade**

A maioría da poboación viguesa entrevistada (66,4%) encádrase nos tramos de idade comprendidos entre os 15 e 54 anos (30,9% entre os 15-34 e 35,5% entre 35-54 anos). A faixa de idade superior aos 75 anos representa o 9,3% da poboación entrevistada.

Por tramos de idade non existen relacións de significancia estatística por zonas.

### **Situación laboral**

Un 35,0% das persoas entrevistadas considerouse traballador que realiza traballos remunerados. O restante distribúese entre persoas desempregadas (19,8%), pensionistas (18,5%), que realizan traballos non remunerados (14,9%) e estudantes (11,7%).

As persoas que realizan traballos remunerados son na súa maioría homes (56,8%) e de idades comprendidas entre 35-54 anos (55,0%).

Máis da metade das persoas pensionistas son homes (56,8%), predominando neste grupo as persoas de idades comprendidas entre 55-74 anos (53,5%) e os que teñen máis de 75 (37,5%).

Os homes constitúen a maioría (54,3%) das persoas desempregadas inquiridas. O colectivo de desempregados representa máis dunha cuarta parte tanto das persoas entre 35-74 anos (25,5%) como dos comprendidos entre 15-34 (27,6%). Nas persoas comprendidas entre 55-74 anos a taxa de desemprego detectada foi do 9,2%.

Case a totalidade das persoas que realizan traballos non remunerados son mulleres (99,0%), colectivo ocupacional integrado en máis de tres cuartas partes (76,8%) por persoas comprendidas entre 35-74 anos. Neste sentido, as que realizan este tipo de traballos representan o 25,6% das persoas que teñen máis de 75 anos, o 24,4% das comprendidas entre 55-74, o 15,6% das comprendidas entre 35-54 e o 3,5% das que teñen menos de 35 anos.

Máis da metade dos estudantes entrevistados son homes (52,6%), na súa inmensa maioría con menos de 35 anos (98,0%). A de estudante é a principal actividade do grupo de poboación con menos de 35 anos (37,1%), seguida pola de traballador remunerado (30,8%).

Na mostra analisada están en situación de desemprego case unha cuarta parte dos habitantes da zona semiurbana (22,3%) e por volta dun en cada cinco da rural (19,3%) e urbana (18,3%). Na zona urbana é onde se rexistra a maior proporción de persoas que realizan un traballo non remunerado (16,0%), contra o 11,6% da rural.

## **3.2 ANÁLISE DOS RESULTADOS DA ENQUISA**

### **A) GRAO DE CONSCIENCIACIÓN**

Destaca, pola súa elevada proporción, a porcentaxe de bastante conscienciado (61,3%) contra a pouco conscienciado (32,7%), moi conscienciado (4,5%) e nada conscienciado (1,5%).



Por xénero, o grao de conscienciación das mulleres (68,4%) supera ao dos homes (64,0%). Tal como se pode comprobar na seguinte tabela, as mulleres presentan un nivel de conscienciación maior tanto no item bastante como moito conscienciado.

	Nada	Pouco	Bastante	Moito
Mulleres	1,2	30,5	63,4	5,0
Homes	1,9	35,1	59,0	4,0

Por idades, o nivel de conscienciación increméntase coa idade, pasando do 53,4% da faixa comprendida entre 15-34 anos, 67,9% entre 35-54, 74,7% entre 55-74 e do 75,2% nos que teñen menos de 75 anos.

	Nada	Pouco	Bastante	Moito
15-34	1,7	44,8	51,7	2,0
35-54	1,1	31,0	62,1	5,8
55-74	2,5	22,8	69,6	5,1
≥75	0,0	24,8	68,6	6,6

Como se pode comprobar, a faixa de idade máis elevada é a que presentou un maior nivel de “moi” conscienciado.

Por situación socio-laboral, o maior grao de conscienciación dáse na poboación pensionista (78,8%) e nas persoas que realizan traballos non remunerados (76,8%), seguido polos desempregados (63,2%) e traballadores en activo (60,5%). En último lugar áchase a poboación estudiantil (42,8%).

	Nada	Pouco	Bastante	Moito
Estudantes	2,0	55,3	40,8	2,0
Desempregados	0,8	31,0	65,5	2,7
Traballo non remunerado	1,5	21,6	70,1	6,7
Traballador en activo	2,2	37,3	56,1	4,4
Pensionista	0,8	20,3	72,2	6,6

Por zonas, a urbana é a que se mostrou máis conscienciada (72,4%) comparado coa semiurbana (56,7%) e rural (64,1%). A seguinte tabela mostra a distribución de respostas.

	Nada	Pouco	Bastante	Moito
Urbana	0,9	26,7	65,2	7,2
Semiurbana	2,0	41,3	55,8	0,9
Rural	2,8	33,1	60,8	3,3

## B) ESTUDO DE FRECUENCIAS NO SEGUIMENTO DAS PRÁCTICAS AMBIENTAIS

### *Análise global*

Como se pode comprobar na seguinte tabela, o consumo de enerxía e de auga, cunhas frecuencias de sempre e case sempre do 30,3% e 28,6%, respectivamente, presentan as prácticas máis estendidas entre a poboación entrevistada. Ao contrario, é inferior a proporción de seguimento nos hábitos de consumo relativos á xeración de residuos e outros tipos de consumo (23,7% en ambos os casos).

Distribución de frecuencias por tipos de consumo:

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	NS/NR
Consumo de enerxía	14,1	20,3	20,4	35,3	9,9
Consumo de auga	11,6	18,6	20,6	41,2	7,9
Xeración de residuos	24,8	25,5	18,6	26,0	5,1
Outros consumos	26,7	34,0	18,6	15,6	5,1

Dentro da clasificación “outros consumos” están incluídos produtos alimenticios, de limpeza, de reciclaxe, de agricultura e gandería ecolóxica, de comercio xusto,... designadas igualmente como “consumo responsábel”.

### *Análise por zonas*

Eliminando o efecto do NS/NR e tendo en conta a suma das frecuencias “sempre” e “case sempre” no seguimento das prácticas ambientais, a seguir móstrase a distribución de respostas por zonas de residencia:

	Global	Urbano	Semiurbano	Rural
Consumo de enerxía	62	62	61	63
Consumo de auga	67	69	64	66
Xeración de residuos	47	49	45	42
Consumo responsábel	36	42	28	33

Como se pode observar, a zona rural (63%) é a que presenta unha proporción máis elevada no seguimento das boas prácticas ambientais no consumo de enerxía e a máis baixa nos hábitos de xeración de residuos (42%).

A zona urbana é que manifesta unha maior extensión das prácticas ambientais no tocante ao consumo de auga (69%), xeración de residuos (49%) e consumo responsábel (42%).

Finalmente, a zona semiurbana presenta o mínimo de seguimento das boas prácticas

ambientais no ámbito do consumo da enerxía (61%), de consumo de auga (64%) e de consumo responsábel (28%).

### **Análise por preguntas**

#### **Consumo de enerxía**

Dentro deste apartado a práctica máis estendida<sup>6</sup> é o control dos radiadores nas estancias non utilizadas ou que teñen demasiada calor (78%). Logo a seguir, áchanse tanto o control do orzamento familiar dedicado á enerxía como o funcionamento a carga completa dos electrodomésticos (lavalouza, máquina de lavar), co 74% ambas.

O uso de lámpadas de baixo consumo na casa e a lavaxe de roupa en auga fría presentan un seguimento do 68% e 63%, respectivamente, nas persoas entrevistadas.

Finalmente, outros aspectos como reparar no consumo de enerxía ou na etiquetaxe enerxética dos electrodomésticos (38%), o uso do transporte público para os desprazamentos diarios urbanos (36%) e o uso do coche compartido (14%) posúen un seguimento máis baixo.

#### **Consumo de auga**

As prácticas ambientais máis estendidas son o uso da ducha en lugar do baño (92%) e o control do gasto de auga mentres se cepillan os dentes (89%). Logo a seguir, áchase o seguimento do consumo periódico de auga (67%) e a non eliminación polo sumidoiro ou retrete de produtos tóxicos/irritantes (54%).

Cunha práctica non maioritaria áchase a rega das plantas/xardín nas horas de menor intensidade solar (46%) ou a realización de revisións e manutención periódica das instalacións de abastecemento e sumidoiro de auga da vivenda (35%).

#### **Xeración de residuos**

As prácticas ambientais máis seguidas polos/as vigueses/as inquiridos son a reutilización das bolsas de plástico obtidas no supermercado (96%) e a separación dos residuos en orixe e o seu depósito nos respectivos contentores (82%).

Logo a seguir, cunha práctica notábel aínda que non maioritaria, áchase o uso de pilas recargábeis (49%) e aspectos como a impresión polas dúas caras para aforrar consumo

<sup>6</sup> Suma de frecuencia "sempre" e "case sempre".

de papel ou o uso do sistema de recolla selectiva municipal de residuos volumosos (44% ambas).

Finalmente, cunha práctica minoritaria, áchase o non consumo de produtos que precisen pilas para o seu funcionamento (28%), a entrega dos aceites de cociña a empresas especializadas ou puntos limpos (27%), evitar a compra de aerosois (18%) e a escolla de produtos menos embalados (14%).

### ***Consumo responsábel***

As prácticas de consumo responsábel máis estendidas entre a poboación inquirida foron o control da verdadeira necesidade dos diferentes produtos que se consomen (77%) e a compra preferente de produtos alimenticios de temporada (65%).

O consumo de produtos reciclados (28%), de produtos que exhiben algún tipo de etiquetaxe ecolóxica (22%), a compra de produtos procedentes de agricultura e gandaría ecolóxicas e considerar a presenza de símbolos laranxa nos produtos de limpeza (18% ambas) e a compra de produtos certificados coa marca de comercio xusto (11%) son prácticas cun seguimento minoritario.

A seguir móstrase unha análise pormenorizada pregunta a pregunta en función do xénero, idade, situación socio-laboral e zona de residencia.

## **CONSUMO DE ENERXÍA**

### ***Uso racional da calefacción***

A maioría de vigueses entrevistados (78%) manifestaron que pechan os radiadores das estancias non utilizadas ou que xa teñan demasiada calor (sempre no 55% dos casos e case sempre o 23%). Un 14% respondeu que ás veces e un 6% nunca o fai.

Tal como se mostra na seguinte tabela, por xénero non existen diferenzas significativas, sendo levemente maior a extensión desta práctica nas mulleres (79%) que nos homes (77%). Por idade é significativo o aumento da frecuencia de seguimento desta práctica coa idade, evoluíndo do 67% dos que teñen menos de 35 anos ao 89% dos que teñen máis de 75. Por situación laboral a conscienciación é maior nos pensionistas e desempregados (85% e 84%, respectivamente) que nos estudantes (51%).

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
<b>Xénero</b>					
Home	6	14	21	56	3
Muller	5	14	25	54	1
<b>Idade</b>					
15-34	9	23	22	45	2
35-54	5	14	23	55	3
55-74	3	7	26	62	2
≥75	3	6	20	69	2
<b>Situación laboral</b>					
Estudante	13	34	19	32	2
Desempregado	4	9	28	56	3
Traballo non remunerado	3	6	24	66	1
Traballador en activo	6	16	24	51	2
Pensionista	4	9	20	65	2

Pola súa maior frecuencia, esta práctica está máis estendida na zona semiurbana (88%), seguida pola urbana (73%) e rural (72%).

### **Control do gasto enerxético**

Case tres cuartas partes da mostra analisada (74%) manifestou controlar, avaliar e comparar o orzamento dedicado polo seu lar a enerxía (luz, gas,...). Un 52% faíno sempre, 22% case sempre, 15% ás veces e 6% nunca.

Se ben non existen diferenzas significativas nas respostas obtidas por homes e mulleres (76% e 71%, respectivamente), por idades é significativa a maior proporción de persoas con máis de 75 anos que seguen esta práctica (84%) contra o 58% dos que teñen menos de 34 anos. Por situación laboral, os desempregados (84%) e pensionistas (83%) presentan un grao de conscienciación superior ao dos estudantes (33%).

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
<b>Xénero</b>					
Home	9	12	19	57	2
Muller	8	18	25	46	3
<b>Idade</b>					
15-34	18	18	23	35	7
35-54	3	15	20	61	1
55-74	5	14	26	55	0
≥75	10	6	21	63	1
<b>Situación laboral</b>					
Estudante	32	19	13	20	15

Desempregado	7	10	31	53	0
Traballo non remunerado	7	16	20	57	1
Traballador en activo	4	19	23	53	1
Pensionista	7	10	21	62	0

Esta práctica, de maneira significativa ( $p < 0,05$ ), está máis estendida na zona urbana (78%) e semiurbana (73%) que na rural (63%).

### **Uso de iluminación de baixo consumo**

O uso doméstico de lámpadas de baixo consumo abranxe o 68% das persoas entrevistadas (36% sempre, 32% case sempre). Un 7% referiu non utilizalas nunca e ás veces un 22%.

Por xénero neste caso é significativa a maior porcentaxe de homes (75%) que seguen esta práctica contra o 63% de mulleres. Esta práctica é seguida en maior proporción polas persoas de faixas de idade entre 35-54 (74%) e entre 55-74 (72%), así como por desempregados (77%) e traballadores en activo (74%).

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
<b>Xénero</b>					
Home	2	19	31	44	4
Muller	11	24	32	31	2
<b>Idade</b>					
15-34	5	24	31	32	7
35-54	7	19	29	45	0
55-74	6	22	34	38	1
≥75	15	26	34	22	4
<b>Situación laboral</b>					
Estudiante	9	30	24	21	16
Desempregado	3	18	35	42	2
Traballo non remunerado	16	24	30	30	0
Traballador en activo	5	21	32	42	0
Pensionista	6	21	32	38	3

A observación desta práctica presenta niveis semellantes na zona semiurbana e urbana (71% e 69%, respectivamente), sendo significativamente distinta na rural, co 59%.

### **Nível de carga de electrodomésticos**

No uso de determinados electrodomésticos (nomeadamente máquina de lavar roupa ou lavalouza) un 74% das persoas entrevistadas manifestou esperar a ter suficiente carga para operar (53% sempre, 21% case sempre). Un 5% nunca ten en conta este aspecto e o 8% ás veces. Un 13% das persoas entrevistadas non respondeu esta pregunta.

Por xénero existen diferenzas significativas, sendo notábel a superior proporción de homes que non respondeu esta pregunta (25%), posibelmente por seren as tarefas aludidas actividades domésticas relegadas tradicionalmente ás mulleres. Así sendo, un 92% das mulleres inquiridas referiu seguir esta práctica contra o 53% dos homes. Existen relacións de significancia estatística por grupos de idade e situación laboral. Desta maneira, o seguimento desta práctica increméntase coa idade, pasando do 65% nos que teñen menos de 35 anos ao 84% dos que superan os 75. Por situación laboral, o seguimento deste hábito ambiental é superior nas persoas que realizan traballos non remunerados (95%) contra os estudantes (58%).

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
<b>Xénero</b>					
Home	10	12	17	36	25
Muller	1	5	24	68	2
<b>Idade</b>					
15-34	6	15	27	38	15
35-54	7	7	21	54	11
55-74	3	4	15	64	15
≥75	1	4	12	74	10
<b>Situación laboral</b>					
Estudante	5	15	28	30	23
Desempregado	3	11	21	54	11
Traballo non remunerado	1	4	13	82	1
Traballador en activo	9	9	25	41	16
Pensionista	3	5	13	66	3

Por zonas, o uso dos electrodomésticos a carga completa é unha práctica ambiental que está máis estendida na zona rural (82%) e urbana (79%) que na semiurbana (62%).

### **Lavaxe de roupa en frío**

Co fin de aforrar enerxía, o 63% referiu lavar habitualmente a roupa en auga fría (34% case sempre, 29% sempre), contra un 6% que nunca o fai e o 15% que o fai ás veces. Até un 16% non respondeu esta pregunta.

Por xéneros, tal como se pode comprobar na seguinte tabela, o seguimento desta boa práctica ambiental é superior nas mulleres (79%) que nos homes (45%). Referir que, como no item anterior, a proporción de homes que non responderon esta pregunta decuplica á rexistrada nas mulleres, o que evidencia que se trata dunha actividade tradicionalmente relegada ás mulleres. A extensión desta práctica aumenta coa idade, pasando do 62% nas persoas comprendidas entre 15-54 anos ao 70% nas persoas con máis de 75 anos. Por situación socio-laboral, as persoas que realizan traballos non remunerados, colectivo

integrado maioritariamente por mulleres, manifestan a maior proporción (83%) contra o 51% rexistrado na poboación estudiantil.

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
<b>Xénero</b>					
Home	10	14	23	22	30
Muller	3	16	44	35	3
<b>Idade</b>					
15-34	5	15	33	29	18
35-54	8	18	36	26	13
55-74	5	12	35	29	19
≥75	7	12	30	40	12
<b>Situación laboral</b>					
Estudiante	7	14	31	20	28
Desempregado	2	16	36	33	13
Traballo non remunerado	3	13	49	34	1
Traballador en activo	9	18	28	26	19
Pensionista	7	10	34	32	17

Por zonas, esta práctica está máis estendida na rural (85%) que na urbana (66%) e semiurbana (51%).

### **Etiquetaxe enerxética**

Na hora de comprar electrodomésticos un 38% declarou ter en conta o consumo de enerxía e auga para se decidir polo modelo, ben como se este posúe etiqueta enerxética (27% sempre, 11% case sempre). Porén, case metade das persoas inquiridas (49%) manifestou non realizar esta práctica moi habitualmente (27% nunca e 22% ás veces).

Por xénero é significativa a maior proporción de homes (43%) que referiron reparar neste aspecto, contra o 34% de mulleres. Por idades, as faixas extremas mostraron menor interese (30% dos que teñen máis de 75 anos e 31% dos que teñen menos de 35), alén de rexistrar a maior proporción de non resposta (31% e 22%, respectivamente). En función da situación laboral son significativas as baixas porcentaxes tanto da poboación estudiantil (19%) como das persoas que realizan traballos non remunerados (33%).

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
<b>Xénero</b>					
Home	28	19	14	29	10
Muller	27	23	9	25	15
<b>Idade</b>					
15-34	24	22	15	16	22



35-54	31	23	10	34	3
55-74	28	20	9	34	9
≥75	22	17	11	19	31
Situación laboral					
Estudiante	27	10	10	9	44
Desempregado	23	29	14	28	5
Traballo non remunerado	28	20	7	26	20
Traballador en activo	28	24	13	30	4
Pensionista	29	17	9	31	13

Por zonas, a metade da poboación do rural (50%) e o 46% da urbana referiu ter en conta estes criterios, contra o 22% rexistrado na semiurbana.

### **Uso do transporte público para ir ao traballo**

A maioría das persoas inquiridas (55%) declarou non utilizar xeralmente o transporte público nos desprazamentos diarios e urbanos por razóns de traballo (24% nunca, 31% ás veces). Case unha cuarta parte (24%) declarou utilizalo sempre e un 12% case sempre.

Por xénero é maior proporción de mulleres (37%) que usan o transporte público para ir ao seu local de traballo contra o 34% de homes. Por idades, referir a menor proporción rexistrada na faixa comprendida entre 55-74 anos (32%). Paradoxalmente son os traballadores en activo os que manifestan un menor uso do transporte público (25%) para ir ao seu local de traballo.

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
Xénero					
Home	24	30	13	21	12
Muller	23	34	11	26	6
Idade					
15-34	21	40	12	25	2
35-54	26	30	16	20	8
55-74	25	28	7	25	16
≥75	22	23	8	29	18
Situación laboral					
Estudiante	11	45	11	30	3
Desempregado	18	32	16	28	6
Traballo non remunerado	23	28	10	26	12
Traballador en activo	35	34	11	14	6
Pensionista	17	23	10	31	18

Por zonas ( $p < 0,05$ ) utilizan maioritariamente o transporte público para este tipo de desprazamentos, a maioría dos entrevistados na semiurbana (53%) contra o 24% da urbana e 35% da rural.

### Uso do coche compartillado

A práctica do coche privado compartillado para os desprazamentos laborais está pouco estendida, pois só un 14% manifestou utilizala (6% sempre e 8% case sempre). Un 30% nunca a utiliza e un 35% ás veces. Un 21% non respondeu esta pregunta.

O uso do coche compartillado para a realización dos desprazamentos sistemáticos é maior nos homes (17%), nas persoas máis novas (20%) e nos estudantes (24%). A extensión desta práctica nas persoas que traballan é do 16%.

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
<b>Xénero</b>					
Home	29	36	10	7	17
Muller	30	33	6	5	25
<b>Idade</b>					
15-34	23	42	12	8	15
35-54	34	35	9	5	17
55-74	32	31	2	7	28
≥75	31	18	5	4	42
<b>Situación laboral</b>					
Estudiante	13	41	13	11	23
Desempregado	27	34	10	5	24
Traballo non remunerado	29	32	4	4	31
Traballador en activo	38	41	10	6	6
Pensionista	29	21	4	7	39

Por zonas, o uso do vehículo privado compartido está máis estendido na rural (18%) e urbana (16%) que na semiurbana (10%).

## HÁBITOS SOBRE O CONSUMO SOBRE AUGA

### Control periódico do consumo

A maioría de persoas inquiridas (67%) referiu levar a cabo un seguimento periódico do consumo de auga (46% sempre e 21% case sempre). Ao contrario, un 13% manifestou non realizalo nunca e un 17% ás veces.

Tal como se mostra na seguinte tabela, non existen diferenzas significativas nas respostas de homes e mulleres. Por idades destaca o maior control exercido sobre o consumo polas persoas situadas na faixa de 35-54 anos (78%) contra o 53% rexistrado nos que teñen menos de 35. Igualmente a poboación estudantil é a que en menor grao se mostra interesada con este aspecto (46%) contra o 67-70% do resto de colectivos analisados.

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
<b>Xénero</b>					
Home	14	13	21	47	3
Muller	13	18	21	45	4
<b>Idade</b>					
15-34	19	24	14	39	5
35-54	8	11	24	54	3
55-74	14	14	24	46	3
≥75	13	21	26	36	4
<b>Situación laboral</b>					
Estudante	28	23	11	35	4
Desempregado	13	15	21	48	3
Traballo non remunerado	11	18	19	51	4
Traballador en activo	9	16	21	47	3
Pensionista	14	15	28	39	5

Por zonas, aínda que sen diferenzas significativas ( $p > 0,05$ ), os habitantes da rural (72%) mostráronse máis preocupados co control do seu consumo enerxético que os da semiurbana (64%) e urbana (67%).

### **Revisión das instalacións da vivenda**

As operacións periódicas de revisión e manutención da instalación de abastecemento e sumidoiro de auga da vivenda son realizadas sempre ou con frecuencia por unha minoría de 16% e 19%, respectivamente. Un 27% manifestou non realizalas nunca e case un terzo (32%) algunha vez.

Se ben non existen diferenzas significativas por xénero, si se dan por idade e situación laboral. Así sendo, por idades trátase dunha práctica ambiental estendida sobre todo nas persoas das faixas máis baixas (47% nos comprendidos entre 35-54 anos e 43% nos que teñen menos de 35) contra o 9% dos que teñen máis de 75 e o 14% dos comprendidos entre 55-74 anos. Por situación laboral, destaca o menor seguimento nos pensionistas (17%) e persoas que realizan traballos non remunerados (28%) que nos desempregados (44%).

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
<b>Xénero</b>					
Home	27	31	19	17	7
Muller	27	32	20	16	6
<b>Idade</b>					
15-34	21	27	23	23	7

35-54	22	26	25	22	5
55-74	36	40	12	4	9
≥75	41	48	4	5	2
Situación laboral					
Estudiante	32	22	18	22	5
Desempregado	21	30	27	17	4
Traballo non remunerado	29	36	13	15	7
Traballador en activo	21	32	22	20	5
Pensionista	39	35	12	5	9

Por zonas existen diferenzas significativas, sendo maior a preocupación rexistrada na rural (49% sempre ou case sempre) que na semiurbana (29%) ou urbana (36%).

### **Consumo racional**

Case nove en cada dez persoas entrevistadas (89%) manifestou fechar a billa da auga mentres cepillan os dentes e fomentar este hábito entre os membros da súa familia. O 8% realízaos ás veces e un 2% nunca.

Non existen diferenzas significativas nas respostas de homes e mulleres (89-90%). Por idades, esta práctica alcanza case a totalidade (99%) das persoas entre 55-74 anos, rexistrando un 80% nos que teñen menos de 35. Por situación laboral destaca o 95% nas persoas que realizan traballos non remunerados contra o 76% da poboación estudantil analisada.

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
Xénero					
Home	2	9	22	67	0
Muller	2	8	23	67	1
Idade					
15-34	6	13	21	59	1
35-54	1	6	22	71	1
55-74	0	1	21	78	0
≥75	0	17	31	51	1
Situación laboral					
Estudiante	7	15	17	59	2
Desempregado	3	10	24	63	0
Traballo non remunerado	1	5	23	72	0
Traballador en activo	2	6	22	69	0
Pensionista	0	8	24	68	0

Non existen diferenzas significativas por zonas de residencia, situándose o seguimento desta práctica entre o 91% da urbana, 90% da rural e 87% da semiurbana.

### **Eliminación de produtos tóxicos/irritantes**

Dalgunha maneira, a maioría das persoas entrevistadas (79%) elimina polo sumidoiro ou retrete produtos que son tóxicos ou irritantes, tais como amoníaco ou lixivia (38% ás veces, 23% case sempre e 18% sempre). A porcentaxe de inquiridos que nunca o fai é do 16%.

Se ben non existen diferenzas significativas nas respostas por xénero e situación laboral, si se dan por grupos de idade. Así, non realizan esta práctica o 69% das persoas entre 55-74 anos e o 60% das comprendidas entre 35-54, tratándose, polo contrario, dunha práctica realizada pola maioría tanto das persoas entrevistadas de máis (55%) como de menos idade (54%).

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
<b>Xénero</b>					
Home	15	40	22	19	5
Muller	17	36	25	18	4
<b>Idade</b>					
15-34	18	18	22	32	10
35-54	10	50	27	9	3
55-74	23	46	19	10	2
≥75	12	34	26	29	0
<b>Situación laboral</b>					
Estudante	32	7	17	25	7
Desempregado	13	5	26	19	5
Traballo non remunerado	21	5	26	8	5
Traballador en activo	10	5	23	19	5
Pensionista	15	3	22	21	3

Existen diferenzas significativas nas proporcións rexistradas, sendo superior a do rural (54%) que a da urbana e semiurbana (40% ambos os casos).

### **Uso da ducha en vez do baño**

Utilizan preferentemente a ducha en vez do baño o 92% das persoas inquiridas (69% sempre e 23% case sempre) contra o 1% que nunca o fai e o 7% que o fai nalgunha ocasión.

Non existen relacións de significancia estatística por xénero e situación laboral. Por grupos de idade é significativa a menor porcentaxe de persoas con menos de 35 anos que manifestou seguir esta práctica (87%) contra o 98% das que teñen máis de 75.

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
<b>Xénero</b>					
Home	0	8	25	67	0
Muller	1	6	22	70	0
<b>Idade</b>					
15-34	2	11	21	66	0
35-54	0	6	28	65	1
55-74	0	6	22	72	0
≥75	0	2	19	79	0
<b>Situación laboral</b>					
Estudante	3	7	17	73	0
Desempregado	1	7	24	67	0
Traballo non remunerado	0	4	27	69	0
Traballador en activo	0	9	22	69	1
Pensionista	0	6	27	67	0

Non existen diferenzas significativas entre as zonas analizadas ao se situaren as proporcións no 93%, 92% e 91%, respectivamente, na zona semiurbana, urbana e rural.

### **Hábitos de rega de plantas e xardíns**

A rega de plantas e dos xardíns nas horas de menor intensidade solar é unha práctica de consumo racional da auga seguida polo 46% das persoas inquiridas (31% sempre e 15% case sempre). A proporción de persoas que nunca ou ás veces a seguen foi do 11% en ambos os casos. Cerca dun terzo das persoas entrevistadas (32%) non respondeu esta pregunta.

Non existen diferenzas significativas por xénero e idade. Si existen por situación laboral, sendo os estudantes (57%) seguidos polos pensionistas (49%) os colectivos nos que esta práctica ambiental está máis estendida contra os traballadores en activo (39%).

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
<b>Xénero</b>					
Home	12	10	13	32	33
Muller	10	11	17	30	32
<b>Idade</b>					
15-34	10	8	11	35	36
35-54	9	12	10	37	32
55-74	18	9	21	20	32
≥75	3	21	28	23	25
<b>Situación laboral</b>					
Estudante	7	10	13	44	27
Desempregado	12	10	12	35	31

Traballo non remunerado	12	8	20	26	34
Traballador en activo	13	11	10	29	37
Pensionista	8	13	22	27	29

Por zonas, os habitantes da zona rural (55%) son os que presentan unha maior frecuencia no seguimento desta práctica contra o 42% da urbana e 47% da semiurbana.

## XERACIÓN DE RESIDUOS

### *Separación en orixe*

Unha esmagadora maioría de 82% referiu separar os residuos en orixe (papel/cartón, vidro, envases e materia orgánica) e depositalos nos contedores correspondentes (55% sempre e 27% case sempre) contra un 5% que manifestou non facelo nunca e un 13% algunha vez.

Aínda que non existen relacións de significancia estatística por xénero, danse por grupos de idade e situación laboral. Así sendo, o hábito de separar os residuos en orixe está máis estendido entre as persoas comprendidas entre 35-74 anos (86-87%), contra o 56% das persoas que teñen máis de 75 e o 78% dos que teñen menos de 35.

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
<b>Xénero</b>					
Home	6	11	27	55	0
Muller	5	14	26	55	1
<b>Idade</b>					
15-34	7	14	26	52	1
35-54	4	9	26	60	0
55-74	3	10	26	61	0
≥75	11	31	33	23	2
<b>Situación laboral</b>					
Estudante	12	10	26	52	1
Desempregado	4	12	28	56	0
Traballo non remunerado	3	9	29	58	1
Traballador en activo	4	10	25	60	0
Pensionista	8	24	25	43	0

Por zonas non existen diferenzas significativas, situándose as porcentaxes de resposta no 83% da semiurbana, 82% da urbana e 76% da rural.

### *Uso do sistema de recolla selectiva de residuos volumosos*

O uso do sistema de recolla selectiva municipal para os residuos volumosos (por exemplo, colchóns, móbels, electrodomésticos,...) presenta unha frecuencia de seguimento ocasional

ou nulo (49%) superior ao periódico ou continuado (44%). Así sendo, manifestaron usalo algunha vez e nunca o 30% e 19%, respectivamente, contra o 27% que o usa sempre e o 17% case sempre.

Aínda que non existen diferenzas significativas por xénero, por idade son as persoas máis novas as que con maior frecuencia usan este sistema de recolla de residuos (58% contra o 30-32% dos que teñen máis de 55 anos). En consecuencia, son os estudantes (59%) e os desempregados (54%) os que en maior proporción utilizan este servizo, contra o 32% dos pensionistas.

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
<b>Xénero</b>					
Home	19	30	17	27	7
Muller	20	31	17	27	7
<b>Idade</b>					
15-34	14	18	24	34	11
35-54	24	26	20	25	6
55-74	23	42	7	23	4
≥75	10	55	10	22	3
<b>Situación laboral</b>					
Estudiante	11	19	14	45	12
Desempregado	16	25	28	26	5
Traballo non remunerado	22	35	14	25	5
Traballador en activo	25	26	18	24	7
Pensionista	16	47	9	23	5

Non existen diferenzas significativas en función da zona de residencia da persoa entrevistada, situándose as proporcións de resposta entre o 49% da rural, 44% da urbana e 42% da semiurbana.

### **Uso de baterías recargábeis**

Esta práctica na xeración de residuos presenta unha proporción equilibrada entre os que manifestan utilizar este tipo de pilas ou baterías e os que non (49% en ambos os casos). Así sendo, máis dun tercio (34%) declarou utilizalas case sempre, 29% algunhas veces, 21% nunca e 15% sempre.

Por xénero non existen diferenzas significativas nas respostas recollidas, sendo, por idades, significativo o 64% de persoas comprendidas entre 45-74 anos que declarou usar este tipo de baterías (contra o 33% dos que teñen máis de 75 ou 38% dos que teñen menos de 35), ben como o seu uso maioritario polas persoas que realizan traballos non remunerados, desempregados e traballadores en activo (54%, 52% e 51%, respectivamente) contra o 36% dos estudantes e 43% de pensionistas.



	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
<b>Xénero</b>					
Home	22	29	32	16	1
Muller	21	29	35	14	1
<b>Idade</b>					
15-34	27	34	26	12	1
35-54	17	31	37	13	2
55-74	15	21	41	23	1
≥75	36	31	25	8	0
<b>Situación laboral</b>					
Estudante	31	32	20	16	1
Desempregado	17	31	38	14	0
Traballo non remunerado	17	28	37	17	2
Traballador en activo	18	30	34	17	1
Pensionista	29	27	32	11	1

Ao analizar esta variábel por zonas o equilibrio existente nos datos globais descompénsase, sendo o seguimento desta práctica maioritaria nos habitantes da zona urbana e semiurbana (51% en ambos os casos) contra o 33% rexistrado na rural.

### **Consumo de produtos que non utilicen baterías**

Relativamente ás persoas que evitan, na medida do posíbel, comprar produtos que precisen de pilas para o seu funcionamento, a maioría (69%) referiu non reparar neste aspecto na hora de realizar as súas compras (27% nunca e 42% ás veces). Reparar sempre neste aspecto o 9% das persoas entrevistadas e case sempre o 19%.

Por xénero as respostas de homes e mulleres non presentan diferenzas significativas. Por idades é significativa a maior proporción no seguimento desta práctica pola faixa máis baixa (41%), contra o 17% dos comprendidos entre 35-54 anos. En consecuencia, o colectivo estudantil é o que en maior grao presenta esta práctica ambiental (43%), contra o 23% dos traballadores en activo ou o 25% dos pensionistas.

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
<b>Xénero</b>					
Home	28	43	18	10	2
Muller	27	41	20	8	3
<b>Idade</b>					
15-34	24	32	25	16	4
35-54	32	47	15	2	3
55-74	30	42	15	11	2

≥75	17	54	23	6	1
Situación laboral					
Estudiante	26	24	24	16	7
Desempregado	26	42	22	9	2
Traballo non remunerado	27	45	19	8	1
Traballador en activo	28	46	17	6	3
Pensionista	30	42	17	8	2

Non existen diferenzas significativas na proporción das respostas en función da zona de residencia, situándose o seguimento desta práctica ambiental entre o 30% da urbana e o 25% da rural e semiurbana.

### **Envases e embalaxes**

Nas súas decisións de compra, escollen os produtos menos embalados só o 14% das persoas entrevistadas (5% sempre e 9% case sempre) contra oito en cada dez (81%) que non se importa con este aspecto das compras que realiza (48% nunca e 33% ás veces).

Aínda que non existen diferenzas significativas entre homes e mulleres, por idades, novamente son os máis novos os que se importan con este aspecto (26%) contra o 8-9% dos comprendidos entre 35-74 ou o 12% dos que teñen mais de 75 anos. En función da situación laboral, a consideración deste aspecto é superior nos estudantes (30%) contra o 10% dos que realizan traballos non remunerados ou o 11% dos traballadores en activo.

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
Xénero					
Home	50	32	9	5	5
Muller	46	34	10	5	5
Idade					
15-34	45	26	16	10	4
35-54	44	39	7	2	8
55-74	57	32	4	4	2
≥75	48	36	10	2	4
Situación laboral					
Estudiante	41	25	15	15	5
Desempregado	46	34	12	3	5
Traballo non remunerado	47	39	7	3	4
Traballador en activo	50	32	7	4	7
Pensionista	51	34	9	3	3

Por zonas de residencia ( $p > 0,05$ ), as respostas seguen a seguinte distribución: 16% na semiurbana, 14% na urbana e 11% na rural.

### **Eliminación de aceites de cociña**

A maioría das persoas inquiridas referiron non entregar nunca (45%) ou ás veces (22%) os aceites de cociña a empresas especializadas ou levarlos a puntos limpos. Un 13% manifestou facelo sempre e un 14% case sempre.

Non existen relacións de dependencia estatística entre homes e mulleres. Por idades é significativa a baixa porcentaxe (8%) das persoas comprendidas entre 55-74 anos que seguen esta práctica ambiental, contra o 32-34% do resto de faixas de idade. En función da situación laboral, o seguimento desta práctica polos estudantes (47%) case triplica ao dos pensionistas (18%), situándose entre o 22-30% no resto de grupos analizados.

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
<b>Xénero</b>					
Home	46	20	14	13	6
Muller	44	23	14	14	6
<b>Idade</b>					
15-34	44	11	13	21	11
35-54	38	22	19	14	7
55-74	60	31	4	4	1
≥75	35	32	22	10	1
<b>Situación laboral</b>					
Estudiante	33	15	15	32	6
Desempregado	45	18	17	13	7
Traballo non remunerado	47	26	12	10	4
Traballador en activo	45	20	15	12	8
Pensionista	51	28	11	7	3

Por zonas, presentan unha maior consciencia nesta variábel os habitantes entrevistados da zona rural (33%) e semiurbana (32%) contra os da urbana (23%).

### **Consumo de aerosois**

Máis de tres en cada catro persoas (77%) manifestou non ter moita consciencia cos efectos nocivos dos aerosois, pois un 44% referiu nunca evitar a súa compra e o 33% ás veces. Ao contrario, un 6% das persoas inquiridas evita sempre comprar estes produtos e frecuentemente un 12%.

Non son significativas as respostas dadas por homes e mulleres. Por idade destaca a baixa proporción da faixa situada entre 35-54 anos (9%), case un terzo da manifestada polos comprendidos entre 55-74 (26%), moi lonxe da expresada por estudantes (23%) e pensionistas (25%).

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
<b>Xénero</b>					
Home	45	30	13	6	6
Muller	42	36	11	7	4
<b>Idade</b>					
15-34	47	25	13	10	6
35-54	52	32	7	2	8
55-74	32	41	17	9	2
≥75	28	46	18	7	1
<b>Situación laboral</b>					
Estudante	41	25	15	15	5
Desempregado	47	30	11	5	7
Traballo non remunerado	37	42	14	5	3
Traballador en activo	49	29	10	6	7
Pensionista	34	42	15	6	3

Por zonas, con diferenzas significativas nas proporcións de resposta rexistradas, os habitantes máis concienciados coa problemática dos aerosois foron os da urbana (20%), seguidos polos da semiurbana (18%) e rural (15%).

### **Consumo de papel**

A impresión polas dúas caras para aforrar o consumo excesivo de papel é unha práctica estendida no 44% dos/as vigueses/as entrevistados, pois o 23% manifestou realizala sempre e o 21% con frecuencia. Ao contrario, un 14% referiu non facelo nunca e un 24% de ás veces. Case un en cada cinco persoas inquiridas (18%) non respondeu esta pregunta.

Aínda que non existen diferenzas significativas por xénero e por situación laboral, por idades esta práctica ambiental é maioritaria na faixa entre 55-74 anos (52%) e nos que teñen menos de 35 (51%) contra o 32% dos comprendidos entre 35-54 e o 43% dos que teñen máis de 75.

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
<b>Xénero</b>					
Home	15	25	20	22	18
Muller	12	24	22	24	18
<b>Idade</b>					
15-34	11	18	21	30	18
35-54	12	40	21	11	17
55-74	19	11	21	31	19
≥75	13	22	22	21	23
<b>Situación laboral</b>					

Estudiante	15	16	15	37	18
Desempregado	13	25	25	21	16
Traballo non remunerado	13	21	22	22	21
Traballador en activo	10	32	21	21	16
Pensionista	21	17	21	19	22

Por zonas, esta práctica está máis estendida na zona semiurbana (47%) e urbana (45%) que na rural (34%).

### **Reutilización das bolsas de plástico**

A reutilización das bolsas de plástico ofrecidas polos supermercados e locais de compra habituais, usándoas, por exemplo, como bolsas de lixo ou para realizar outras compras, é unha práctica moi estendida entre a poboación viguesa. O 96% das persoas entrevistadas manifestou seguir esta práctica (81% sempre e 15% case sempre). Apenas un 1% referiu non facelo nunca e un 3% de forma esporádica.

Aínda que non existen diferenzas significativas por xénero e grupo de idade, en función da situación laboral, aínda sendo elevada, os estudantes son o colectivo que presenta unha menor extensión desta práctica (90%).

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
<b>Xénero</b>					
Home	1	4	15	81	0
Muller	1	3	15	81	1
<b>Idade</b>					
15-34	3	4	11	83	1
35-54	0	2	15	82	0
55-74	0	3	15	82	1
≥75	0	7	28	65	0
<b>Situación laboral</b>					
Estudiante	4	6	10	80	1
Desempregado	2	2	16	81	0
Traballo non remunerado	0	2	16	83	1
Traballador en activo	0	3	12	84	1
Pensionista	0	6	21	73	0

Por zonas, sen diferenzas significativas, o seguimento desta práctica sitúase entre o 96% da urbana e rural e o 95% da semiurbana.

## CONSUMO RESPONSÁBEL

### *Control das necesidades de consumo*

Máis de tres cuartas partes das persoas entrevistadas (77%) manifestaron realizar un control da verdadeira necesidade dos diferentes produtos (alimentos, produtos de limpeza, papel, roupa, cosméticos,...) que compra (50% sempre e 27% case sempre). Un 4% manifestou non realizalo nunca e un 18% ás veces.

Non existen relacións de dependencia estatística por xénero e situación laboral. No entanto, por idades, é significativa a menor proporción no seguimento desta práctica nas faixas a partir dos 55 anos (62% entre 55-74 e 71% nos que teñen mais de 75 anos) contra o 88% dos comprendidos entre 35-54.

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
<b>Xénero</b>					
Home	7	19	27	49	1
Muller	5	17	27	52	0
<b>Idade</b>					
15-34	4	16	25	55	1
35-54	1	11	25	63	1
55-74	11	27	27	35	1
≥75	3	26	39	32	0
<b>Situación laboral</b>					
Estudiante	4	20	25	50	1
Desempregado	5	14	29	52	0
Traballo non remunerado	4	18	26	52	0
Traballador en activo	4	16	22	57	1
Pensionista	5	24	35	35	1

Por zonas, sen significancia estatística, os habitantes do rural manifestaron un maior control deste aspecto de consumo (81%) fronte aos da urbana (78%) e semiurbana (74%).

### *Consumo de produtos alimentares de temporada*

A compra de produtos alimentares (verdura, peixe, frutas) de temporada é realizada polo 65% das persoas inquiridas (33% sempre e 32% case sempre). Un 6% manifestou non reparar nunca nesta circunstancia e un 27% só ás veces.

Sen diferenzas significativas entre home e muller, existen relacións significancia estatística nas respostas recollidas en función dos grupos de idade e situación laboral. Así sendo, trátase dunha práctica estendida en maior grao nos que teñen menos de 35 anos e nos

comprendidos entre 35-54 anos (72% en ambos os casos) contra o 52% dos comprendidos entre 55-74 e 55% dos que teñen máis de 75. Igualmente, presenta maior seguimento nos estudantes (78%) e desempregados (70%) que nos pensionistas (64%) e traballadores activos (65%).

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
<b>Xénero</b>					
Home	6	26	33	32	3
Muller	5	28	32	34	1
<b>Idade</b>					
15-34	24	23	29	43	2
35-54	2	25	38	34	2
55-74	14	31	31	21	3
≥75	5	39	28	27	1
<b>Situación laboral</b>					
Estudiante	5	16	28	50	1
Desempregado	4	25	36	34	2
Traballo non remunerado	8	24	34	34	1
Traballador en activo	5	29	33	32	2
Pensionista	7	35	31	23	3

Por zonas, son significativas as diferenzas na proporción de resposta rexistrada nos habitantes da zona rural (79%), semiurbana (69%) e urbana (59%).

### **Consumo de produtos con etiquetaxe ecolóxica**

O consumo de produtos que mostran algún tipo de etiqueta ecolóxica é unha práctica seguida tan só polo 22% das persoas inquiridas (5% sempre e 17% case sempre). Ao contrario, un 21% nunca consome este tipo de produtos e o 50% realízaos ás veces.

É estatisticamente significativa a maior proporción de homes (26%) que consumen este tipo de produtos que de mulleres (19%). O consumo dos produtos con etiquetaxe ecolóxica é máis alto nas persoas con menos idade (29% na faixa de 35-54 e 27% nos que teñen menos de 35), alcanzando o 11% nos comprendidos entre 55-74 anos e 13% nos que superan os 75. En función da situación laboral o consumo dos desempregados (31%) duplica ao dos pensionistas e persoas que realizan traballos non remunerados (15% en ambos os casos).

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
<b>Xénero</b>					
Home	21	46	20	6	7
Muller	20	53	14	5	7

Idade					
15-34	25	41	19	8	8
35-54	13	50	22	7	7
55-74	22	59	10	1	8
≥75	32	51	10	3	3
Situación laboral					
Estudiante	29	36	17	9	9
Desempregado	16	48	24	7	6
Traballo non remunerado	20	59	11	4	6
Traballador en activo	16	52	18	6	8
Pensionista	30	48	13	2	7

Por zonas non existen diferenzas significativas no nivel de resposta, situándose o nivel de consumo destes produtos entre o 25% da rural e o 21% da urbana e semiurbana.

### **Uso de produtos reciclados**

O uso de produtos reciclados aínda non é unha práctica xeralmente estendida entre os/as vigueses/as, xa que manifestaron seguila o 28% das persoas entrevistadas (7% sempre e 21% case sempre). Non os usan nunca o 17% e ás veces o 50%.

O uso deste tipo de produtos non presenta diferenzas significativas por xénero e situación laboral. Por idades, o consumo deste tipo de produtos varía entre o 27% das persoas máis novas ao 31% das máis vellas.

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
Xénero					
Home	16	50	23	7	4
Muller	17	52	20	7	5
Idade					
15-34	27	39	14	13	7
35-54	7	63	23	5	3
55-74	16	48	27	2	6
≥75	21	48	29	2	1
Situación laboral					
Estudiante	24	38	13	15	11
Desempregado	16	48	23	8	5
Traballo non remunerado	16	56	23	3	3
Traballador en activo	15	54	20	7	4
Pensionista	17	50	26	3	4

Por zonas, a utilización dos produtos reciclados, sen diferenzas significativas, é maior na urbana e semiurbana (30% e 29%, respectivamente) que na rural (20%).



### **Produtos de agricultura e ganadería ecolóxica**

A compra de produtos procedentes de agricultura e ganadería ecolóxica é unha práctica seguida tan só polo 18% das persoas inquiridas (4% sempre e 14% case sempre). Porén, a maioría das persoas non reparan neste tipo de produtos, pois un 43% declarou non consumilos nunca e o 35% ás veces.

Non existen diferenzas significativas por xénero. Porén, é significativa a maior extensión desta práctica ambiental nas persoas de idade entre 35-54 anos contra o 5 % dos que teñen entre 55-74. En función da súa situación laboral, o consumo entre os desempregados (23%) e estudantes (20%) duplica ao dos pensionistas (10%).

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
<b>Xénero</b>					
Home	44	33	15	3	5
Muller	43	36	12	5	4
<b>Idade</b>					
15-34	43	32	15	5	5
35-54	35	36	20	5	4
55-74	54	36	5	0	4
≥75	50	34	9	4	3
<b>Situación laboral</b>					
Estudante	44	32	15	5	5
Desempregado	36	35	18	5	7
Traballo non remunerado	48	34	11	4	3
Traballador en activo	43	35	15	4	3
Pensionista	48	36	9	2	5

Por zonas, sen significancia estatística, as proporcións de seguimento desta práctica ambiental oscilan entre o 21% da semiurbana, 19% da rural e 15% da urbana.

### **Produtos certificados coa marca de Comercio Xusto**

Os produtos coa certificación de Comercio Xusto son consumidos por unha minoría de vigueses entrevistados, pois tan só o 3% referiu compralos sempre e un 8% case sempre. Ao contrario, un 44% manifestou non compralos nunca e un 36% nalgunha ocasión.

Aínda que non existen relacións de significancia estatística por xénero, por idades, a extensión desta práctica nos máis novos (21%) triplica á rexistrada nos outros grupos, situada por volta do 6-7%. En función da súa situación laboral, a proporción de estudantes (21%) e desempregados (16%) supera á das persoas que realizan traballos non remunerados (5%) e pensionistas (8%).

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
Xénero					
Home	43	36	9	2	10
Muller	45	36	8	3	8
Idade					
15-34	41	23	15	6	14
35-54	35	53	5	2	4
55-74	56	32	5	1	6
≥75	56	25	7	0	12
Situación laboral					
Estudiante	41	22	13	9	16
Desempregado	36	39	12	4	9
Traballo non remunerado	52	38	4	1	6
Traballador en activo	42	42	7	3	6
Pensionista	54	29	8	0	10

O consumo de produtos coa designación Comercio Xusto, sen ser estatisticamente significativo en función da zona de residencia, áchase entre o 12% da urbana, 11% da semiurbana e 9% da rural.

### **Consumo de produtos de limpeza con simboloxía laranxa**

Na hora de comprar produtos de limpeza, menos dun en cada cinco vigueses (18%) recoñeceu examinar o produto tendo en conta a simboloxía laranxa que exhibe (tóxico, inflamábel, nocivo,...). Máis da metade (51%) recoñeceu non facelo nunca e algunhas veces o 23%.

Esta práctica ambiental non presenta diferenzas significativas por xénero. No entanto, está máis estendida entre os máis novos (25%) contra o 6% dos comprendidos entre 35-54 anos. En función da situación laboral, son os estudantes (29%) e pensionistas (24%) os que en maior proporción reparan neste aspecto, contra o 11% dos traballadores en activo.

	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Ns/Nr
Xénero					
Home	54	21	12	6	8
Muller	52	24	10	8	8
Idade					
15-34	53	15	11	14	8
35-54	65	19	6	0	10
55-74	46	31	12	4	7
≥75	23	42	22	12	1
Situación laboral					

Estudante	42	19	11	18	10
Desempregado	59	16	11	6	8
Traballo non remunerado	50	29	10	4	7
Traballador en activo	61	18	8	3	9
Pensionista	38	34	15	9	4

Por zonas, sen diferenzas significativas, mostraron un maior interese por este aspecto os habitantes da zona semiurbana (20%), seguidos polos da rural (17%) e urbana (15%).

### 3.3 COMPARATIVA ENQUISA 2012-2007

#### A) GRAO DE CONSCIENCIACIÓN

##### *Resultado global*

En xeral, nos últimos seis anos duplicouse o nivel de conscienciación ambiental, pasando do 33,1% ao 65,8%, tal como se pode comprobar no seguinte cadro:

	Nada	Pouco	Bastante	Moito
2007	1,9	65,0	32,7	0,3
2012	1,5	32,7	61,3	4,5

##### *Resultado por zonas*

No ano 2007 a rural era a única zona en que a maioría da poboación era bastante ou moi conscienciada (53,5%), contra a urbana (28,7%) e semiurbana (32,1%). A enquisa de 2012 mostra que a poboación máis conscienciada é a urbana (72,4%), seguida pola rural (64,1%) e semiurbana (56,7%).

A seguinte tabela mostra as mudanzas experimentadas no grao de conscienciación ambiental da poboación viguesa:

Zona	Ano	Nada	Pouco	Bastante	Moito
Urbana	2007	2,5	68,8	28,7	0,0
	2012	0,9	26,7	65,2	7,2
Semiurbana	2007	1,5	66,4	31,7	0,4
	2012	2,0	41,3	55,8	0,9
Rural	2007	0,6	45,9	51,7	1,8
	2012	2,8	33,1	60,8	3,3

### Resultados por xénero

O grao de conscienciación ambiental no ano 2007 era semellante por xénero, sendo moi levemente superior o dos homes (33,2%) que o das mulleres (33,0%). En 2012 produciuse un incremento considerábel na conscienciación ambiental de homes e mulleres, sendo maior o experimentado por estas últimas (68,4%) que polos primeiros (63,0%).

Como se pode comprobar na seguinte tabela, mentres que se mantén constante a proporción de mulleres “nada” conscienciadas, esta diminúe nos homes do 2,7 ao 1,9%, aumentando en ambos os casos, tanto a proporción que está “bastante” como “moi” conscienciada.

Xénero	Ano	Nada	Pouco	Bastante	Moito
Muller	2007	1,2	65,8	32,6	0,4
	2012	1,2	30,5	63,4	5,0
Home	2007	2,7	64,1	32,9	0,3
	2012	1,9	35,1	59,1	3,9

### Resultados por idades

Na enquisa realizada en 2007 os grupos con menos idade eran os máis conscienciados (37,5% no caso dos que tiñan menos de 35 anos e 37,2% nos comprendidos entre 35-54 anos). Ao contrario, os resultados da enquisa de 2012 mostran unha conscienciación crecente coa idade, pasando do 53,4% nos que teñen menos de 35 aos ao 75,2% dos que superan os 75, tal como mostra a seguinte tabela:

Idade	Ano	Nada	Pouco	Bastante	Moito
15-34	2007	1,1	61,4	37,3	0,2
	2012	1,7	44,8	51,7	1,7
35-54	2007	1,6	61,2	36,7	0,5
	2012	1,1	31,0	62,1	5,8
55-74	2007	1,3	74,2	23,8	0,7
	2012	2,5	22,8	69,6	5,1
≥75	2007	8,8	69,6	21,6	0,0
	2012	0,0	24,8	68,6	6,6

## **B) ESTUDO DE FRECUENCIAS NO SEGUIMENTO DAS PRÁCTICAS AMBIENTAIS**

### ***Consumo de enerxía***

No período analizado prodúcese un incremento no seguimento de 6 das 8 prácticas ambientais analizadas, sendo o principal o experimentado polo uso doméstico de luces de baixo consumo (incremento do 91,9%). A maior distancia áchanse os incrementos producidos no parámetro pechar os radiadores das estancias non utilizadas ou que teñen demasiada calor (+48,1%), controlo e avaliación do orzamento domestico dedicado á enerxía (+38,2%) ou uso do transporte público nos desprazamentos diarios urbanos (+25,8%). Igualmente, o uso dos electrodomésticos a media carga (+13,3%) ou a lavaxe da roupa en auga fría (+7,1%).

Ao contrario, diminúe o seguimento de prácticas ambientais como o uso do coche compartido nos desprazamentos ao traballo (-21,7%) e a consideración da etiquetaxe enerxética na compra dos electrodomésticos (-20,9%).

### ***Consumo de auga***

Neste bloque temático prodúcese un incremento na extensión de 5 das 6 boas prácticas ambientais analizadas.

O maior incremento correspóndense ao seguimento periódico no consumo de auga (+86,5%). Logo a seguir sitúanse a revisión e manutención periódica da instalación de abastecemento e sumidoiro da auga (+52,0%), o uso da ducha en vez do baño (+39,4%) e interrupción no consumo de auga mentres se cepillan os dentes (+38,5%). O incremento experimentado pola rega das plantas e xardíns nas horas de menor intensidade de sol foi do 4,6%.

Porén, o incremento do 76% do na variábel “eliminación polo sumidoiro ou retrete de produtos tóxicos ou irritantes” é un aspecto negativo.

### ***Xeración de residuos***

Neste bloque temático, no entanto, produciuse unha diminución en 5 dos 9 parámetros analizados. O maior descenso tivo lugar na práctica de evitar a compra de aerosois (-48,7%), na escolla dos produtos menos embalados na hora da compra (-31,8%) e no uso do sistema de recolla selectiva municipal para os residuos volumosos (-26,6%). Menor foi a diminución na práctica de imprimir polas dúas caras a fin de aforrar papel (-10%) ou evitar a compra de produtos que precisen pilas para o seu funcionamento (-3,3%).

Os incrementos máis importantes no seguimento de boas prácticas ambientais producíronse na entrega de aceites de cociña a empresas especializadas ou en puntos limpos (+222,2%), a separación de residuos en orixe (+49,1%) e o uso de pilas recargábeis (+48,5%). A maior distancia, o producido na reutilización das bolsas de plástico obtidas nos supermercados (+11,6%).

### ***Consumo responsable***

Cinco das sete prácticas ambientais analizadas experimentaron un incremento nos últimos seis anos. Entre elas, os maiores incrementos producíronse no uso de produtos reciclados (+61,1%) ou no consumo de produtos que exhiben algún tipo de etiqueta ecolóxica (+60%). A maior distancia, a compra de produtos procedentes da agricultura e/ou gadaría ecolóxica (+26,7%), o control da verdadeira necesidade dos diferentes produtos que se consomen diariamente (+23,8%) e tentar comprar produtos alimenticios de temporada (+13,6%).

No entanto, experimentaron unha diminución as seguintes prácticas ambientais: reparar a simboloxía laranxa dos produtos de limpeza (-58,7%) e a compra de produtos certificados coa marca de comercio xusto (-14,3%).

## **3.4 COMPARATIVA ENTRE VIGO, UE E ESPAÑA**

### ***Consumo de enerxía***

A proporción de persoas que nunca pecha os radiadores das habitacións aínda que non as utilice ou estea ausente delas é levemente superior en España (9%) que en Vigo (6%). Neste sentido cabe referir que en España até un 13% non apaga a calefacción durante toda a noite nos períodos do ano en que esta é utilizada.

A porcentaxe de persoas que teñen todas as luces de baixo consumo na súa casa, isto é, que as utilizan sempre en Vigo (37%) duplica á media española (16%). No entanto, o uso parcial deste tipo de iluminación doméstica, ou sexa, abranxendo unicamente unha parte da casa, é moi semellante: 54% en Vigo e 53% en España.

O uso de electrodomésticos como a máquina de lavar ou lavalouza a plena carga, isto é, o suficientemente cheos, é do 82% en España contra o 74% en Vigo.

Até un 35% da poboación en España e o 27% da poboación entrevistada en Vigo recoñecer non reparar no nivel de eficiencia enerxética, isto é, o consumo de enerxía, dos electrodomésticos que compra. Ao contrario, refiren reparar sempre na eficiencia enerxética na hora de comprar un electrodoméstico o 27% da poboación viguesa contra o 19% da europea e o 12% da española.

### **Consumo de auga**

A adopción de medidas de control do caudal das billas como, por exemplo, pechar a billa durante o cepillado dos dentes, en Vigo (67%) é superior á media española (31%).

### **Xeración de residuos**

A proporción de poboación que en Vigo separa os residuos en orixe (papel-cartón, vidro, envases e materia orgánica) depositándoos nos colectores correspondentes (82%) supera á media galega (60%) e española (75%).

O uso de sistemas de recolla selectiva municipal para residuos tipo electrodomésticos, computadores, colchóns,... é superior en España (66%) que na poboación viguesa entrevistada (44%).

A entrega dos aceites usados de cociña en empresas especializadas ou en puntos limpos da poboación viguesa (27%) supera levemente á media española (24%). En Galicia esta boa práctica ambiental é seguida polo 14%.

### **Consumo responsábel**

A poboación viguesa inquirida manifestou un maior nivel de consumo de produtos que mostran algún tipo de etiqueta ecolóxica (22%) que a media española (19%).

Relativamente ao consumo de produtos procedentes da agricultura ou da gandaría ecolóxica a media española (60%) supera á viguesa (53%). Neste caso a media europea (72%) supera á viguesa e española.

### **EN RESUMO:**

Variábeis nos que a media viguesa supera á española:

- Uso sempre de luces de baixo consumo no domicilio particular.
- Consideración da eficiencia enerxética na compra de electrodomésticos.
- Uso do transporte público nos desprazamentos diarios urbanos.
- Separación de residuos en orixe.

- Entrega dos aceites de cociña en empresas especializadas ou puntos limpos.
- Consumo de produtos que exhiben algún tipo de etiqueta ecolóxica.

Aspectos nos que a media española supera á viguesa:

- Uso da lavadora ou lavalouza a plena carga.
- Adopción de medidas do control do caudal nas billas.
- Uso do sistema de recolla selectiva municipal de residuos volumosos.
- Consumo de produtos procedentes da agricultura ou gandaría ecolóxicas.



# CONCLUSIÓNS

## 1. SOBRE AS ENQUISAS DO EUROBARÓMETRO

Os hábitos de consumo, entendéndoos como un código de boas prácticas ambientais, é un motivo de preocupación a nivel mundial, polo cal moitos países fomentan a tomada de consciencia cidadá através de políticas que tratan de potenciar estes hábitos, algúns dos cales foron xerados polo consumo privado dos lares. Por iso, certas políticas diríxense a promover a produción e consumo de produtos respetuosos co ambiente.

A realización de estudos que sirvan para entender o comportamento dos consumidores resulta de utilidade para conseguir reducir as presións ambientais relacionadas cos hábitos de consumo públicos e privados.

O crecemento económico experimentado nos anos anteriores á crise económica provocou que, en ocasións, os hábitos de consumo fosen alén da simple necesidade. A declaración de Kiev fai fincapé na importancia de modificar estes hábitos da cidadanía cara a prácticas máis sustentábeis. Apesar diso, un 40% da sociedade europea non se sente ben informada sobre os problemas ambientais, pois só a de maior nivel educativo, nun 70%, considérase ben informada.

As enquisas do Eurobarómetro 256, 365 e 316, "Actitude dos europeos respecto ao consumo e a produción sustentábeis", "cara o ambiente" e "á eficacia dos recursos", respectivamente, ofrecen, mediante sondaxes demoscópicas, unha información valiosa sobre o grao de coñecemento da cidadanía sobre o consumo sustentábel e a disposición dos consumidores a adoptar pautas de comportamento responsábel. Esta información é unha ferramenta imprescindible no planeamento de políticas dirixidas a fomentar as boas prácticas ambientais e os hábitos de consumo sustentábeis.

Os resultados globais destas enquisas pódense sistematizar nas seguintes conclusións:

- Un terzo da cidadanía europea di reducir ao mínimo a xeración de residuos e a reciclaxe como accións chave na hora de solucionar os problemas ambientais.
- A metade di coñecer, polo menos de forma xeral, os impactos no ambiente dos produtos que compra ou utiliza.
- Un 50% afirmou que a etiquetaxe ecolóxica desempeña un papel importante nas decisións de compra, mormente se o produto pode ser reciclado ou reutilizado. Estas decisións detéctanse máis entre as persoas que posúen un maior nivel de

coñecemento sobre os produtos que compran (as máis novas son as que menos prestan atención á etiquetaxe, así como tamén as de menor nivel educativo).

- Máis dun 50% considera que o uso de produtos respetuosos co ambiente veríase potenciado através dunha redución dos impostos sobre eles e aumentando tamén as taxas aos produtos máis danifios coa natureza.
- Un 80% contestou que o impacto dun determinado produto na natureza é un elemento importante na hora de decidir a súa compra. E un 97% admitiu que a calidade do produto é un elemento determinante para levar a cabo a súa compra (canto máis maiores son as persoas, máis proclives son a dicir que o impacto ambiental, o prezo ou a marca son moi importantes nas súas decisións de compra).
- Un 80% afirmou que ten sempre e case sempre en conta a eficiencia enerxética na hora de comprar produtos que usan combustíbeis ou electricidade, hábitos que aumentan coa idade, o nivel educativo e o estado social dos entrevistados.

En termos xerais os resultados das enquisas demostran que a cidadanía segue a apoiar medidas máis sustentábeis e estarían prontas a mudar os seus costumes para as potenciar. O consumo de recursos é algo imposible de evitar, por iso é esencial perseguir a eficiencia no consumo através de melloras ecolóxicas nos produtos e mediante a mudanza nos padróns de consumo da cidadanía.

### **Análise pormenorizada das enquisas**

*- Sobre o consumo de enerxía:*

Observouse un incremento do consumo global de electricidade por vivenda dedicado principalmente á iluminación e aos electrodomésticos. Espérase un importante aumento no consumo de electricidade dos lares salvo que se establezan medidas significativas que fomenten a eficiencia enerxética. Por outro lado, desenvolvéronse estudos encamiñados a aumentar o coñecemento do comportamento dos consumidores no tocante ao uso da enerxía no ámbito residencial, proceso esencial para deseñar políticas que fomenten o uso eficiente da enerxía.

Dentro deste apartado, a Axencia Europea do Ambiente sinala que ao redor do 80% da cidadanía europea vive en áreas urbanas, onde o feito de trasladarse dun lugar a outro

condiciona un incremento enerxético debido ao transporte que, en caso do privado, se leva a cabo por comodidade, a má combinación do servizo público e por necesidades laborais.

*- Sobre o consumo de auga:*

Consoante o informe "O ambiente na Europa. Estado e perspectiva 2010", publicado pola Axencia Europea do Ambiente, a media de litros de auga corrente que utiliza unha persoa por día sitúase entre 100-200, observándose que se foi reducindo o consumo de auga nos lares conforme aumentaba o seu prezo. Por outra banda, moi poucos europeos coñecían as novas estratexias sobre a política de auga que se estaban a deseñar na UE.

En relación a España, o consumo de auga era unha das preocupacións máis importantes, onde un 90% dos lares tomaban algunha medida para aforrar o seu consumo. Por iso, a tarifación do auga, o acceso a dispositivos de aforro deste líquido e unha maior sensibilidade cidadá contribúen a potenciar a eficacia no comportamento consumista dos lares, procurando a cidadanía a necesidade de dispor de maior e mellor información sobre o tema.

*- Sobre a xeración de residuos:*

A xestión deste tipo de produtos sen danar o ambiente tornouse nun dos maiores problemas da sociedade actual, de acordo cos obxectivos do VI Programa de Acción Comunitaria en materia de ambiente. A súa focaxe é adaptar a xestión de residuos á nova realidade europea, creando unha mudanza entre o xeito de conceber os residuos como unha carga indesexábel a entendelaos como un recurso valioso.

A xestión dos residuos iníciase coa prevención, que está ligada cos métodos de produción e coa conscienciación cidadá para que procuren máis produtos ecolóxicos e con menos embalaxes; isto é, consumir produtos que produzan menos residuos.

A política europea sobre residuos ten entre os seus obxectivos asegurar que estes sexan utilizados, na medida do posíbel, como materia prima para fabricar novos produtos, pois a reciclaxe e a recuperación dos materiais son as opcións predominantes na xestión de residuos, ao mesmo tempo que se reduce o uso de lixeiras. Tamén a UE propónse como obxectivo a redución da cantidade de residuos xerados através de novas iniciativas que eviten a súa produción, un mellor uso dos recursos e o fomento de hábitos de consumo máis sustentábeis (a produción media europea cífrase en 524 kg de residuos humanos por ano).

### - Sobre consumo responsable:

Un estudo recente da UE constatou que o 25% da comida comprada para os lares acababa no lixo (só un 11% dos inquiridos afirmou non ter desperdiciado nada).

As reformas políticas encamiñanse a que, nos países da UE, no 2025 se reduza á metade o desperdicio global de alimentos (a UE xera 85 millóns de toneladas, uns 180 kg por persoa de desperdicios de comida, dos cales un 43% proveñen dos lares). A promoción do consumo de alimentos ecolóxicos potenciaise tanto polos seus beneficios como polo menor emprego de fertilizantes artificiais e o uso reducido de pesticidas. Así mesmo, incídese nos beneficios do consumo de alimentos de tempada pola redución dos impactos ambientais relacionados co transporte e a enerxía dedicada á súa manutención (frigoríficos, conxeladores,...).

Un terzo da cidadanía española está en desacordo con comprar estes produtos ecolóxicos a un prezo máis elevado.

## **2. SOBRE A OPINIÓN DA CIDADANÍA VIGUESA**

### **2.1 ENQUISA SOBRE HÁBITOS DE CONSUMO 2012**

O grao de conscienciación é crecente coa idade, pasando do 53,4% nos comprendidos entre 15-34 anos ao 75,2% nos que teñen máis 75.

O maior grao de conscienciación segue a seguinte secuencia: pensionistas (78,8%), persoas que realizan traballos non remunerados (76,8%), desempregados (63,2%), traballadores en activo (60,5%) e estudantes (42,8%).

Por outra banda, a zona urbana, cun 72,4% mostra maior conscienciación que a rural (64,1%) e semiurbana (56,7%).

Dentro dos hábitos de consumo relacionados coa enerxía, o nivel de conscienciación, en orde decrecente, é o seguinte: pechar de radiadores de estancias non utilizadas (78%), control do orzamento enerxético familiar (74%), utilizar os electrodomésticos a plena carga (74%), usar luces de baixo consumo (68%), lavar a roupa en auga fría (63%), ter en conta a etiquetaxe enerxético dos electrodomésticos (38%), utilizar o transporte público nos desprazamentos diarios ao traballo (36%), compartir desprazamentos laborais en vehículo privado (14%).

Sobre os hábitos relacionados co consumo de auga, a conscienciación (de maior a menor) segue a seguinte distribución: uso da ducha en lugar do baño (92%), control do caudal

de auga da billa (89%), seguimento do seu consumo periódico (67%), rega de plantas en horas de menor intensidade solar (46%), eliminar polo sumidoiro produtos tóxicos ou perigosos (41%) e revisión periódica das instalacións de abastecemento e sumidoiro (35%).

Con respecto á xeración de residuos segue a seguinte secuencia: reutilización das bolsas de plástico dos supermercados (96%), separación de residuos en orixe (82%), uso de pilas recargábeis (49%), impresión do papel polas dúas caras (44%), utilización do sistema de recolla de residuos volumosos (44%), evitar a compra de produtos que consomen pilas (28%), entrega de aceites de cocíña a empresas especializadas (27%), evitar a compra de aerosois (28%) e uso de produtos menos embalados (14%).

Dentro dos hábitos de consumo responsábel, por orde decrecente, figuran: control da verdadeira necesidade das compras (77%), adquisición de produtos alimentarios de tempada (65%), uso de produtos reciclados (28%), consumo de produtos que mostren algunha etiqueta ecolóxica (22%), compra preferente de produtos de agricultura e gandaría ecolóxicas (18%), consumo de produtos de limpeza atendendo á simboloxía laranxa que mostran (18%) e compra de produtos certificados como Comercio Xusto (11%).

A seguir son tabulados os hábitos de consumo ambientais que obtiveron un resultado superior ao 66% (suma de frecuencia "sempre" e "case sempre").

	%
Reutiliza as bolsas de plástico que lle dan no supermercado, usándoas como bolsas de lixo, por exemplo?	96
Utiliza ducha en lugar de baño?	92
Pecha a billa da auga mentres se cepilla os dentes e fomenta este hábito entre os membros da súa familia?	89
Separa os residuos en orixe: papel-cartón; vidro; envases e materia orgánica, e depósitaos nos colectores correspondentes?	82
Pecha os radiadores das habitacións non utilizadas ou que teñen demasiada calor?	78
Controla a verdadeira necesidade dos diferentes produtos (alimentos, produtos de limpeza, papel, roupa, cosméticos) que compra?	77
Controla, avalía e compara o orzamento do seu fogar que dedica a enerxía (luz, gas...)?	74
Cando ten que pór unha máquina de lavar roupa ou un lavalouza, espera a ter suficiente roupa ou louza para encher ou utiliza a media carga, se ten a opción?	74
Utiliza luces de baixo consumo na súa casa?	68
Leva a cabo un seguimento do consumo periódico de auga (en m <sup>3</sup> )?	67

O seguinte cadro mostra as prácticas ambientais cuxa suma das frecuencias “case sempre” e “sempre” é inferior ao 34%

	%
Tenta comprar produtos certificados coa marca de comercio xusto?	11
En caso de realizar os desprazamentos laborais en vehículo privado, compárteos con outras persoas?	14
Na hora de realizar a compra, escolle aqueles produtos menos embalados?	14
Evita comprar aerosois?	18
Compra preferentemente produtos procedentes de agricultura e gandería ecolóxicas?	18
Na hora de comprar produtos de limpeza, examina o produto tendo en conta os símbolos laranxa que mostra (tóxico, inflamábel, nocivo,...)?	18
Consume produtos que mostran algún tipo de etiqueta ecolóxica?	22
Entrega os aceites de cociña a empresas especializadas ou lévaos a puntos limpos?	27
Evita, na medida do posíbel, comprar produtos que precisen baterías para o seu funcionamento?	28
Utiliza produtos reciclados?	28

Finalmente, os seguintes cadros mostran os niveis máximos e mínimos da suma das frecuencias “case sempre” e “sempre” en cada unha das preguntas formuladas por zonas, onde *U* é *Zona Urbana*; *SU*, *Zona Semiurbana* e *R*, *Zona Rural*.

## CONSUMO DE ENERXÍA

	%	Máx.	Mín.
Pecha os radiadores das habitacións non utilizadas ou que teñen demasiada calor?	78	88 (SU)	64 (U)
Controla, avalía e compara o orzamento do seu lar que dedica a enerxía (luz, gas...)?	74	78 (U)	62 (R)
Utiliza luces de baixo consumo na súa casa?	68	71 (SU)	59 (R)
Pcando ten que pór unha máquina de lavar roupa ou un lavalouza, espera a ter suficiente roupa ou louza para encher ou utiliza a media carga, se ten a opción?	74	82 (R)	62 (SU)
En xeral, costuma lavar a roupa en auga fría?	63	85 (R)	51 (SU)
Na hora de comprar un electródomeístico, ten en conta o consumo de enerxía e auga para decidirse por un modelo?, Ten en conta a súa etiquetaxe enerxética?	38	50 (R)	22 (SU)
Nos desprazamentos diarios e urbanos que realizan os membros da súa casa por razóns de traballo, utilizan xeralmente o transporte público?	36	53 (SU)	24 (U)
En caso de realizar os desprazamentos laborais en vehículo privado, compárteos con outras persoas?	14	18 (R)	10 (SU)

## CONSUMO DE AGUA

	%	Máx.	Mín.
Leva a cabo un seguimento do consumo periódico de auga (en m <sup>3</sup> )?	67	72 (R)	64 (SU)

Realiza periodicamente unha revisión e manutención da instalación de abastecemento e sumidoiro de auga da súa vivenda?	35	49 (R)	29 (SU)
Pecha a billa da auga mentres se cepilla os dentes e fomenta este hábito entre os membros da súa familia?	89	91 (U)	87 (SU)
Elimina polo sumidoiro ou retrete produtos que son tóxicos ou irritantes como amoníaco o lixivia?	41	54 (R)	40 (SU, U)
Utiliza ducha en lugar de baño?	92	93 (SU)	91 (U, R)
Rega as plantas e o xardín nas horas de menor intensidade de sol?	46	54 (R)	42 (U)

## XERACIÓN DE RESIDUOS

	%	Máx.	Mín.
Separa os residuos en orixe: papel-cartón; vidro; envases e materia orgánica, e depósitaos nos colectores correspondentes?	82	83 (SU)	76 (R)
Utiliza o sistema de recolla selectiva municipal para os residuos volumosos (colchóns, mobles, electrodomésticos...)?	44	49 (R)	43 (U, SU)
Utiliza baterías recargábeis?	49	51 (SU)	33 (R)
Evita, na medida do posíbel, comprar produtos que precisen baterías para o seu funcionamento?	28	30 (U)	25 (R)
Na hora de realizar a compra, escolle aqueles produtos menos embalados?	14	16 (SU)	11 (R)
Entrega os aceites de cociña a empresas especializadas ou lévaos a puntos limpos?	27	33 (SU)	23 (U)
Evita comprar aerosois?	18	20 (U)	15 (R)
Imprime polas dúas caras a fin de aforrar consumo de papel?	44	47 (SU)	33 (R)
Reutiliza as bolsas de plástico que lle dan no supermercado, usándoas como bolsas de lixo, por exemplo?	96	96 (R, U)	95 (SU)

## CONSUMO RESPONSÁBEL

	%	Máx.	Mín.
Controla a verdadeira necesidade dos diferentes produtos (alimentos, produtos de limpeza, papel, roupa, cosméticos) que compra?	77	82 (R)	74 (SU)
Tenta comprar os produtos alimenticios (verdura, peixe, frutas) de temporada?	65	79 (R)	59 (U)
Consome produtos que mostran algún tipo de etiqueta ecolóxica?	22	25 (R)	22 (U)
Utiliza produtos reciclados?	28	29 (SU, U)	20 (R)
Compra preferentemente produtos procedentes de agricultura e gandería ecolóxicas?	18	21 (SU)	15 (U)
Tenta comprar produtos certificados coa marca de comercio xusto?	11	12 (U)	10 (R, SU)
Na hora de comprar produtos de limpeza, examina o produto tendo en conta os símbolos laranxa que mostra (tóxico, inflamable, nocivo,...)?	18	19 (SU)	16 (U)

## 2.2 COMPARATIVA ENQUISA HÁBITOS DE CONSUMO 2012 - 2007

### A) Grao de conscienciación

En case seis anos (desde abril/maio de 2007 a novembro/décembro de 2012) duplicouse o nivel de conscienciación ambiental, pasando do 33,1% ao 65,8%, tal como se pode comprobar no seguinte cadro:

	Nada	Pouco	Bastante	Moito
2007	1,9	65,0	32,7	0,3
2012	1,5	32,7	61,3	4,5

Por zonas, no ano 2007 a rural era a única zona en que a maioría da poboación era bastante ou moi conscienciada (53,5%), contra a urbana (28,7%) e semiurbana (32,1%). A enquisa de 2012 mostra que a poboación máis conscienciada é a urbana (72,4%), seguida pola rural (64,1%) e semiurbana (56,7%).

A seguinte tabela mostra as mudanzas experimentadas no grao de conscienciación ambiental da poboación viguesa:

Zona	Ano	Nada	Pouco	Bastante	Moito
Urbana	2007	2,5	68,8	28,7	0,0
	2012	0,9	26,7	65,2	7,2
Semiurbana	2007	1,5	66,4	31,7	0,4
	2012	2,0	41,3	55,8	0,9
Rural	2007	0,6	45,9	51,7	1,8
	2012	2,8	33,1	60,8	3,3

O grao de conscienciación ambiental no ano 2007 era semellante por xénero, (33,2% y 33,0% para homes e mulleres, respectivamente). En 2012 produciuse unha variación, sendo maior a experimentada polas mulleres (68,4%) que polos primeiros (63,0%).

Xénero	Ano	Nada	Pouco	Bastante	Moito
Muller	2007	1,2	65,8	32,6	0,4
	2012	1,2	30,5	63,4	5,0
Home	2007	2,7	64,1	32,9	0,3
	2012	1,9	35,1	59,1	3,9

Na enquisa realizada en 2007 os grupos con menos idade eran os máis conscienciados (37,5% no caso dos que tiñan menos de 35 anos e 37,2% nos comprendidos entre 35-54 anos). Ao contrario, os resultados da enquisa de 2012 mostran unha conscienciación crecente coa idade, pasando do 53,4% nos que teñen menos de 35 aos ao 75,2% dos que superan os 75, tal como mostra o seguinte cadro:



Idade	Ano	Nada	Pouco	Bastante	Moito
15-34	2007	1,1	61,4	37,3	0,2
	2012	1,7	44,8	51,7	1,7
35-54	2007	1,6	61,2	36,7	0,5
	2012	1,1	31,0	62,1	5,8
55-74	2007	1,3	74,2	23,8	0,7
	2012	2,5	22,8	69,6	5,1
≥75	2007	8,8	69,6	21,6	0,0
	2012	0,0	24,8	68,6	6,6

## B) Estudo de frecuencias no seguimento das prácticas ambientais

### Consumo de enerxía

No período avaliado prodúcese un incremento no seguimento de 6 das 8 prácticas ambientais analizadas, sendo o principal o experimentado polo uso doméstico de luces de baixo consumo (incremento do 91,9%). A maior distancia áchanse os incrementos producidos no parámetro pechar os radiadores das estancias non utilizadas ou que teñen demasiada calor (+48,1%), controlo e avaliación do orzamento doméstico dedicado á enerxía (+38,2%) ou uso do transporte público nos desprazamentos diarios urbanos (+25,8%). Igualmente, o uso dos electrodomésticos a media carga (+13,3%) ou a lavaxe da roupa en auga fría (+7,1%).

Ao contrario, diminúe o seguimento de prácticas ambientais como o uso do coche compartido nos desprazamentos ao traballo (-21,7%) e a consideración da etiquetaxe enerxética na compra dos electrodomésticos (-20,9%).

### Consumo de auga

Neste bloque temático prodúcese un incremento na extensión de 5 das 6 boas prácticas ambientais analizadas.

O maior incremento correspóndense ao seguimento periódico no consumo de auga (+86,5%). Logo a seguir sitúanse a revisión e manutención periódica da instalación de abastecemento e sumidoiro da auga (+52,0%), o uso da ducha en vez do baño (+39,4%) e interrupción no consumo de auga mentres se cepillan os dentes (+38,5%). O incremento experimentado pola rega das plantas e xardíns nas horas de menor intensidade de sol foi do 4,6%.

Porén, o incremento do 76% na variábel “eliminación polo sumidoiro ou retrete de produtos tóxicos ou irritantes” é un aspecto negativo.

## Xeración de residuos

Neste bloque temático produciuse unha diminución en 5 dos 9 parámetros analizados. O maior descenso tivo lugar na práctica de evitar a compra de aerosois (-48,7%), na escolla dos produtos menos embalados na hora da compra (-31,8%) e no uso do sistema de recolla selectiva municipal para os residuos volumosos (-26,6%). Menor foi a diminución na práctica de imprimir polas dúas caras a fin de aforrar papel (-10%) ou evitar a compra de produtos que precisen pilas para o seu funcionamento (-3,3%).

Os incrementos máis importantes no seguimento de boas prácticas ambientais producíronse na entrega de aceites de cociña a empresas especializadas ou en puntos limpos (+222,2%), a separación de residuos en orixe (+49,1%) e o uso de pilas recargábeis (+48,5%). A maior distancia, o producido na reutilización das bolsas de plástico obtidas nos supermercados (+11,6%).

## Consumo responsable

Cinco das sete prácticas ambientais analizadas experimentaron un incremento neste período. Entre elas, os maiores incrementos producíronse no uso de produtos reciclados (+61,1%) ou no consumo de produtos que mostran algún tipo de etiqueta ecolóxica (+60%). A maior distancia, a compra de produtos procedentes da agricultura e/ou gandaría ecolóxica (+26,7%), o control da verdadeira necesidade dos diferentes produtos que se consomen diariamente (+23,8%) e tentar comprar produtos alimenticios de temporada (+13,6%).

Ao contrario, experimentaron unha diminución as seguintes prácticas ambientais: reparar na simboloxía laranxa dos produtos de limpeza (-58,7%) e a compra de produtos certificados coa marca de comercio xusto (-14,3%).

## 2.3 COMPARACIÓN VIGO - ESPAÑA

Parámetros nos que a media viguesa supera á española (%):

	Vigo	España
Utilización sempre de luces de baixo consumo no domicilio particular	37	16
Reparar sempre na eficiencia enerxética na compra de electrodomésticos (18% na UE)	27	12
Separación de residuos en orixe (27% con frecuencia e 55% sempre en Vigo)	82	75
Entrega de aceites de cociña a empresas especializadas ou puntos limpos (14% en Galicia)	27	24

Consumo de produtos que exhiben algún tipo de etiqueta ecolóxica	22	19
Adopción de medidas de control do caudal nas billas de auga	67	31

**Parámetros nos que a media española supera á viguesa (%):**

	Vigo	España
Non pechar os radiadores das estancias aínda que non se utilicen	6	9
Emprego de electrodomésticos (lavadoras ou lavalouza) a plena carga	74	82
Uso de sistemas de recollida selectiva municipal para residuos volumosos (electrodomésticos, colchóns, computadores,...)	44	66
Consumo de produtos procedentes da agricultura ou gandería ecolóxica (72% na Europa)	53	60



## ANEXOS

### A1. CUESTIONARIO APLICADO

CÓDIGO ENQUIISA (FAC. POLO PROGRAMA)							
DISTRITO		SEXO				HOME	MULLER
IDADE	15-19	20-24	25-29	30-34	35-39	40-44	45-49
	50-54	55-59	60-64	65-69	70-74	75-79	80-99

SITUACIÓN LABORAL	Estudiante	Desempregado	Traballo non remunera- do (ama de casa...)	Traballador/a en activo	Pensionista
-------------------	------------	--------------	---	----------------------------	-------------

### CONSUMO DE ENERXÍA

	NUNCA	ÁS VECES	CASE SEMPRE	SEMPRE	NS/NR
P1.- Pecha os radiadores das habitacións non utilizadas ou que teñen demasiada calor?					
P2.- Controla, avalía e compara o orzamento do seu fogar que dedica a enerxía (luz, gas...)?					
P3.- Utiliza luces de baixo consumo na súa casa?					
P4.- Cando ten que pór unha lavadora ou un lava-louza, espera a ter suficiente roupa ou louza para encher ou utiliza a media carga, se ten a opción?					
P5.- En xeral, soe lavar a roupa en auga fría?					
P6.- Á hora de comprar un electrodoméstico, ten en conta o consumo de enerxía e auga para decidirse por un modelo?, Ten en conta a súa etiquetaxe energética?					
P7.- Nos desprazamentos diarios e urbanos que realizan os membros da súa casa por razóns de traballo, utilizan xeralmente o transporte público?					
P8.- En caso de realizar os desprazamentos laborais en vehículo privado, compárteo con outras persoas?					

## CONSUMO DE AGUA

	NUNCA	ÁS VECES	CASE SEMPRE	SEMPRE	NS/NR
P9.- Leva a cabo un seguimento do consumo periódico de auga (en m <sup>3</sup> )?					
P10.- Realiza periodicamente unha revisión e mantemento da instalación de abastecemento e sumidoiro de auga da súa vivenda?					
P11.- Pecha a billa da auga mentres se cepilla os dentes e fomenta este hábito entre os membros da súa familia?					
P12.- Elimina polo sumidoiro ou wc produtos que son tóxicos ou irritantes como amoníaco o lixivia?					
P13.- Utiliza ducha en lugar de baño?					
P14.- Rega as plantas e o xardín nas horas de menor intensidade de sol?					

## XERACIÓN DE RESIDUOS

	NUNCA	ÁS VECES	CASE SEMPRE	SEMPRE	NS/NR
P15.- Separa os residuos en orixe: papel-cartón; vidro; envases e materia orgánica, e deposítaos nos colectores correspondentes?					
P16.- Utiliza o sistema de recollida selectiva municipal para os residuos volumosos (colchóns, mobles, electrodomésticos...)?					
P17.- Utiliza pilas recargábeis?					
P18.- Evita, na medida do posíbel, comprar produtos que necesiten pilas para o seu funcionamento?					
P19.- Na hora de realizar a compra, escolle aqueles produtos menos embalados?					
P20.- Entrega os aceites de cociña a empresas especializadas ou lévaos a puntos limpos?					
P21.- Evita comprar aerosoles?					
P22.- Imprime polas dúas caras a fin de aforrar consumo de papel?					

P23.- Reutiliza as bolsas de plástico que lle dan no supermercado, usándoas como bolsas de lixo, por exemplo?					
---	--	--	--	--	--

### CONSUMO RESPONSÁBEL

	NUNCA	ÁS VECES	CASE SEMPRE	SEMPRE	NS/NR
P24.- Controla a verdadeira necesidade dos diferentes produtos (alimentos, produtos de limpeza, papel, roupa, cosméticos) que compra?					
P25.- Tenta comprar os produtos alimenticios (verdura, pescado, frutas) de temporada?					
P26.- Consume produtos que exhiben algún tipo de etiqueta ecolóxica?					
P27.- Utiliza produtos reciclados?					
P28.- Compra preferentemente produtos procedentes de agricultura e gandería ecolóxicas?					
P29.- Tenta comprar produtos certificados coa marca de comercio xusto?					
P30.- Á hora de comprar produtos de limpeza, examina o produto tendo en conta os símbolos laranxa que exhibe (tóxico, inflamábel, nocivo,...)?					

## A2. DIVISIÓN DO MUNICIPIO DE VIGO EN ZONAS E DISTRITOS

A partir dos diferentes barrios e parroquias, o Municipio de Vigo está configurado polos seguintes Distritos:

Distrito 1: AREAL, BARRIO DO CURA, BERBÉS, CENTRO, CÍES, ESTACIÓN, FERRARÍA, GARCÍA OLLOQUI, SANTIAGO DE VIGO.

Distrito 2: A ROLA, AREOSA, CASABLANCA, FÁTIMA, FERNANDO O CATÓLICO, MARÍA BERDIALES, O CASTRO, PRAZA DE ESPAÑA, RAVISO, RIBADAVIA, SAN ROQUE.

Distrito 3: BARCELONA, BEIRAMAR, CAMELIAS, HISPANIDADE, INDEPENDENCIA, INDUSTRIA, PENICHE, PICACHO, POVISA, PRAZA DE ESPAÑA, REQUEIRO, SEARA, TRAVESAS.

Distrito 4: BALAÍDOS, BOUZAS, COIA, ESPEDRIGADA.

Distrito 5: CASTRELOS Y SÁRDOMA.

Distrito 6: TEIS.

Distrito 7: CABRAL, CANDEÁN Y LAVADORES.

Distrito 8: BEADE, BEMBRIVE, MATAMÁ, VALADARES Y ZAMÁNS.

Distrito 9: ALCABRE, COMESAÑA, CORUXO, NAVIA, OIA Y SAIÁNS.

Distribución da poboación dos distritos de Vigo (1/1/2010):

Distrito	Poboación
1	20816
2	34308
3	43815
4	52384
5	16273
6	39199
7	59540
8	20087
9	22666
TOTAL	299088




Tomando como base estes nove distritos da cidade, poderían determinarse tres zonas para o municipio:

Zona urbana: Distritos 1, 2, 3 e 4.

Zona semiurbana: Distritos 5, 6 e 7.

Zona rural: Distritos 8 e 9.



## BIBLIOGRAFÍA

- Valedor do Cidadán (2007). Hábitos de consumo sobre enerxía, auga, xeración de residuos e produtos que fomentan a sustentabilidade da cidadanía viguesa. L. Espada Recarey.  
Disponíbel en: [http://hoxe.vigo.org/pdf/valedorcidadan/AO\\_9.pdf](http://hoxe.vigo.org/pdf/valedorcidadan/AO_9.pdf)
- AEMA (2007). O ambiente en Europa, cuarta avaliación. Escritorio de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas.  
Disponíbel en: [http://www.eea.europa.eu/es/publications/state\\_of\\_environment\\_report\\_2007\\_1](http://www.eea.europa.eu/es/publications/state_of_environment_report_2007_1)
- AEMA (2010). O ambiente na Europa: Estado e perspectivas 2010 - Síntese. Copeñaga: Axencia Europea do Ambiente.  
Disponíbel en: <http://www.eea.europa.eu/soer/synthesis/translations/el-medio-ambiente-en-europa>
- AEMA (2012). Consumption and the environment – 2012 update. The European environment – state and outlook 2010 (SOER 2010). Copeñaga: Axencia Europea do Ambiente.  
Disponíbel en: <http://www.eea.europa.eu/publications/consumption-and-the-environment-2012/>
- Base de datos ODYSSEE (2012). Indicadores europeos de eficiencia enerxética.  
Disponíbel en: [www.odyssee-indicators.org/](http://www.odyssee-indicators.org/)
- BIO Intelligence Service (2012). Policies to encourage sustainable consumption. Informe final preparado para a Comisión Europea (DG ENV).  
Disponíbel en: [http://ec.europa.eu/environment/eussd/pdf/report\\_22082012.pdf](http://ec.europa.eu/environment/eussd/pdf/report_22082012.pdf)
- BIPRO (2012). Screening of waste management performance of EU Member States. Informe realizado dentro do proxecto da Comisión Europea "Support to Member States in improving waste management based on assessment of Member States' performance". Informe preparado para a Comisión Europea, DG ENV, xullo 2012.  
Disponíbel en: [http://ec.europa.eu/environment/waste/studies/pdf/Screening\\_report.pdf](http://ec.europa.eu/environment/waste/studies/pdf/Screening_report.pdf)
- Comisión Europea (2008). Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións, de 25 de xuño de 2008, relativa ao Plano de Acción sobre Consumo e Produción Sustentábeis e unha Política Industrial Sustentábel. Bruxelas: Comisión das Comunidades Europeas.  
Disponíbel en: <http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=CELEX:52008DC0397:ES:NOT>

- **Comisión Europea (2009). Flash Eurobarómetro FL256. Europeans' attitudes towards the issue of sustainable consumption and production. Analytical report. Bruxelas: Dirección Xeral do Ambiente.**  
Disponíbel en: [http://ec.europa.eu/public\\_opinion/flash/fl\\_256\\_en.pdf](http://ec.europa.eu/public_opinion/flash/fl_256_en.pdf)
- **Comisión Europea (2010). Being wise with waste: the EU's approach to waste Management. Luxemburgo: Escritorio de Publicacións da Unión Europea.**  
Disponíbel en: <http://ec.europa.eu/environment/waste/pdf/WASTE%20BROCHURE.pdf>
- **Comisión Europea (2011). Desenvolvemento sustentábel na Unión Europea. Informe de seguimento de 2011 sobre a Estratexia de Desenvolvemento Sustentábel da UE. Resumo executivo. Bruxelas: Eurostat.**  
Disponíbel en: [http://epp.eurostat.ec.europa.eu/cache/ITY\\_OFFPUB/224-ES/ES/224-ES-ES.PDF](http://epp.eurostat.ec.europa.eu/cache/ITY_OFFPUB/224-ES/ES/224-ES-ES.PDF)
- **Comisión Europea (2011). Special Eurobarometer 365. Attitudes of European citizens towards the environment. Provisional summary. Bruxelas: Dirección Xeral do Ambiente.**  
Disponíbel en: [http://ec.europa.eu/environment/pdf/ebs\\_365\\_en.pdf](http://ec.europa.eu/environment/pdf/ebs_365_en.pdf)
- **Comisión Europea (2011). Flash Eurobarometer 316. Attitudes of Europeans towards resource efficiency. Bruxelas: Dirección Xeral do Ambiente.**  
Disponíbel en: [http://ec.europa.eu/environment/pubs/pdf/eurobarometer/FL316%20Analytical%20Report\\_180311.pdf](http://ec.europa.eu/environment/pubs/pdf/eurobarometer/FL316%20Analytical%20Report_180311.pdf)
- **Comisión Europea (2012). Flash Eurobarómetro 344. Actitudes dos europeos sobre a auga - temas relacionados. Bruxelas: Dirección Xeral do Ambiente.**  
Disponíbel en: [http://ec.europa.eu/environment/pdf/fl\\_344\\_sum\\_en.pdf](http://ec.europa.eu/environment/pdf/fl_344_sum_en.pdf)
- **Ecorys (2011). Mid-term Evaluation of the Sustainable Consumption and Production and Sustainable Industrial Policy Action Plan. Technical Report - 2011 - 053. Rotterdam: Comisión Europea - DG do Ambiente.**  
Disponíbel en: <http://ec.europa.eu/environment/eussd/pdf/14.%20SCPSIP%20AP%20Mid%20Term%20-%20Final%20Report.pdf>
- **Fischer, C., Claus Davidsen (2010). Europe as a Recycling Society. The European Recycling Map. Copeñaga: European Topic Centre on Sustainable Consumption and Production para a Axencia Europea do Ambiente.**  
Disponíbel en: [http://scp.eionet.europa.eu/publications/WP2010\\_5\\_The%20European%20Recycling%20Map/wp/WP2010\\_5](http://scp.eionet.europa.eu/publications/WP2010_5_The%20European%20Recycling%20Map/wp/WP2010_5)

- IDAE (2012). Energy Efficiency Policies and Measures in Spain. Odyssee - Mure 2010. Monitoring of EU and national energy efficiency targets. Madrid: IDAE  
Disponível em: [http://www.odyssee-indicators.org/publications/PDF/spain\\_nr.pdf](http://www.odyssee-indicators.org/publications/PDF/spain_nr.pdf)
- Instituto Nacional de Estadística (INE) (2008). Encuesta de Hogares y Medio Ambiente. Año 2008. Madrid: INE.  
Disponível em: <http://www.ine.es/jaxi/menu.do?L=0&type=pcaxis&path=%2Ft25%2Fp500&file=inebase>
- Naciones Unidas (2010). Trends in sustainable development: Towards Sustainable Consumption and Production. Nova Iorque: Naciones Unidas
- OCDE (2008). Promoting Sustainable Consumption: good practices in OECD countries. OCDE.  
Disponível em: <http://www.oecd.org/greengrowth/40317373.pdf>
- OCDE (2011). Greening Household Behaviour: The Role of Public Policy. OCDE.  
Disponível em: <http://www.oecd.org/sweden/greeninghouseholdbehaviourtheroleofpublicpolicy.htm>



